Public diaze 30

A NOSA TERRA

O documento de financiación da Xunta non coincide coas propostas de Orza no parlamento — 7

O PP oponse a difundir masivamente a obra de Castelao — 7

Nora Cortiñas: "Garzón pode deixar en papel mollado as amnistias aos militares arxentinos" — 9

O comércio de Pontevedra anúncia folga para os dias 19, 27 e 29 de Setembro — 13

PP e PSOE consensuan a integración militar na OTAN despreciando o referendum — 15

12 DE SETEMBRO • 1996 • ANO XIX — PERIÓDICO GALEGO SEMANAL — Nº 743 • 200 PTA

As solicitudes multiplican por 15 as prazas ofertadas e eliminároнse 645 postos respeito ao ano pasado

Universidade, acceso limitado

As ofertas nas titulacións con numerus clausus disminuen; o número de solicitudes chega a multiplicarse por 15; dos 128 centros universitários, 113 teñen acceso limitado; nos últimos 15 anos as taxas universitárias teñen subido nun 450%; as bolsas só chegan para o 5% dos matriculados e os alumnos galegos teñen un tércio menos de orzamento que no resto do Estado. Esten son alguns dados que ilustran, a comezo de curso, a outra selectividade que existe nas Universidades galegas.

Celta-Deportivo, un derbi con estrelas de importación

"Este derbi ten máis de brasileiro que de galego", dicia unha afeizoado rindo antes de entrar en Balaídos o Domingo 8 de Setembro mentres esperaba diante das portas. Eran moitos os que ao ser interrogados pola auséncia de galegos no Celta-Deportivo (1-1), respostaban que a competitividade entre as equipas e a senténcia do caso Bossman ian perxudicar á canteira. Coa marcha de Vicente e a cesión de Carlos, non xoga nengun galego no Celta. Toshack, pola sua parte, fixo frente aos comentários dando xogo a catro galegos: Fran, titular, Viqueira, David e Deus, do que dixo que tiña un grande futuro no fútbol. Miles de millóns nas novas fichaxes internacionais para os que este derbi foi a primeira toma de contacto co país. **(Páx. 14)**

Voltan as mobilizacións agrárias. Os gandeiros galegos saben que o único xeito de non pagar a supertaxa e salvar o sector é con fortes protestas. Agora están estudar se ir primeiro a Madrid ou sacar os tractores. A unidade de productores e empresas semella imprescindíbel para lograr doblegar ao governo como xa ocorreu en ocasións precedentes. A ministra Loyola del Palacio, segundo lle contestou ao BNG no Parlamento en Madrid, está de acordo coa exposición dos nacionalistas, pero segue afirmando que hai que pagar a multa. Fraga, pretende aprazar o pago da cuota máis alá das eleicións autonómicas, mentres no PP hai un forte descontento interno, puidendo comezar unha sublevación semellante á da ESO, por considerar que existe unha clara claudicación ante Madrid que lesiona os intereses económicos directos de moitos dirixentes.

A. IGLESIAS

BABE, O PORQUIÑO VALENTE
Dick King-Smith

Un fermoso e divertido conto que engaiolou ós nenos de todo o mundo.
Traducción de Álvaro de Prado.
Ilustracións de Manuel Uhía.

AS ÁS DE XENOVEVA
Uxía Casal

A historia dunha simpática galiña que non se resigna a pasar a vida pechada no galiñeiro
Ilustracións de Manuel Uhía.

galaxia

As festas tradicionais quedan sen xente por non renovarse a tempo

As festas tradicionais sofriron un forte cámbio de hai cuarenta anos para acó. A aparición das orquestras e das verbenas, antes proibidas polo franquismo, foi parella aos cámbios sociais. A fins de século a sociedade galega evoluiu existindo novos xeitos de diversión para a xuventude, mais as festas seguen realízándose miméticamente. Alguns dos intentos de renovación tamén fracasan por descoñecimento da realidade ou por incluir modas importadas. **(Páx. 21)**

Fraga, o recadeiro

Fraga Iribarne reeditou ou seu *maratón ministerial* en Madrid para trasladar á opinión pública galega a idea de que non só está en plena forma física senón que non fracasou a sua política. Mais, na vez de oficiar como Presidente galego, demandando as necesidades da nosa nación, ainda que moitas non as puidese conseguir, convértese en portavoz para Galiza do Governo central, asumindo plenamente a sua política e apresentando como logros, nun pinchacarneiros informativo, o que só son claudicacións. Fraga, privado de poder estatal, segue a ter a cabeza no Estado, convertíndose en recadeiro de Aznar. A viaxe, xa se sabia desde un comezo, non podia ser outra cousa que unha campaña de imaxe. O xefe de prensa dun ministério comentaba asi a visita: "Fraga nunca escoita; chega, fai unha análise da situación, realiza as propostas, dá as respostas, marcha e, despois, contalle á prensa as suas impresións". De ministério en ministério volta a sentir a sensación de andar por Madrid a chifrido de serea. Tempos, tempos. ♦

A NOSA TERRA

Empresa Xornalística Editora:
Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración:
PRESIDENTE: Cesáreo Sánchez Iglesias.
VICEPRESIDENTE: Xaquín Acosta.
CONSELLEIRO DELEGADO: Xosé Fernández Puga.
VOGAIS: Alberte Ansede, Xosé Mª Dobarro, Manuel Dios, Manuel Veiga, Xosé Castro Ratón, Manuel Portas e Xan Costa.
SECRETARIO: Xan Piñeiro.

Director:
Alfonso Eiré López

Redacción:
Gustavo Luca de Tena, Xan Carballa, Manuel Veiga, Horácio Vixande, Arantxa Estévez, Carme Vidal, Paula Castro.
FOTOGRAFIA: Anxo Iglesias
EDICIONS ESPECIAIS: Xosé Enrique Acuña.
DESEÑO GRAFICO: Xoselo Taboada.

Colaboradores:
PESCA: Severino Xestoso.
SANIDADE: Maria Alonso.
AGRO: Xoán C. Garrido.
DEPORTES: Rodolfo Dacuña.
MADRID: Manuel Seoane.
BARCELONA: Iria Varela.
PORTUGAL: Gonçalo Nuno.
CULTURA: Xoán M Estévez, Celso López Pazos, Manuel Vilar, Lupe Gómez, Óscar Losada, Gonzalo Vilas, Xosé M. Eiré Val, Xesus González Gómez.
LECER: Iago Luca

Fotografía:
Andrés Panaro. Xosé Marra, *Voz Noticias*.

Ilustración:
Xosé Lois, Pepe Carreiro, Calros Silvar, Gonzalo Vilas.

Publicidade:
Carlos Martínez Muñoz

Xefa de Administración:
Blanca Costas

Subscripcións:
Lola Fernández Puga

Vendas:
Xosé M. Fdez. Abraldes

Redacción e Administración:
Rua do Príncipe 22, baixo. 36202 Vigo
Apartado 1371. 36200 Vigo

Teléfonos:
REDACCION: (986) 43 38 86 - 22 24 05
Fax (986) 22 31 01
ADMINISTRACION. SUBSCRIPCIONS E PUBLICIDADE: (986) 43 38 30*

Imprenta:
E.C. C-3 1958

Depósito Legal:
C-963-1977

ISSN:
0213-3105

Non se mantén correspondéncia sobre orixinais non solicitados.

Está permitida a reproducción sempre que se citar procedéncia.

Máis da metade dos estudantes que solicitan titulacións con límite de prazas non poden estudar o que queren

Os *numerus clausus*, a segunda selectividade

MÓNICA CURRÁS - PAULA BERGANTIÑOS

O curso académico 96-97 inaugúrase cunha xeralizada diminución da oferta nas titulacións con *numerus clausus*, que se materializa na desaparición de 642 prazas. O número de solicitudes chega a multiplicar por 15 o número de prazas ofertadas polos centros. Dos 128 centros cos que conta o sistema universitário galego 113 teñen aceso limitado.



A. PANARO

Aprobar selectividade non é suficiente. A entrada á universidade a través do critério de *numerus clausus* fai cada vez máis necesário dispor dunha boa média para poder competir pola praza desexada. Faculdades como Filoloxia Inglesa na Universidade de Santiago de Compostela (USC) súmanse este ano á lista de titulacións que ofertan un número de prazas limitado. Son os *numerus clausus* os que fan case inacesíbeis titulacións como Mediciña, Fisioterápia ou Ciéncias da Información. A dificuldade para entrar na titulación desexada agrávase no curso 96-97 coa redución de prazas fixada para a maioria das escolas e faculdades.

> **A** un mes do comezo do curso escolar 23 titulacións teñen pechadas as listas.

Antes de apresentarse á proba de selectividade o alumno vese obrigado a cubrir unha preinscrición de matrícula na que estabelece as suas preferéncias. Pasarán como mínimo dous meses até que saiba se a sua média académica e dabondo elevada como para poder entrar na primeira opción solicitada. No pasado ano máis da metade dos alumnos que pediron titulacións con límite de prazas, non conseguiron entrar no centro desexado. En total, 6.115 acabaron matriculados en carreiras que tiñan entre a segunda, terceira ou as restantes preferéncias.

As notas requeridas en cursos pasados provocan que moitos estudantes renúncien desde un primeiro momento a solicitar sequer a matriculación en determinados centros ou faculdades. Segundo o vicepresidente da Comisión Interuniversitária Galega, Alexandre Pazos, "eles mesmos se autorregulan". Por iso as listas que dan conta do número de peticións por titulación han tomarse como mostras reducidas da verdadeira demanda. O caso de Ciencias da Información ilustra á perfeición isto. Das arredor de 2.000 persoas que hai cinco anos se desputaron as cen prazas da primeira promoción, pasouse ás 644 que a solicitaron como primeira preferéncia o ano pasado. Ainda así, as listas seguen a amosar un desfase entre oferta e demanda. É o caso de titulacións como Fisioterápia que con só 60 prazas que oferta para toda Galiza, foi solicitada por máis de mil estudantes.

Co *numerus clausus* preténdese restrinxir o número de persoas matriculadas en función dos recursos cos que contan os centros. Pero moitas das organizacións estudiantis manifestan o seu rexeitamento a este filtro de entrada. "A limitación de prazas é unha solución fácil ao poblema da masificación que impide a libre eleición do ensino —explica Luisa González, membro do Consello Nacional dos Comités Abertos de Faculdade (CAF) e do Claustro da USC. Máis que un problema de falla de recursos económicos estamos a falar da necesidade de duns bons critérios de distribución por parte das autoridades educativas".

> **N**a Universidade de Santiago trece titulación con *numerus clausus* reducen prazas con respeito ás do ano pasado.

Cincocentos alumnos menos

Este ano elimínanse 642 prazas a repeito das ofertadas polo Sistema Universitário galego o curso pasado. A Universidade de Vigo é a que diminue máis a oferta: nove titulacións do campus de Ourense e oito no de Vigo, que supoñen un total de 239 alumnos menos en primeiro curso. Destaca o caso das licenciaturas de Económicas, Empresariais e Enxeñeria Técnica Industrial que reducen, cada unha, 25 prazas. Só duas titulacións, as Enxeñerias Industrial e de Minas, aumentan as prazas. Ainda así a cifra non é significativa. Dan entrada a só dez alumnos máis cada unha.

Entre os campus ferrolán e o coruñés, na Universidade da Coruña entrarán 196 alumnos menos que o ano pasado. E a cifra média non sobrepasa os douscentos porque hai unha titulación, a Diplomatura en Relacións Labo-

Pasa á páxina seguinte

Ven da páxina anterior

rais, que amplía en 33 o seu límite de matriculados no primeiro curso. As reducións máis significativas dánse nas duas titulacións de Arquitectura, precisamente unha das máis demandadas. Así, en Arquitectura Técnica elimínanse 56 prazas e na outra, que o curso pasado chegou a ter máis de cincocentas solicitudes só en primeira preferéncia, elimínanse 23. No campus de Ferrol a renovación do plano académico vai ainda máis alá. A tradicional Enxeñeria Técnica Industrial pasa a impartirse en duas titulacións distintas: a referente á electricidade e a relativa á electrónica industrial. Pero entre estas duas especialidades, demandadas o ano pasado por catrocentas sesenta e oito persoas, a oferta é só de 200 prazas, fronte ás trescentas da antiga carreira.


A. IGLESIAS

Na Universidade de Santiago trece titulacións con *numerus clausus* reducen prazas con respeito ás do ano pasado. Veterinária e Enxeñeria Técnica en Explotacións Forestais, no campus de Lugo, e Bioloxía, Medicíña e Química, no de Santiago, son algunhas das afectadas. En total 174 alumnos menos fronte aos 35 que aumentan entre Física e Matemáticas; carreiras que, por outra banda, non se caracterízan por unha excesiva demanda. Neste senso enténdese a redución de Mediciña como un caso con agravante, xa que se eliminan dez prazas nunha titulación que xa viña tendo unha demanda que multiplicaba por sete a sua capacidade. Pero o aceso á universidade de Compostela non se ve dificultado só por estas reducións. O estabelecimento dos *numerus clausus* en Filoloxia Inglesa, carreira sempre con prazas ilimitadas, pode ter consecuéncias máis graves.

Todas estas restricións que engade o novo ano académico semellan ir cara unha mesma dirección: a aplicación dunha política de control e freo á ampla demanda universitária dos últimos anos. As consecuéncias materializanse en listas de espera que multiplican até por quince, caso de Fisioterápia, o numero de prazas ofertadas. Asi, dispor dunha média que se achegue ao sete convértese en condición indispensábel para poder aceder a moitas destas titulacións. A un mes do comezo do curso escolar 23 titulacións teñen pechadas as listas.♦

> Entre os campus ferrolán e o coruñés, na Universidade da Coruña entrarán 196 alumnos menos que o ano pasado.

En Santiago a entrada de capital privado supera xa as recomendacións da OCDE

Nos últimos 15 anos as taxas universitárias teñen subido arredor dun 450%

O financiamento das universidades galegas depende fundamentalmente das taxas de matrícula e do Plano de Financiamento do Sistema Universitário Galego, aprobado polo Parlamento. Os parámetros para a concesión de subvencións públicas através deste Plano son o número de alumno aos que se prevé dar acollida e o de centros nos que escolarizalos. Mais os dados do pasado curso confirman o desfase que existe entre as previsións de alumnos iniciais e o posterior número de matrículas reais. As universidades de Santiago e a da Coruña, por exemplo, superaron en máis de 8.000 e 6.000 alumnos, respeitivamente, o número de matriculación previsto. Actualmente os tres reitores cifran en nove mil millóns a débeda que a Administración ten coa Universidade.

No futuro as universidades terán que negociar ano por ano coa Administración as suas necesidades, sen que exista, como até o de agora, unha planificación plurianual. A proposta deste modelo anual topou desde o seu anúncio co rexeitamento dos tres reitores e da oposición parlamentária. Segundo eles o sistema de planos plurianuais permite prever con anterioridade os recursos dos que se vai dispor, condición indispensábel de cara a implantar novas titulacións, construir centros ou contratar novo profesorado.

Os reitores manteñen que é necesário coñecer os orzamentos para poder elaborar as programacións dos vindeiros anos. Pero a proposta elaborada polo BNG na que se solicitaba a presentación no Parlamento, para o debate e aprobación, dun novo plano de financiamento plurinual que permitise consolidar o sistema universitário galego e mellorar o seu nivel de calidade, foi rexeitada polo Partido Popular.

A selectividade económica

A progresiva privatización do sistema universitário, através da suba das taxas, froito da falla de previsión nos orzamentos públicos poderia ser unha das consecuéncias do finaciamento ano a ano. A suba dos prezos de matrícula nun 5% fronte ao 3% recomendado polo Consello de Universidades e o recargo nun 25% a partir da terceira matrícula aprobado polo Consello da Xunta de Galiza, para este curso, non é unha novidade. Nos últimos 15 anos as taxas universitárias teñen subido arredor dun 450%.

O recargo nas matrículas como via para cubrir os ocos orzamentais criados pola administración, topa co rexeitamento de boa parte dos estudantes. Segundo os CAF detrás da suba das taxas agóchase o intento de solucionar o problema de masificación da universidade a través da exclusión de sectores do estudantado con menos capacidade económica.

A. IGLESIAS

Fronte á falta dunha universidade totalmente gratuita, as bolsas apreséntanse como un elemento fundamental para superar a selectividade económica. Mais o numero de becas concedidas está moi lonxe de dar cobertura ao total de solicitudes apresentadas. Só na Universidade de Santiago de Compostela das máis de doce mil solicitudes feitas o ano pasado só se concederon 7.864. Esta cifra repesenta pouco máis do 17% dos alumnos matriculados a USC.

Mínimos para o ensino universitário

O gasto por alumno en Galiza sitúase 17 pontos por baixo da média que adican os países da OCDE. Se no Estado español o módulo por alumno era de case 300.000 pesetas no 1993, en Galiza previíase investir para o 96 270.000. Namentras os países da OCDE, segundo dados extraidos do *Informe sobre financiamento* do Consello de Universidades de Decembro do 94, adican por termo médio o 1.5% do PIB á ensinanza universitária, o Estado español adica o 0.72%, e a Xunta de Galiza unha cantidade ainda menor.

Facer fronte ao esforzo de financiamento que se precisa no caso das tres universidades galegas empeza a provocar a progresiva entrada de capital privado. O reitor da USC, Dario Villanueva, xustifícase na tendéncia europea a acadar un 20% dos ingresos a través do financiamento privado, pero a captación de fundos privados nesta universidade xa sobarda en máis de catro pontos as recomendacións da OCDE, fixadas nun 16%.

Fronte a entrada do capital privado, os Comités Abertos de Faculdade manteñen que só o financiamento público permite asegurar igualdade entre quen desexan aceder ao ensino . "Os mecanismos de mercado - explica Luisa González- non son os acaidos para garantir unha asinación axeitada dos recursos no campo da investigación superior".♦

As duas selectividades

A educación e a instrución non só foi sempre unha bandeira da esquerda, senón o método de mudar a sociedade. Pola contra, a dereita sempre tivo no sistema educativo o seu millor bastión clasista, valado detrás do que se parapetaban os seus priviléxios impedindo a mobilidade social. A Universidade funcionou sempre como perpetuadora de priviléxios que se transmitian de pais a fillos tanto através dos títulos como do próprio coñecimento ao que non podian aceder a maioria das clases populares. Na Galiza, a maiores, funcionou como médio de colonización.

O desmantelamento da universidade pública e a política de restrinxir a chegada a ela dos menos favorecidos socialmente vai parella ao próprio derribo do *Estado do benestar* e ao empuxe do neoliberalismo. Os recortes orzamentais que eivan ás universidades públicas e impiden a calidade do ensino, teñen, ao mesmo tempo, o seu reflexo nun crecimento das universidades privadas. O aumento da matrícula, o 450% nos últimos 15 anos en Compostela, ten a sua expresión negativa na redución das bolsas e da sua cuantia, que agora só poden acadar ao 17% dos estudantes. O aumento de demanda leva a que se reduzan prazas e se implanten uns *numerus clausus* cada vez mais ríxidos.

Funcionan asi duas selectividades perfectamente coordenadas: unha económica e outra académica. Os fillos das clases privilexiadas, estudantes en coléxios de pago, teñen un millor currículum o que lles permite logo da selectividade optar a aquelas carreiras que desexen, en millores condicións, pois eses coléxios aumentan as notas dos cursos sitemáticamente, cando non *mercan* os exámenes de selectividade para que aproben os seus pupilos. Se ainda asi non o conseguen sempre teñen o recurso de matricularse nunha universidade privada para facer a carreira que queiran, tratando logo, nos últimos cursos, de voltar á pública, pois segue a ser moito máis alto o nível e os títulos de máis prestíxio.

Na Galiza, co perpétuo desgoverno da dereita antigalega, os recortes orzamentários son ainda maiores, véndose agravados polo déficit xa histórico, até o ponto de que os alumnos universitários galegos teñen para o ano 1996, duascentas setenta mil pesetas, mentres que o no resto do Estado xa tiñan en 1993 trescental mil pesetas por estudante. A esta escasez de recursos, na que incide a política clientelar e caciquil do PP á hora de estruturar ás universidades con criacións e desdoblamentos de facultades segundo o parámetro eleitoral, é preciso unirlle a necesidade que teñen as equipas reitorais de negociar coa Xunta, ano a ano, os orzamentos, impedindo toda planificación. Lonxe parece quedar aquela petición de *ensino galego, gratuito e popula.*♦

A NOSA TERRA

Os milleiros de manifestantes estaban convencidos de que esta era só a primeira batalla.

A. PANARO

O representante de Xóvenes Agricultores foi recibido con abucheos

Milleiros de persoas acuden a Compostela para manifestarse contra da supertaxa

Arredor de 15.000 persoas chegadas de toda Galiza participaron o pasado Venres 6 de Setembro na manifestación convocada pola Mesa do Leite para esixir solucións diante da falta de resposta do Ministério de Agricultura, ante a posíbel aplicación da supertaxa aos produtores excedidos e pola auséncia de medidas que aseguren o futuro das explotacións do leite galego. Os gandeiros e gandeiras asistentes aseguraron que se non se lle dá unha saida imediata a estos problemas están dispostos a percorrer cos tractores as ruas compostelanas e incluso ir a Bruxelas.

PAULA CASTRO

Gandeiros procedentes de toda Galiza acudiron á manifestación convocada polas organizacións profesionais agrárias Xóvenes Agricultores, Unións Agrarias, Sindicato Labrego Galego, Unión Sindical Agraria Galega, Cooperativas Agrarias de Ferrol, Asociación Galega de Cooperativas Agrarias e a Asociación de Empresas Lácteas da Galiza, todas elas integrantes da Mesa pola Defensa do Sector Lácteo Galego. Tamén apoiaron a convocatória sindicatos e partidos políticos como CIGA, UGT, CC.OO, EU-EG, BNG e PSdeG-PSOE.

Milleiros de persoas ateigaban xa ás once da mañá a explanada da Estación de Autobuses de Compostela, ponto de partida da marcha e lugar onde os manifestantes se concentraron para protestar frente a Consellaria de Agricultura. A manifestación percorreu as ruas do casco vello da cidade até o Pazo de Raxoi, onde representantes da Mesa do Leite entregaron ao Presidente da Xunta, Manuel Fraga Iribarne, un comunicado no que se solicitaba a sua intervención para que na Galiza non se aplique a supertaxa e para que se estabelezan as medidas necesárias que garantan o pleno desenvolvemento do sector lácteo galego. A marcha rematou na Praza da Quintana, onde os representantes das distintas organizacións agrárias se dirixiron aos concentrados amosando o seu rexeitamento ás políticas comunitárias deseñadas para o sector.

Non á supertaxa

"Aféctanos moito porque é o único posto de traballo que temos. Acudimos á manifestación porque a maioria da xente ainda non cobrou o leite e imos a protestar ainda que sexa a Bruxelas", aseguraba Maria Teresa Vidal Bello, unha das moitas manifestantes que desde a vila de Aranga se transladou a Santiago para facer que se escoitase a sua voz de protesta. "Non nos deixan producir nen nos pagan o leite. A do mes pasado si que a pagaron pero agora nos están ameazando con non pagar".

Maria Teresa Vidal expresaba diste xeito a unánime oposición dos convocados á supertaxa. "Unha multa criada desde Bruxelas que ameaza con destruir o modo de vida dos gandeiros galegos e o futuro de moitas familias", aseguraba na sua intervención Luis Anxo Fernández, representante da Asociación de Cooperativas Agrarias, quen tamén fixo referéncia ao perigo que vai a supoñer para o sector lácteo galego a incorporación á UE dos paises do leste, xa que "porá en circulación unha maior cantidade de leite que vai competir co galego".

Pola sua banda, Lidia Senra criticou á Ministra de Agricultura, Loyola del Palacio, por non facer públicos os dados de producción coa intención de que os próprios productores se autolimiten e "deixen de producir ou de entregar o leite porque ao mellor hai multa". Ademais, a representante do SLG indicou que "se trata dunha tentativa do PP, que quere aplicar as cotas sen que teña un custe político".

Lidia Senra rematou a sua intervención afirmando que "estamos orgullosos de incumprir unha lei inxusta e a seguiremos incumprindo porque estamos exercendo a nosa responsabilidade de criar riqueza no país. Non imos permitir que quede un só litro de leite sen recoller e sen pagar e co exemplo de unión que estamos dando hoxe non van ser capaces de aplicar as multas".

E mentres que Leandro Quintás, representante da Unión Sindical Agraria acusaba a Fraga de pedir que se pagara a supertaxa porque "lle fai falla para cheas, queimadas, mausoleos e para alimentar aos seus caciques", Tomás Díaz, de Xóvenes Agricultores acusaba como único responsábel da situación que está a atravesar na actualidade o sector lácteo galego ao anterior Ministério de Agricultura, "que foi quen sementou a confusión, por dar dados contraditórios e alentar aos gandeiros a seguir producindo sen ter solucionado o problema das cotas", exculpando á Xunta de toda responsabilidade e provocando os abucheos dos asistentes que non pararon de berrar "Fora!", até que rematou a sua intervención.♦

A. EIRÉ

PP e PSdG-PSOE trocan os papeis

O PP e o PSdG-PSOE trocaron os papeis desde que os socialistas foron desaloxados da Moncloa. Agora son os deputados *populares* os que se opoñen a calquer resolución parlamentar que poda importunar aos seus compañeiros de Madrid, mesmo para explicitar apoios ao próprio Presidente da Xunta, como ocorreu o 10 de Setembro no Parlamento a respeito dunha declaración institucional sobre da cuota láctea, idéntica á votada favorabelmente en Febreiro de 1994 na mesma Cámara. Pero hai unha diferéncia sustancial entre o PSdG e o PP, máis alá de que os socialistas sempre seguiron a mesma política de submisión a Madrid pois ocupaban o Governo central case desde o comezo da etapa autonómica. A diferéncia entre uns e outros estriba na composición social de ambos partidos. Os cadros socialistas nútrense das clases média funcionales mentres que no PP a imbricración co tecido económico é moito maior. Temos asi que, fronte á unanimidade socialista, no PP estanse a producir contínuamente desmarques importantes na política do partido. Asi, a respeito da cuota láctea, non só apoiaron na maioria dos concellos a moción de apoio apresentada polo BNG, senón que nos que a gandeiria ten especial incidéncia, o próprio concello pagou os autobuses para que os gandeiros se manifestasen o dia 6 en Compostela. Cuiña e Cacharro están a ser presionados para que atopen unha solución.♦

Todos os partidos políticos apoiaron a manifestación agás o PP.

Próximas mobilizacións para facer mudar de postura á Xunta e ao Ministério

Os sindicatos pensan que non se terá que pagar a supertaxa

Sindicatos e cooperativas, co apoio das indústrias, preparan mobilizacións iminentes no sector lácteo co fin de impedir que lles sexa cobrada a supertasa aos gandeiros. De momento a única dúbida é se primeiro se realiza unha grande manifestación en Madrid ou se se recurre a unha tractorada. Máis claro parecen ter o futuro: pensan que ter que pagar a superprodución levaría á ruina a Galiza, pero móstranse optimistas considerando que, coa mobilización, se vai resolver o problema, pois o Estado ten resortes como o veto ante a UE para non pagar.

Lidia Senra dirixíndose aos concentrados na Quintana. A. PANARO

O Governo central négase a sufragar a multa da UE por exceso da produción láctea concedida ao Estado español. A Xunta tamén afirma que para ela é "inasumíbel" a que, presuntamente, xeraron os gandeiros galegos. Os dados, despois de moito agardar, xa son oficiais, á vez que bastantes contradictórios. O 10 de Setembro a Ministra Loyola del Palácio informáballes á Meso do Leite que os productores do estado superaran durante á campá lácea de 1995-1996 en 126.177 toneladas a cuota asinada pola UE. Uns 1.100 productores comercializarina sen ter cuota, 25.000 toneladas de leite e, outros 826, que venderon a sua cuota ou se acolleron a plans de abandono, produciron sen autorización 34.000 toneladas.

Ainda está pendiente de negociar con Bruxelas cal seria o importe da multa, que poderia rondar as 58 pesetas litro de leite excedentária. Tampouco se sabe con certeza canto excedente lácteo corresponderia a Galiza e canto terian que pagar os gandeiros galegos como supertasa, ainda que se estima que a cantidade seria inferior aos 3.500 millóns de pesetas. As indústrias afirman non entender como tres meses antes de pechar a campaña se afirmaba desde o Ministério que se ia un 2% por debaixo da cuota asignada e agora aparece ese desfase. Tanto os sindicatos como o BNG e o PSOE non creen nestas cifras, calificadas de "inaceptábeis e máis erróneas, e piden que se revisen. A incredulidade das cifras hai que unirlle que o Ministério ainda non resolveu os mais de mil recursos apresentados polos gandeiros galegos contra a resignación da reserva estatal. Mentres non se resolvan as reclamacións estes gandeiros non terian que pagar.

A Ministra sosten que deberán de ser o 10% dos gandeiros que se pasaron de produción os paguen estas multas, pois o Ministério ainda terá que pagar unha parte dos 201 millóns da supertqasa das campañas de 1991 a 1994. O Conselleiro Tomás, Pérez Vidal, tamén negou que a Xunta estea disposta a afrontar o pago da multa, engadindo que os dados de sobreprodución son inasumibeis polo sector galego. Tanto Ministério como Xunta rachan deste xeito as promesas realizadas non só durante a campaña eleitoral, senón o mesmo dia 6 de Setembro por Fraga.

Optimismo nos sindicatos

Pésie a todo e os nuveiros que envolven á economia galega, os dindicatos son máis optimistas do que pudera parecer. "Ao final non termos que pagar a cuota. Esta situación xa a vivimos noutras campañas e saimos vencedores". Quen asi se expresaba era un dirixente do Sindicato Labrego Galego. Os sindicatos confian nas suas forzas, pero tamén en que "seria unha barbaridade histórica deixar desaparecer sen máis un dos sectores ponteiros da economia galega".

Para obligar á Xunta e ao Ministério a mudar de postura saben que só hai unha solución: mobilizacións contundentes. "Esta foi a única fórmula que xa nos deu resultado en anos anteriores". Unhas mobilizacións que deberán ter un denominador común, a unidade tanto dentro do sector como o apoio social de toda Galiza, pois é unha situación que trascende a toda a nación. O SLG denúncia que a ministra o que pretende é criar un enfrontamento entre o o sector lácteo e conxunto da sociedade, argumentando que a supertasa xa lle leva dustado ao Estado 200.000 millóns de pesetas. O SLG propúxolle á ministra que o Governo central se negue a pagar a Bruxelas e renegócio o dereito a producir, "e pode facelo utilizando o veto por exemplo".

Nunha análises semella haber unanimidade: "os gandeiros non poden asumir esa supertasa". Seria condenar a centos de labregos á ruina e tamén o desmantelamento das indústrias lácteas galegas. O PP prepara a modificación do actual decreto que regula estes pagos, para facer ás "indústrias corresponsábeis", ao tempo que reclamár a Bruxelas a ampliación da cuota asignada ao Estado Español. Pola sua banda, o PSOE, até de agora o máis fervinte defensor da cuotas lácteas, mentres o PP as criticaba, agora afirma que "en ningun caso debe de repercutir nos gandeiros", postulando que Madrid presione a Bruxelas para conseguir o aumento de un millón de toneladas na cuota asignada.

PP e PSOE intercámbianse as posturas até o ponto de que na sesión parlamentar do Martes 10 de Setembro o PP rexeitou apoiar unha declaración institucional que ten contido semellante a unha proposta votada favorábelmente polo PP o 8 de Febreiro de 1994, "impedíndolle aos agricultores galegos e ao próprio Presidente da Xunta contar co apoio parlamentar galego nun momento tan delicado para o sector láceo", segundo denúncia o BNG. Despois de entrevistar co ministra, Fraga Iribarne só foi capaz de prometer que "vaise facer o máximo esforzo para criar solucións". ♦

A. IGLESIAS

A. IGLESIAS

O BNG pede no Congreso a modernización do tren

Francisco Rodríguez anunciou que o BNG solicitará no Congreso que comecen as negociacións para o plano de modernización do ferrocarril galego e amosouse seguro de que o Ministério de Fomento acepte ese compromiso. Os dous deputados nacionalistas en Madrid, Guillerme Vázquez e Francisco Rodríguez, apresentaron a interpelación para unha proposición non de lei sobre a modificación do Plano Director de Infraestruturas para que inclua a modernización do tren na Galiza. Rodríguez amosouse sorprendido de que teña que ser o BNG o que apresente o problema no Parlamento de Madrid despois de que o galego aprobara por unanimidade esta solicitude en Decembro de 1995. Ao PP non lle sentou ben a proposta do BNG e acusou á formación nacionalista de romper o consenso sobre o ferrocarril. Replicou o BNG que se alguén rachou co consenso foi o PP que, desde Decembro, ainda non levara o tema a Madrid. "No acordo estabeleciase a obrigación da Xunta de intentar unha negociación que se traducia en compromisos presupostários por anualidades a partir de 1996. Pois ben cando xa praticamente estanse rematando as negociacións que concretaran as cifras presupostárias do Estado para o ano 1997, a Xunta ainda non ten iniciado o proceso de reclamación do cumprimento do acordo do Parlamento galego". ♦

O proprietário dun aserradoiro pagaba por producir incéndios forestais

A Garda Civil descobreu unha conexión entre os incéndios forestais e os intereses industriais, xa que detivo, o 4 de Setembro, ao proprietário duna aserradoiro que pagaba por provocar incéndios forestais para logo mercar a madeira a prezo máis baixo. O detido, que vive en Salceda de Caselas, pagaba 15.000 pesetas a un viciño de Vigo por cada lume que este último provocaba. O autor material dos incéndios, que fora detido o dia trinta de Agosto, recoñeceu ser responsábel de catro lumes no concello de Tui os dias 27, 28, 29 e 30 de Agosto. Todos os incéndios tiñan características similares: comezaron en arborado, en zonas de piñeiros e eucaliptos xa crecidos e aptos para un aproveitamento industrial.

Esta detención confirma a sospeita mantida desde hai moito tempo de que detrás dalguns incéndios foresais habia intereses industriais. Ainda que esta suposición extendíase tamén até outros sectores relacionados cos montes e a madeira, até agora non fora demonstrada uriha relación causal entre os incéndios e eses intereses. A consellaria de Xustiza, Interior e Relacións Laborais ve nesta detención "unha proba de que nos incéndios forestais hai intencionalidade, con certa organización nalguns casos, ainda que non hai grandes máfias". Por outra banda, a proliferación de incéndios na Barbanza e Vimianzo obrigou á Xunta a solicitar a axuda do Exército para controlar o lume. ♦

Os viciños de Bens xa temian desprendimentos do vertedoiro coruñés

200.000 metros cúbicos de lixo desprendéronse o pasado Martes 10 no vertedoiro coruñés de Bens. A avalancha, que chegou até o peirao do Portiño, matou a un home e arrrasou en médio quilómetro a catro coches, unha casa e vários galpóns e embarcacións de mariñeiros. A traxédia non surprendeu aos viciños. Segundo o presidente do Clube Marítimo, Xoán Naya, antes deste, producíranse xa outros dous desprendementos e un incéndio no vertedoiro, polo que "a catástrofe era previsíbel". Tamén se denunciara a existéncia de gretas e de explosións de gas metano á vez que se solicitaran medidas de seguridade como a construción dun muro de contención. Porén, mália as peticións de viciños, asociacións ecoloxistas e grupos políticos, como o BNG, o Concello da Coruña ven retrasando o peche do vertedoiro municipal de Bens desde o ano 1993. Segundo o tenente alcalde, Xavier Losada, agardan o permiso da Sociedade Galega de Meio Ambiente, Sogama, para trasladar o lixo á incineradora de Cerceda. ♦

OPINIÓN

AS CELEBRACIONS NACIONALISTAS DEBEN ESTAR PRESIDIDAS POLO LAICISMO, OPINA A AUTORA DESTA TRIBUNA. MESTURAR CRENZAS E IRRACIONALIDADE NUN DISCURSO POLITICO CONSIDERAO PERIGOSO E AVOGA POR BUSCAR UNHA MENSAXE CIENTIFICA, ABERTA E NON DOGMATICA, SEN TER MEDO A MODIFICAR OS DATOS DO PASADO QUE ESTEÑAN EQUIVOCADOS, PORQUE A RAZON NON DEBE TERLLE MEDO A VERDADE.

A PURÍSIMA CONCEPCIÓN DA NACIÓN

MARIA XOSÉ QUEIZAN

Comentaba nun artigo anterior que o nacionalismo está pragado de conceptos reaccionarios e unha proba diso é a terminoloxía relixiosa que usa: "A Fe nos principios do galeguismo", a "Alma do pobo", o "Espírito da patria", o "Amor á terra" de "Irmáns" e correlixionarios, etc. Nos últimos tempos actualizada co martiroloxio conmemorativo dos actos criminais do 36.

Inauguración do monumento a Bóveda o pasado 17 de Agosto na Caeira, Poio. A. IGLESIAS

O 17 de Agosto deste ano o nacionalismo de "esquerdas" recoñece oficialmente o Día de Galiza Mártir coincidindo coa homenaxe a Bóveda. No acto, Alonso Montero leu 2 poemas do libro "Coroa (imaxinámola de espiñas) poética para un mártir" e un libro reeditado de Xerardo Alvarez Gallego titúlase "Vida, Paixón e Morte de Alexandre Bóveda" que nos remite (falo unicamente de terminoloxía) á paixón de Xesucristo. O alcalde de Poio, para ese mesmo acto, escribe: "hoxe pagamos unha débeda de amor con Bóveda" cando do que se trata é de xustiza. (Remito a un artigo meu na Nosa Terra titulado " Máis respeto e menos amor" así como aos comentarios da pensadora xudea Hanna Arendt sobre o impropio desa terminoloxía apricada á política).

Non é necesario comentar que me parece necesaria a lembranza dos crimes fascistas, a revisión do xuizo de Bóveda e outros, que se revelen as verdades das espantosas persecucións, dos paseos e fusilamentos para non esquecer os feitos históricos e dalos a coñecer ás novas xeracións. Pero ¿por que non o Día da Galiza Republicana ou Antifascista, ou o que fose, en lugar de Mártir con esa connotación cristiana, masoquista e victimista?

Sabemos que houbo, e hai, nacionalistas cristianos, conservadores e carcas en quen non resulta extraña a utilización de todos eses conceptos. O que non é coherente é que a usen quen se declaran de esquerdas, socialistas, marxistas, etc., e continúen facendo funerais relixiosos, ofrendas florais aos mártires, e toda unha parafernalia espiritista e fantasmal. Cando xa parecía que conseguíramos que Rosalía deixara de ser A Santiña, dispútalle agora o posto no santoral o propio Valle Inclán. Así, no periódico Espiral (do FPG) do 1 de Xullo deste mesmo ano, lemos: "Pódese dicir sen esaxeración que Valle Inclán morreu o 5 de Xaneiro de 1936 en olor de *santidade* antifascista".

A "alma do pobo" opónse a confrontacións empíricas; a "fe no galeguismo" á razón política; a relixión ao pensamento científico; os dogmas ás explicacións racionais; os mitos ás verdades e á xustiza; o pasado glorioso ao presente progresista; o espacio do sagrado ao espacio humano e as forzas escuras á claridade de ideas e á vontade de cambio. Terán que definirse nun ou outro sentido porque as súas declaracións de principios mantendo esta ambiguedade é imposible.

> 'Non pode ser progresista un nacionalismo que se move no ámbito das crenzas, que se desenvolve no espacio do sagrado, das forzas escuras"

Non pode ser progresista un nacionalismo que se move no ámbito das crenzas, que se desenvolve no espacio do sagrado, das forzas escuras; un nacionalismo que pertence a un universo mental do que se pode afirmar o que se queira porque nada é comprobable. Trátanse de especulacións que non poden submeterse a ningunha análise científica; un nacionalismo que se queda no ámbito da inseguridade psicolóxica, do temor, da superstición, do anceio. Porque a redención desta Galiza Mártir parece estar no outro mundo, nun universo do irreal, do espírito. A concepción relixiosa ou mítica da nación non ten explicación fóra de si mesma e só pode ir dirixida a militantes fieis, a fanáticos, a crentes dogmáticos, máis que a persoas racionais e progresistas que buscan a solución dos problemas reais mediante o enfrontamento contra os poderes fácticos do "maís acá" que impidan a xustiza social, o benestar material e o progreso científico e tecnolóxico. Se temos unha concepción materialista non podemos participar nesas cerimonias nin nunha inverosimilitude racional que xa debería, ¡a estas alturas!, estar superada.

Cómpre suprimir do nacionalismo esa terminoloxía e todos os factores de irracionalidade e buscar un discurso científico que, necesariamente, ten que ser aberto e non dogmático, sen medo a modificar os datos erróneos ou superados do pasado, a rectificar para poder explicar e mellorar. Isto é posible desde a razón porque a razón nunca ten medo da verdade. Se hai unha boa razón para ser nacionalista na Galiza, daquela non hai nunca razón para ocultar ou falsear a verdade. A razón ten seguridade en si mesma incluso cando se corrixe. Hai que considerar que só desde o materialismo e o coñecemento da verdade se lle pode conceder dignidade ao pobo de Galiza. ♦

Mª Xosé Queizán é escritora.

GAITA EN MODELO PP

XANECO TUBIO

Nos últimos dias volveu xudir a polémica en Ourense arredor da real banda de gaitas, xa que o seu director foille levar ao Papa como agasallo unha gaita que segundo el é perfeitamente galega posto que é unha gaita *de banda* amparándose en non sei que estudos iconográficos que ao paracer datan do século XXII.

Toda esta parafernália que están impoñendo en Ourense, subvencionada con cartos públicos, e non poucos, tanto de concellos como da Deputación, é unha cópia exacta do modelo de banda de gaitas escocesas. Seguramente que se algo parecido sucedese en Escócia, que un individuo chegase montando as suas gaitas cos roncós na barriga do fol, e en lugar de bandas fixese cuartetos, provocaria un problema de Estado.

Esta tendéncia foi e segue sendo motivo de polémica. Estásenos oferecendo como algo xenuinamente galego e mesmo máis auténtico que os próprios gaiteiros do País. Segundo eses estudos que tanto pregoan, están dicindo que tanto Soutelo de Montes, *Os Campaneiros*, *Os Garceiras*, *O Rilo*, Ricardo Portela, *Moxenas* e tantos outros que fixeron posíbel, en tempos difíceis que tanto a gaita galega como a nosa música tradicional chegase aos nosos dias, non tocaban coa auténtica.

Este fenómeno que nos venden como evolución, non é tal, posto que se trata dun invento do señor Foxo, —así o denominou el nunha xunta directiva da AGG cando era membro da mesma—, necesitado de xustificar toda esa parafernália e tratando de buscar calquera relación coa cultura musical galega. E ampárase en supostos estudos iconográficos, gravados, etc, además de buscar apoios propagandísticos fóra do País regalándolle unha gaita ao Papa, aos reis de españa, adicándolle pezas musicais a Fraga, a Vitorino ou a infanta. Practicamente o papel que cumpren é oficialista.

Na actualidade xa non é un problema de *guerra* de gaiteiros, senón político. De como un señor lle oferece os seus servizos a un partido e a cámbio monta unha parafernália, que ten rendabilidade en votos. Do que trata é de alienar a nosa cultura musical, e impoñer unha liña oficialista do PP en todas as asociacións que desexen ter clase de gaita. Se non é así non recebes un peso. ♦

X. TUBIO é Secretário da Asociación de Gaiteiros



PARLAMENTO

Pilar Garcia Negro di que o líder galeguista é a antítese do partido de Fraga

O PP rexeita unha iniciativa para a difusión da obra de Castelao

Os votos en contra do PP impediron que prosperara a iniciativa do BNG na que se reclamaba da Xunta que recompilara a obra gráfica de Castelao e a exhibira ao público nun lugar adecuado para a sua óptima divulgación alén de, a meio da Conselleria de Educación e Ordenación Universitária, promover a elaboración de material didáctico que achegara o legado do nacionalista a todos os tramos do ensino.

A deputada do BNG, Pilar Garcia Negro foi a encargada de defender a iniciativa para difundir a obra de Castelao. A. IGLESIAS

Non é a primeira vez que o grupo de governo rexeita unha proposta da oposición que ten como cerne achegar ao público a obra de Castelao, xa que, entre outras, o PP negou tamén a comemoración do cincuentenário da publicación de *Sempre en Galiza* como reclamaran no seu momento os nacionalistas. Neste caso, e en debate en comisión, o portavoz popular Fernando González Suárez argumentou que a obra do galeguista era abondo coñecida e enumerou a localización do seu legado, facendo fincapé no feito de que o Museo de Pontevedra é depositário de unha parte da producción gráfica.

Quitoulle ferro tamén González Suárez ás razóns utilizadas pola deputada Pilar Garcia Negro do BNG, mentora da iniciativa, que aludiu a unha enquisa realizada por *A Nosa Terra* na que se da conta de que a esta altura un 89% dos galegos descoñecen quen foi Castelao, "o que tiña que tiña que ser motivo inmediato de alarma e de corrección por parte das autoridades educativas que se din galegas e a este país se deben". "Reclamabamos só uns pasos mínimos, simplesmente que existise a posibilidade de contemplar o orixinal ou unha reproducción da sua obra nun lugar central do pais", dixo a deputada, quen lamentou a dispersión da obra e a falta de preocupación das institucións públicas por ter un tratamento digno coa obra de Castelao, que "está a depender da edición particular e non se pode contemplar de forma global, de principio a fin como merece unha personalidade senlleira da História de Galiza como é a que estamos a falar".

Libros de Fraga

No debate, Pilar Garcia Negro denunciou que o forte investimento público orixinado na creación do Centro de Arte Contemporánea non supuxo nengun cámbio no coñecimento que os galegos teñen dos seus artistas que depende ainda "dun acto de voluntarismo persoal, xa que a mesma dispersión que hai con Castelao dase tamén con Seoane, Maside ou Maruxa Mallo". Ante a negativa a potenciar a publicación en diversos soportes da obra de Castelao cun fin educativo, a parlamentária nacionalista pediu que "se explique por que a Xunta con diñeiro público edita libros de Fraga Iribarne, para que se coñeza a mensaxe do presidente?"

A negativa do Partido Popular a recoñecer a relevância da figura de Castelao só pode responder, para o Bloque Nacionalista Galego, ao intento de "morte cultural do país, de inocular un vírus de anémia histórica que incida no debilitamento da conciéncia nacional, do que as próprias medallas Castelao son un exemplo porque despois non o citan en nada xa que segue a ser inasimilábel porque é a antítese do corpo ideolóxico e a prática política do Partido Popular". Tamén recriminou García Negro a falta de recoñecimento histórico a quen se lle debe "que o mesmo Parlamento estea a existir porque foi el quen recatou o Estatuto en meio de enormes dificuldades e permitiu que logo fose recoñecido legalmente, os deputados do PP non queren recoñecer que se non for por el hoxe tampouco eles estarian sentados nos seus escanos".

Pola contra, Pilar Garcia Negro fixo unha especial "chamada de atención a respeito da necesidade apremiante de coñecimento de nós mesmos e da nosa história"♦

O BNG pede manter o carácter cooperativo do grupo *Coren*

Alfredo Suárez Canal, parlamentar do BNG solicitou do governo galego as partidas destinadas ao Grupo Coren, ven en forma de axudas ou ben en forma de investimentos, xa que os dados obtidos nas distintas consellarias polo grupo parlamentário non coinciden cos difundidas polo Governo.

Segundo Suárez Canal, as subvencións directas dirixidas a Coren superaron nos anos 93-95 os 1.890 millóns de pesetas e os créditos concedidos os 3.156 millóns, o que fai pensar ao BNG que "estes movimentos económicos internos poderian estar atentando contra da estrucutura cooperativa de Coren". O parlamentar do BNG lembrou ademais as múltiples irregularidades que segundo o Consello de Contas se aprecian nas subvencións concedidas ao grupo. Desde o Partido Popular, o parlamentar Rodríguez Pérez sinalou que se alguén poña en perigo o futuro de Coren eran queles que "poñen baixo sospeita a unha empresa senlleira, algo que non beneficia nen a Ourense nen a Galiza".

Suárez Canal, pola sua banda, lembrou que o que pretende o BNG é "asegurar a base cooperativa do grupo e que o erário público non finéncie unha recomposición do grupo distinta", e solicitou que o Partido popular dera a coñecer os mecanismos de control para que a aplicación dos investimentos responda á política industrial prevista.♦

Visita familiar de saudos e fotos a Madrid

A iniciativa do BNG na defensa do sector naval defendida enerxicamente por Olaia Fernández que demandaba a retirada do Plano estratéxico de competitividade, por lesivo para o futuro de Galiza e solicitaba a negociación co Governo do Estado dun plano que aumentara a produción ao tempo que lle exixia a defensa perante a UE dun sector de crucial importáncia económica para o país caiu como é habitual polos votos en contra do PP.

Os populares, en boca do seu portavoz para a ocasión o deputado Laxe Laxe, negaron a iniciativa dando por boa e suficiente a visita que no mesmo tempo estaba facendo en Madrid o presidente da Xunta. Olaia Fernández respondeu que Fraga non estaba máis que a "visitar aos fillos ou familiares xa que dubido de que teña tempo para algo máis, non haberá máis que saúdos e fotos e esa non é a defensa que ten que facer un presidente dun país con tantos problemas como o noso".

Ante a negativa do PP de aprobar nomeadamente o terceiro ponto da iniciativa referida á defensa do sector nos organismos europeus, a parlamentária nacionalista dixo que "o PP non está por defender os intereses dos galegos en Europa poarque non lle interesan absolutamente nada". Despois a deputada fixo votos por que viñeran mellores tempos.♦

As teses defendidas son idénticas ás do BNG

O documento da Xunta sobre financiamento non coincide co discurso de Orza

O documento sobre financiamento autonómico que o Conselleiro de Economia, Xosé António Orza, lle entregou ao Governo central, e que foi repartido aos distintos grupos parlamentários galegos na sesión do 11 de Setembro, non coincidiu coa exposición realizada no mesmo debate polo próprio conselleiro. Mentres que no documento se critica a cesión do 30%, facendo fincapé no lesivo que é para Galiza e demandando a transferéncia de trabucos á nosa comunidade, Orza defendeu no Parlamento que era preciso aceitar as propostas do Governo central porque "Maastricht está aí e é preciso cumprir". Orza tamén recoñeceu a proposta do governo Aznar ia ser lesiva para Galiza.

Xosé António Orza.

Xosé Manuel Beiras afirmou no debate que Orza utilizara como base para artellar o documento da Xunta as propostas realizadas polo BNG, "polo que somos moi coincidentes coas teses defendidas no documento, pero en nada coas palabras do conselleiro".

Segundo PSOE e BNG a única pretensión de Orza no Parlamento era intentar "un contrato de adesión de todos os grupos da cámara ao pacto bilateral entre o Governo central e o de Catalunya", acusando a Orza de defender teses que non son suas e de pasar totalmente por alto o próprio documento.

O BNG, que foi o único grupo que apresentou propostas concretas de financiamento, pediu que sexan transferidos a Galiza os impostos do IVA, consumos especiais e matriculación e que se devolva a Galiza a débeda histórica. Se o Governo central non aceita esta proposta o Governo galego deberá de apresentar un recurso ante o Tribunal Constitucional.

A proposta do PSOE, moito máis ambígua, pediu en primeiro lugar que se apresente xa recurso contra a cesión do 30% do IRPF, para despois ser moito mais xenérica falando de suficiéncia de recursos, autonomia financeira de nivelación de servicios e medidas compensatórias, sen dar outra fórmula para que se corrixan as eivas que ainda existen até completar o Estatuto de Autonomia.

O PP, pola sua banda, demanda que Galiza teña igual proporción de recursos que hoxe lle veñen do Estado, que se defendan mecanismos que corrixan os desequilíbrios e que se integren ás comunidades outros ingresos, sen especificalos nas suas propostas.♦



Fraga voltoulle comentar a Aznar as mesmas prioridades que na campaña eleitoral e na sua primeira visita á Moncloa. A. IGLESIAS

Incapaz de traer un compromiso novidoso máis alá da declaración de intencións

Fraga comeza a campaña eleitoral en Madrid

A. EIRÉ

Fraga Iribarne non despexou nengunha das incógnitas principais que preocupan a Galiza durante a visita de dous dias que realizou a Madrid para recorrer a carreira de can todos os ministérios. Declaracións de boas intencións ou intentos de apresentar como logros as racanerias do Governo central foron a sua maior bagaxe, además de facer de recadeiro do que pensaba o Governo central. A cuota láctea e a financiación autonómica, temas principais, non tiveron cumprida resposta.

Unhas das "mellores notícias" que Fraga Iribarne trouxo de Madrid foi a "grata promesa" da ministra de Cultura de que se ia preocupar persoalmente e "acoller con sumo interese" o *Xacobeo 99* e a *Capitalidade Europea 2.000* para Compostela. Estas declaracións mostran ás claras cal foi a eséncia da visita do Presidente da Xunta. Non podia ser doutro xeito. En audiéncias que, na maioria dos casos non chegaron a media hora de duración efectiva, ben polos retrasos dos próprios ministros (casos de Indústria e Fomento), ben polos despistes da comitiva (ir a Bellas Artes na vez de Fomento), pero sobre todo polo próprio deseño da visita, pésie aos ensaios de dias anteriores, incapacitaban para un mínimo diálogo ou para poder ler os máis de mil fólios que levaba como propostas.

Nos tres grandes temas que máis preocupan á sociedade galega, Fraga non puido concretar nada. A respeito da cuota láctea o presidente da Xunta limitouse a dicer que "é necesário non perder a esperanza" pois tratarán de buscar "o máximo aprazamento no pagamento da supertaxa", e "vaise facer o máximo esforzo por atopar solucións", ao tempo que, fronte as peticións de modificar o marco negociador, afirmaba que "a cuota está aí e aí vai quedar". Apresentar como conquista que os que tivesen de 3 a 5 vacas non ian pagar a cuota ou a isención aos que non superaran o 50%, era xa unha proposta anterior da ministra Loyola del Palácio. Ademais a proposta non resolve o problema pois ss máis perxudicadss son precisamente as explotacións máis competitivas, pois as outras non están afectadas.

Emílio López, parlamentário do BNG, afirma que "o mellor plano que a UE atopou para presionar aos labregos galegos é o próprio Presidente da Xunta, que na vez de apoiarse na preocupación social para presionar en Madrid, visita esta cidade para recoller os recados que van esmagar o sector lácteo".

No tema das autovias amosado como outro grande logro, Fraga anúncia que Fomento se compromete a licitar este ano os tramos que quedan e que se dotaran presupostariamente, como xa prometera Arias Salgado hai dous meses durante a sua visita a Compostela. O retraso de prórrogas, de peticións unánimes do Parlamento, de documentos firmados, apreséntase agora como un *grande logro da diplomácia fraguiana,* e os seus haxiógrafos non só din que vai ser un grande éxito que comece a inaugurar tramos antes das eleicións autonómicas, senón que apresentan agora como o *summum* do peso político de Fraga que as autovias podan estar rematadas antes do ano 2001. Non hai resposta á pergunta de se se cobrará peaxe ou canon. O que si anunciou Fraga é que a autovia de Compostela a Ourense, que Borrell pretendia que fose gratuita, agora vai ser unha autopista de peaxe.

Financiación autonómica

A respeito do tema do ferrocarril, Arias Salgado adoptou o compromiso de criar unha comisión bilateral para revisar os critérios dos planos de infraestruturas (PDI), na estratéxia de adiar o problema facendo que se fai.

Fraga afirmou que ambos coincidiran en que a situación actual de Galiza é inaceitábel, traendo como grande promesa que se fará o túnel do Guadarrama, xa proxectado, e se chegará co tren de alta velecidade a Valladolid. O tren na Galiza, ulo? Tamén se realizará un novo estudo sobre a autovia Trascantábrica.

No qe atinxe á financiación autonómica, Fraga Iribarne, despois de cear con Aznar e comer con Rodrigo Rato e Mariano Rajoi, comprobou que as suas alegacións "foron moi ben acollidas, ainda que a decisión última, naturalmente, é do Consello de Política Fiscal e Financieira". Ainda asi seguiu mantendo que o futuro modelo de financiamento non ia resultar lesivo para Galiza. Aqui apreséntanse duas cuestións. a primeira é se Fraga non levou as mesmas alegacións que levara Orza a semana pasada e foran rebatidas contundente e públicamente por Mariano Rajoy. A segunda, o intento de Fraga de culpabilizar ao CPFF, desculpabilizando ao Governo Aznar.

Nos outros ministérios Fraga dedicouse a lembrar o traspaso de transferéncias xa pactadas en meses anteriores ou aspectos como a "débeda histórica de Sanidade", precisamente ao seu ex conselleiro Romai, mentres o Ministro lle prometia traspasar a Galiza competéncias de sanidade exterior. Segundo Fraga, a sua sintonia co governo central fará que o gabinete Aznar dará prioridade á política familiar e estabelecerá isencións fiscais para as famílias, para favorecer a natalidade.

Fraga comezaba asi a sua campaña eleitoral en Madrid. Despois de cada visita era el quen daba conta dos temas tratados e facíase portavoz de ambos lados. A visita era certamente de comunicación social, por iso o seu acompañante foi o conselleiro do ramo Pérez Varela, non Orza, Cuiña ou Pérez Vidal. ♦

EN POLEIRO ALLEO

Os católicos e Bóveda

Daniel López Muñoz di, no número de Agosto da revista IRIMIA, que bota de menos unha atitude máis conciliadora da Igrexa a respeito da figura de Alexande Bóveda cando, ademais, o *irman* fusilado na Caeira o 17 de Agosto de 1936 é unha "magnífica desculpa para encontrar un ponto comun coa cultura laica e galeguista". O autor do artigo condena a endogámia que pratican alguns sectores, que impede abrirse ao mundo. "O grande pecado da cultura católica do anticonciliar papado de Wojtila é ese: romper o diálogo coa sociedade non-católica, fuxir de todo intercámbio fecundante, opus con opus, opus cadrado... e xa se sabe, da endogámia saen os fillos con centros problemas". Daniel López ve no nacionalismo algunhas atitudes semellantes a respeito dos católicos, pero incide máis na outra banda por escreber desde unha publicación critiá e porque o fusilado foi Bóveda.

"E non é mal lembrar isto agora que se cumpren sesenta anos xustos dos fusilamentos máis catolicamente bendicidos da nosa história. Pero co agravante, neste noso caso, de que Bóveda quixo morrer con todos os requisitos imaxinábeis dun católico da sua época. Seria ben perguntarse onde estaba Deus: no crego que bendicia a execución ou no corazón rebentado de Alexandre". ♦

PLANTU / LE MONDE

Tópicos sobre o Irán

O xornalista de EL PAIS Javier Valenzuela, despois dunha viaxe ao Irán, o Martes 3 de Setembro publica unha reportaxe que titula "Radiografia iraniana", na que, pretende sinalar os paradoxos do país através da descripción de dezasete vocablos entre os que hai alguns que non teñen desperdício. Abundan os tópicos e os prexuízos. Velai alguns deles:

"Mulleres. Son as grandes heroinas do país. As iranianas, cuxa stuación é moito mellor que a das saudies, conducen coches, estudan en universidades e traballan na rua. Agora ben, tan só se lles pode ver a face e as mans –deben amortallarse desde a coronilla até a ponta dos pes– e non se lles pode tocar –cando chas apresentan, o que non representa maior obstáculo, amósanse tímidas, doces e intelixentes. Cabe engadir que moitas son, ademais, moi guapas. Á vangarda da loitas polas liberdades personais, as mulleres de clase média prescinden do negro *chador*, visten con fulares e gabardinas de cores claras, maquílanse e píntanse as unllas. Esa espécie de *look* Benakiz Bhutto, toda unha bandeira de combate contra o triste rigorismo jomeinista, ocasiónalles problemas cos gardas da ortodóxia. O castigo dos latigazos por unha vestimenta pode ser evitado pagando unha multa en metálico".

"Coqueteo. A seducción exprésase en fugaces pero significativos cruces de miradas, sorrisos e acenos. Ante un home que lles interesa, as mullers máis audaces arranxan o velo para que poda vérselles o cabelo".

"Compras. Se se exceptuan as bebidas alcolícas, as fotos de chicas lixeiras de roupa e os milleiros e milleiros de libros, películas e discos «contrarios á revolución», non hai carestia no Irán, un país de grandes comerciantes. Atópanse en abundáncia desde mercadorias locais –froitas, verduras, carnes, peixes, caviar, pistachos, alfombras...– até os últimos modelos de automóbeis Peugeot, pasando por produtos electrónicos xaponeses ou coreanos. Non hai problemas para adquirir mercadorias tan inequivocamente norte-americanas como Coca-Cola, Marlboro ou Windows 95. O mau son os prezos. A 3.000 riais o dólar segundo o cámbio oficial e 4.200 no mercado negro, e cunha inflación de entre o 50% e o 100%, a xente carga con enormes feixes de billetes co retrato de Jomeini". ♦

Nora Cortiñas

'Nen o esquecimento nen o perdón poderán vencer ás Nais de Maio'

JUAN CARLOS MARTÍNEZ / BUENOS AIRES

O XUÍZ BALTASAR GARZÓN TOMOU EN CONSIDERACIÓN A DENÚNCIA DA UNIÓN PROGRESISTA DE FISCAIS E VAI COMEZAR AXIÑA A TOMAR DECLARACIÓNS POLOS DESAPARECIDOS DE NACIONALIDADE ESPAÑOLA NA ARXENTINA. NORA CORTIÑAS, UNHA DAS PRIMEIRAS NAIS DE MAIO QUE SAIRON A RUA, COMENTA NESTA ENTREVISTA OS PRINCIPAIS FITOS DESTA LOITA EXEMPLAR.

Nora Cortiñas, á esquerda, durante o xuízo a Astiz en Decembro de 1986. RICARDO CEPPI

Que opina da decisión de Garzón declarando competentes aos tribunais do Estado español para xulgar os crimes da Ditadura arxentina?

Paréceme unha atitude valente, digna dun xuiz independente, dun xuiz que ten verdadeiro sentido da xustiza. Tanto Garzón como os fiscais que promoveron a iniciativa deron un exempo de dignidade profisional que ogallá teña imitadores no noso país. As atrocidades incluiron a trescentas persoas de nacionalidade española ou descendentes, e son delitos de lesa humanidade, imprescriptíbeis. A impunidade non é o mellor camiño para os povos que queren vivir civilizadamente.

Cumpríronse recentemente mil xoves dando voltas á Praza de Maio.

E seguiremos até o final dos nosos días reclamando xustiza e castigo para os culpábeis desta lacerante traxédia. A min leváronme a meu fillo Gustavo con só 24 anos, e desde entón, como a tantas outras nais, a miña vida mudou radicalmente. Non houbo nen haberá xeito de encher aquel vacio. O movimento comezou o 30 de Abril de 1977, cando nos encontramos oito nais. Unha semana despois xa eramos catorce. Faciamos contacto entre nós nos lugares onde nos dirixiamos a perguntar polos nosos fillos, comisarias, xulgados e cárceres.

Por que na Praza de Maio?

Azucena Villaflor, a fundadora de Nais, escolleuna porque está frente ao corazón do poder político, que é a Casa Rosada, en medio do infuinte mundo da banca e ao pé da Catedral. Daquela non imaxinabamos que a Igrexa nos ia pechar as portas.

Quen era Azucena Villaflor?

Era unha loitadora nata, unha muller combativa cun grande valor. Viña do seo dunha família de forte militáncia política e sindical. Fóra dirixente do sindicato telefónico na sua mocidade et iña carisma de líder. Desde o comezo impuxo un lema *todas por todos*. Nos oito meses que estivo á frente de Nais deunos un exemplo de coraxe e de solidariedade. Nesa persoalidade hai que buscar a razón pola que a desapareceron, cando o asesino Astiz se infiltrou entre nós.

Azucena Villaflor foi secuestrada xunto coas monxas francesas, o 8 de Decembro de 1977 no adro da Igrexa de Santa Cruz, onde os cregos irlandeses nos cedían unha sala para as reunión clandestinas. Astiz sabia que estabamos preparando un anúncio e xuntando cartos para pagalo, denunciando as desapariciciónS. Preparou o secuestro de unha dúcia de persoas e marcounas dándolle a cada unha das vítimas un billete de peso e dicíndolles "só teño este peso. Hoxe non podo poñer cartos para o anúncio". A medida que saian da zona secuestrábanas e nunca máis se soubo delas. A esa altura creian que o Movimento de Nais da Praza de Maio ia disolverse e que ninguén se atreveria a sair máis á rua. Demostrámoslle entre todas que estaban equivocados.

Na Arxentina hai moita xente que quer esquencer, incluida a Igrexa.

A Igrexa foi, salvo conductas isoladas, cómplice dos crimes da Ditadura. Por iso quer esquencer, para que non lembremos as suas próprias culpas. Ademais non habia na Arxentina unha institución que contase coa información que tiña a Igrexa. E isto era asi porque todas nós recorriamos ás xerarquías eclesiásticas en demanda de apoio na procura dos nosos fillos, sabendo o poder que ten a igrexa no noso país.

Cal foi a sua experiéncia persoal nese sentido?

Desagradábel, como a do resto das nais. Primeiro fun ver ao bispo Rapanti, da diócese de Morón, onde resido, e me atopei coa ambigüidade personificada. Que non podo facer nada, que me dirán que son un cura bermello, que son cousas moi delicadas... Axiña abandonei a idea de atopar solidaridade naquel bispo e procureino en Colino, o da diócese de Lamas de Zamora. Foi unha experiéncia espantosa. Confeso que me atopei co máis perverso que coñecin como crego Abriume el mesmo a porta e cando lle dixen, chorando, que acudia a el para lle pedir axuda porque os miitares me levaran o fillo, púxose coma unha fera e empuxoume fóra. Agarreime á porta e puxen un pé para que non a pechase pero aquela besta empurrou e case me tritura o pé, mentres berraba "Se o levaron por algo seria. Fóra, non quero vela nunca máis".

Todas aquelas persoas que coñezan testemuños ou nomes de desaparecidos con ascendente galego, poden dirixirse á Asociación Arxentina Pro-Direitos Humanos (Rua Hortaleza, 19-1º dta. 28004 Madrid) ou chamando aos teléfonos (91) 3159603 ou (91) 4356550.

Non houbo bispos solidários?

Si que os houbo, pero cóntanse cos dedos da man. Xaime de Nevares —morreu o ano pasado—, Esteban Hesayne, Jorge Novak e Eduard Angelelli. Este último dixeron que morreu nun acidente de tránsito, pero foron os militares que quixeron encobrir desta maneira o seu asesinato.

Vostede entregoulle unha carta ao Papa cando visitou a Arxentina, e despois no mesmo Vaticano.

Ao Vaticano fun o 19 de Decembro de 1979. Concedéronnos audiéncia a min e a Maria Rosario Cerrutti, pero finalmente suspenderon a visita. Enteirámonos que outro bispo arxentino —Pio Laghi— suxeriulle ao Papa que non nos recebera porque éramos comunistas. Mesmo asi entregámoslle a carta nunha audiéncia colectiva. Eu, en vez de bicarlle o anel, collinlle as duas mans, e díxenlle que viña da Arxentina nde se torturaba en nome de Deus, que habia miniños desaparecidos e que se estaban cometendo atrocidades. O Papa seguiu camiñando e máis tarde veu onda nós e díxonos que nos ía dar a benzón para todas as nais arxentinas, pero que tamen se torturaba e habia nenos desaparecidos noutras partes do mundo. Vaia consolo...

E cal foi o comportamento da embaixada dos Estados Unidos?

Absolutamente nefasto. Cando secuestraron a Azucena Vilaflor fumos ver ao embaixador Raul Castro e resultou que xa sabia todo e con detalles mínimos. Inxénuas de nós que iamos á embaixada a contar o noso drama creendo que ns estaban axudando cando traballaban en combinación cos represores. Un dos desaparecidos da Igrexa de Santa Cruz foi o pintor Remo Berardo, a quen contrataran para lle dar clases de pintura a alguns funcionários da embaixada. A Remo non o levaban pola vocación artística, queríano para tirarlle información sobre as nais e os organismos de dereitos humanos. Cando vin a película *Missing* tiven a sensación de estar vendo ao embaixador Castro e ao resto dos seus funcionários, comediantes e hipócritas. ♦

Unha ferida nun accidente en Nigrán estivo unha hora sen ser atendida ao non haber persoal na ambulância

O 061 chama ao persoal de urxéncias ao non ter de sanitários próprios

MARIA ALONSO

Un acidente de tránsito ocorrido a finais de Xullo, no cruce de Nigrán, puxo de manifesto os problemas que se están derivando da forma de funcionamento da central de coordenación de emerxéncias médicas, máis coñecida como 061. Este servizo, que se atopa centralizado en Santiago de Compostela, está sendo xestionado pola empresa *Medtec*, a mesma que explota a alta tecnoloxia que se está a implantar nos centros hospitalários. As ambuláncias do 061 que non contan con persoal sanitário chaman aos servizos de urxéncias para requerilo criando unha situación de desamparo para os traballadores e para os feridos. Os primeiros non poden abandoar os servizos de urxéncias e os segundos, como no caso de Nigrán, poden estar unha hora na estrada sen ser atendidos.

A denúncia realizada por un enfermeiro do Servizo Normal de Urxéncias "Val Miñor" de Nigrán permitiu coñecer que o 061 está intentando paliar a falla de persoal sanitário nas ambuláncias cos traballadores dos servizos de urxéncias. Cando o 061 foi avisado do acidente de tránsito, e tras advertir a unha ambuláncia para que se fixese cargo dos feridos, deu orde ao persoal do devandito servizo para que se desprazase nese veículo ao lugar do sinistro para prestar asisténcia sanitária aos afectados. Este feito, que segundo o persoal consultado estase a repetir en distintos centros, é consecuéncia de que os veículos non levan o persoal necesário para facerse cargo dos accidentados.

Atender con rapidez aos accidentados é fundamental, pero algunhas ambuláncias do 061 carecen de persoal especializado. A. IGLESIAS

O problema que xurde é doble: o persoal desprazado desatende o seu posto de traballo, para acudir á chamada dunha empresa que non é a que o ten contratado e, por outra banda, os posíbeis usuários do servizo de urxéncias poden atopar o posto desatendido.

Intereses económicos

O ATS ao que o 061 lle reclamou a sua preséncia no lugar do accidente, e que prefire non ser identificado, considera que detrás da actuación da empresa que coordena a central de emerxéncias médicas existen intereses económicos. Na sua opinión, " a insisténcia en que acuda persoal sanitário, sexa médico ou enfermeiro, na ambuláncia débese a que, evidentemente, non lle cobra o mesmo á compañia aseguradora que corre cos gastos dos accidentados por unha ambuláncia soa que por unha ambuláncia con persoal sanitário incluido". Ainda que resulta lóxico que un profesional sanitário avalie o estado dos feridos, non o é tanto que "a empresa piratee o persoal da sanidade pública coa falla de emprego que existe actualmente no sector".

Por outra banda, además de salientar os riscos derivados da ausséncia de persoal de urxéncias no seu posto de traballo, considera que *Medtec* está a proveitarse de que boa parte do persoal sanitário da Sanidade pública ten contratos temporais ou precários. O medo a perder o seu posto de traballo explica, na sua opinión,que nalguns centros se estea a "obedecer ordes dunha empresa privada da que non temos nengun dato e que está querendo utilizar esta situación para servirse da sanidade pública no seu próprio benefício".

O informe de emerxéncia elaborado polos responsábeis de coordenar a asisténcias aos accidentados no sinistro de tránsito que tivo lugar en Nigrán obrigou ao enfermeiro a explicar por escrito o acontecido diante da dirección provincial do Sergas de Pontevedra. Este informe denúncia, pola sua banda, a negativa do ATS e do médico do Servizo Normal de Urxéncias (SNU) "Val Miñor" a trasladárense na ambuláncia deixando o seu posto de traballo. Este informe asinado por Manuel M. Pereira Carnero, asegura que o ATS aconsellou que a ambuláncia recollera aos feridos e os transladar ao servizo, proposta que non aceptou, polo que o enfermeiro replicou que non atendia ordes do 061, sobre o que ninguén lle dixera nada, xa que traballaba para a sanidade pública. Engade que, mália falar a continuación co médico para que se desprazara, a ambuláncia chegou ao lugar do accidente sen persoal sanitário a bordo, case unha hora despois da primeira chamada. Finalmente, sinala que foi o conductor da ambuláncia quen decidiu sobre o estado da accidentada, transládandoa á clínica privada de Vigo *Povisa*.

Protestas sindicais

A consecuéncia destes feitos, o Sindicato de Enfermeria (SATSE) remitiu unha carta ao director xerente de Atención Primária do Sergas, Alberto García Pazos, para pedirlle explicacións sobre o tipo de relación que mantén o 061 cos profisionais que se atopan de garda nos servizos de urxéncias. Na sua opinión, estase a dar "unha superposición funcional e xerárquica nada clara e irregular". O SATSE pergunta quen atende as urxéncias se o próprio persoal ten que desprazarse e advirte que os traballadores afectados poden incorrer nunha falta de abandono de servizo, con repercusión negativa para o expediente do traballador ou, pior ainda, nun delito con implicacións de carácter penal. Esta organización pede que se modifique unha "situación irregular" para que "os profisionais non se vexan implicados en situacións comprometidas na sua práctica laboral por unha falla de previsión e organización dos responsábeis sanitários". ♦

CATÁLOGO A NOSA TERRA

Solicíteo gratuitamente ao telf. (986) 43 38 30

Todos os libros e as publicacións de *Edicións A Nosa Terra*, pode atopalos permanentemente nestas 40 librarias de todo o país.



EDICIÓNS A NOSA TERRA

A Coruña
Couceiro II. *A Coruña*
Arenas. *A Coruña*
Lume. *A Coruña*
Colón. *A Coruña*
Nós. *A Coruña*
Hernández. *A Coruña*
Sargadelos. *Santiago*
Follas Novas. *Santiago*
Encontros. *Santiago*
Couceiro. *Santiago*
Pedreira. Santiago
Sargadelos. *Ferrol*
Helios. *Ferrol*
Brañas. *Carballo*
Sementeira. *Noia*
Cunqueiro. *Pontedeume*
Do Neno. *As Pontes*

Pontevedra
Escolma. *Pontevedra*
Michelena. *Pontevedra*
Paz. *Pontevedra*
Seoane. *Pontevedra*
Maxtor. *Vigo*
Cartabón. *Vigo*
Librouro. *Vigo*
Sargadelos. *Vigo*
Limiar. *Vilagarcía*
Vernet. *Baiona*
Biblos. *Tui*
Atlántica. *A Guarda*
Dalvi. *Lalin*

Lugo
Souto. *Lugo*
Biblos. *Lugo*
Aguirre. *Lugo*
Segrel. *Vilalba*

Ourense
Porta da Vila. *Viveiro*
Xistral. *Monforte*
Torga. *Ourense*
Stylo. *Ourense*
A Nova. *Ourense*
Epi. *O Carballiño*

San Caetano
XAN CARLOS ANSIA

Folla de servizos

Para min o mellor País sempre foi un bon Rioxa. O *rosbif*, o *entrecot*, os *escalopes cordon blue* e o *solomillo a la pimienta*, forman parte da miña dieta alimentícia desde que ostento cargo público. Nas xornadas gastronómicas da caza, son o primeiro en chegar e o último en erguer da mesa. Sempre lembro con cariño o dia que toda a famílía íamos xantar cos caseiros, tiñan aquel caldo tan rico... ♦

O lardo, as patacas e o repolo non os podo nen probar. Son cousas das que nunca gostei. Debe ser polo meu cosmopolitismo. De aí me ven a afección polo gazpacho, a pizza e o paté. Sen despreciar a matéria prima prefiro os pratos elaborados, coa calidade adquirida pola manipulación dun *chef* de prestíxio internacional.

Hai anos que non probo unha sardiña, un xurelo ou uns roxóns. Aos botelos collín-lle manía de cativo. O meu manículo curvo, está conquerido a base de moitas horas de ter o cu sentado en poltronas e comelladas oficiais.

Tomasito Pizarras, traga saliva e baixa as persianas do seu despacho. Ten-lle pasado outras vezes. Cando mira pasar unha mobilización de labregos entra-lle a fame.

Co paso dos anos o seu currículum alimenticio ten-se dotado de páxinas brillantes. A presidéncia do Parlamento, a Conselleria de Agricultura, son hoxe obrigadas referéncias culinárias. Come-se todo. Desde o marrón da supertaxa aos sapos dos incéndios forestais. Os mellores *gourmets* desconfian dun home de estómago tan agradecido. ♦

CIDADES

Para acadar unha indemnización ou un acordo similar

A petición de permiso para a ponte da illa de Cortegada pretende presionar ao Concello

A apresentación por parte da proprietária da illa de Cortegada da petición dun permiso para a construción dunha ponte para unila ao continente provocou a alarma entre os sectores políticos, sociais e viciñais do concello de Vilagarcia. Pero outros dados indican que detrás da solicitude poderia están o intento de conquerir unha indemización por non poder explotar urbanisticamente a illa ou implicar á xunta no financiamento do proxecto.

A ponte é o paso imprescindíbel para urbanizar a illa.

Recentemente, Cortegada S.A. apresentou diante da Delegación Provincial de Costas de Pontevedra un proxecto para a construción dunha ponte entre a illa e Carril. O documento foi transladado automaticamente ao concello, como indica a lei, e esta institución emitiu un informe xurídico no que indicaba que o proxecto non se axustaba ás normas urbanísticas locais, que conceden á illa especial protección.

A empresa proprietária da illa de Cortegada, Cortegada, S.A., tería a intención de facerse con fundamentos xurídicos de maior peso que permitisen entablar un pleito co concello, ou ben ter argumentos diante da Xunta para presionar cara a que a illa pase a formar parte do património público como parque natural, coa correspondente indemnización.

Outras alternativas que teria a empresa, segundo sospeita a Comisión para a Defensa de Cortegada, serian tratar de conquerir en Madrid permiso da Dirección Xeral de Costas para erguer unha ponte, para despois forzar ao concello a mudar a calificación urbanística da illa –agora é espazo protexido– na revisión do Plano Xeral de Ordenación Urbana que ten que producirse proximamente. Unha terceira opción, ante a falta de recursos de Cortegada S.A., seria pactar coa Xunta e o concello unha urbanización branda, con menor volume de edificación e cesión de espazos e usos a cámbio dun investimento público. Contodo, para levar adiante calquer destes planos precisaria o concurso de demasiadas administracións, con intereses difíceis de conciliar.

O proxecto de urbanización da illa, coa construción dunha ponte, edificación de residéncias de luxo e dun hotel costaria doce mil millóns de pesetas, unha cantidade inabordábel por Cortegada S.A., que ademais non conqueriria de imediato atraer compradores. Deste xeito, a viabilidade económica do proxecto seria discutíbel.

Un longo conflito

A princípios da década dos oitenta a emprea Cortegada S.A. e o concello, governado daquela por unha coalición entre o PSOE e o PCE, asinou un acordo que permitia a urbanización da illa, pero cunha série de condicións de urbanización e cesións de terreos para usos públicos. Un dos pontos do acordo era que o permiso de urbanización prescribia ao cabo de seis anos, o que significaba que, se en seis anos non comezaban as obras, volvia a ter vixéncia o ordenamento urbanístico anterior. Por outra banda, naqueles momentos a oposición ao proxecto era feble. Os viciños de Carril vian no proxecto a criazón de moitos postos de traballo e o PSOE e o PCE avalaban a operación. Só os nacionalistas e os ecoloxistas estaban en contra.

Cortegada S.A. non acometeu a tempo o proxecto de urbanización e posteriormente apresentou un recurso contencioso administrativo alegando que pasara o prazo por mor dos obstáculos postos pola administración. En realidade non hai tal e non hai argumentos xurídicos para defender este contencioso.

En todos estes anos as circunstáncias viciñais, políticas e sociais mudaron considerabelmente. Os viciños, que teñen viveiros marisqueiros privados, en réxime de concesión, nas imediacións da illa, ven na construción da ponte unha ameaza á continuidade das explotacións polos danos que pode causar nos bancos de area. No PSOE, que governa Vilagarcia na actualidade, xa non hai a mesma perspectiva, e as posibilidades económicas de desenvolver o proxecto de Cortegada están mediatizadas pola escasa demanda que este tipo complexos teñen na Galiza. A poucos quilómetros, os proprietários do Casino da Toxa están a valorar a posibilidade de transladalo a Vigo, unha cidade na que a actividade teria continuidade ao longo de todo o ano.♦

Por orde do alcalde Manuel Pérez, do PP

Impeden á oposición acceder aos expedentes municipais en Vigo

O alcalde de Vigo, Manuel Pérez, do Partido Popular, vai de ditar unha orde pola que impede aos concelleiros da oposición aceder aos expedentes municipais antes de ser aprobados estes pola Comisión de Governo. A medida, descoñecida mesmo nos tempos do alcalde Manoel Soto, contravén a Lei de Bases de Réxime Local, o Regulamento de Organización, Réxime Xurídico e Financiamento das Corporacións Locais (ROF), o Regulamento Orgánico do Concello e o Regulamento de Participación Cidadá dese município.

A Lei de Bases de Réxime Local estabelece que todo cidadán interesado nun expendente municipal pode aceder a el en calquer momento da sua tramitación.

O alcalde da cidade, para xustificar a decisión, dixo que os concelleiros socialistas filtraran á prensa un expedente sobre o Imposto de Actividades Económicas antes de ser estudado pola Comisión de Governo e argumentou xuridicamente a decisión en base a informes xurídicos noutros concellos, como Madrid, onde tomaron medidas similares.

Lois Castrillo, concelleiro do BNG, recordou que "un expedente é, por exemplo, a tramitación dunha licéncia, que é un procedimento reglado que comeza cando se solicita a licéncia e remata cando se concede, e un cidadán pode estar interesado nela e ainda máis un concelleiro, que é un representante e está interesado en todo, e máis ainda nos expendentes da Comisión de Governo; outra cousa é que se deban facer públicos".

A meiados de Agosto Manuel Pérez xa anunciara recortes no labor da oposición ao adiantar que remataria co "obstrucionismo da oposición".

Para a oposición municipal, que non ten coñecimento oficial da decisión da alcaldia, é unha regresión nos direitos dos representantes populares e trata de impedir que o PSOE e o BNG examinen os expedentes e fagan obxeccións aos mesmos. "Non queren que controlemos as adxudicacións direitas, nen as facturas nen nada", dixo Castrillo, que lembrou que no mandado da pasada corporación, cando o PP estaba na oposición, habia información dabondo e nunca se negou nada disto. "Os do governo municipal actual xa levaban tempo moscas por mor do control da oposición", explicou Castrillo.♦

Cabezas pasa por alto as denúncias e dá licéncia a *San Rosendo*

O concello de Ourense, presidido polo *popular* Manuel Cabezas, pasou por alto as querelas que a Universidade de Vigo, a *Plataforma Pro Campus Digno* e formacións políticas como o PSOE e o BNG interpuxeron contra a construción de duas residencias universitárias pola Fundación *San Rosendo*. O Luns 9 anunciou que concede o permiso para que se inicien as obras en terreos do campus. As residéncias, unha para rapazas e outra para rapaces, serán de carácter privado. Os vicerreitorados da Universidade de Vigo centraron a denúncia na especulación urbanística e afirmaron que non ian recoñecer as residéncias como universitárias e a oposición no concello de Ourense sinalou que a solicitude se tramitara con moita rapidez. A Fundación *San Rosendo* está presidida por Benigno Moure, responsábel de Caritas en Ourense e dun entramado de residénciais sociais e outras empresas.♦

Denúncian irregularidades nas contratacións en Mondariz

A selección dunha persoa para cubrir o posto na biblioteca municipal de Mondariz levouse a cabo sen incluir unha baremo de pontuación nas bases de contratación, segundo denunciou a oposición municipal, PSOE e BNG. A Comisión seleccionadora non se correspondia coas persoas que figuraban nas bases do concurso e o alcalde reservouse o priviléxio de pontuar no último lugar, coñecendo de antemán as pontuacións outorgadas e decidindo de feito a eleición dos aspirante. Un dos aspectos máis polémicos foi que a persoa que quedou coa praza, por renúncia da primeira (a quen non compensaba o salário), era nora do primeiro tenente do alcalde e a ela valoráronlle o coñecimento do alemán sen apresentar acreditación, dando máis nota que a outro aspirante que acreditou ter os cursos de iniciación e perfecionamento de galego.♦

O alcalde do Rosal non paga os enganches da luz

Nestes dias, o concello do Rosal reclama dos viciños o pago dos enganches de auga e alcantarillado dando un último prazo. O grupo municipal do BNG revisou os listados e comprobou que o alcalde ten neles cinco enganches e só paga un. "No listado de taxas só figura o pago de un dos cinco enganches que nos constan de propriedade do alcalde ou da família directa, que sí están no listado de enganches, o que por tanto significa que se beneficia do seu uso".♦

Co apoio dos sindicatos, ainda que a CIG prefire o fin da proibición de construir barcos civis

As mobilizacións da *Bazán* oriéntanse a conquerir orzamento para as fragatas

O calendário de mobilizacións do estaleiro ferrolán Bazán, aprobado en asemblea de traballadores o Luns nove de Setembro, é amplo e pretende coincidir co debate dos presupostos, para demandar do Governo central consignación orzamentária para a construción de várias fragatas, algo que daria carga de traballo a un centro que só pode construir buques militares.

Mália que todos os sindicatos apoiaron o calendário de mobilizacións, os nacionalistas teñen unha postura distinta en canto a presionar ao Governo para que construa as fragatas. Para a CIG, o problema é conquerir que se levante a proibición que pesa sobre a Bazán para facer barcos mercantes. O devandito impedimento legal data dos decretos de reconversión naval que asinaron a princípios dos anos oitenta o Governo do PSOE e a central sindical UGT. Desde 1985 o sindicalismo nacionalista estase a mobilizar para que "Bazán sexa unha fábrica".

Para a CIG, un estaleiro como Bazán, con 4.000 traballadores, non pode estar dedicado unicamente á construción de barcos militares, senón que debe buscar mercado na construción civil. A consignación orzamentária para as fragatas só solucionaria o problema a curto prazo, e socialmente é difícil de explicar que se solicite facer embarcacións de guerra.

Mobilización de traballadores de Bazan no ano 88. C. MIRAGAYA

Diversificación

A diversificación –entrar no mercado civil e noutras indústrias non estritamente relacionadas coa construción de buques– é unha opción que xa tomou a Bazán, pero de forma conxuntural. A factoria ferrolán ten unha fábrica de turbinas que ocupa a 500 traballadores e en San Fernando (Cádiz) o estaleiro público empregou unha trécola para fabricar *ferries* sob dependéncia de tres ministérios distintos e coa participación da indústria privada, colocando os buques no mercado através da compañia navieira Transmeditarránea.

O problema para Bazán é que a Séptima directiva da UE impede a construción naval ás fábricas que non son estaleiros, e Bazán non o é a conta dos acordos de reconversión. Por outra banda, a diversificación ten que pasar pola entrada no campo da indústria civil, en concreto en novas tecnoloxias como a construción de centrais de coxeneración ou outras alternativas dese tipo. Pero isto non é posíbel sen investimentos que permitan reacondicionar o estaleiro.

Si ben a normativa da Unión Europea é contrária ao financiamento público da indústria, permite o investimento en Investigación e Desenvolvimento (I+D), algo que está relacionado coas novas tecnoloxias e que permitiria *desviar* orzamentos para adaptar ao estaleiro para a construción naval civil.

Por outra banda, a diversificación está a dar notábeis éxitos en distintos estaleiros alemáns, ingleses e belgas, algo que está a servir de exemplo tamén nos Estados Unidos. Esta alternativa non é unha decisión caprichosa, a ONU emitiu un comunicado orientando sobre a necesidade da reconversión da indústria militar en civil e adiantou unha lista de setenta e catro posíbel s opcións para a diversificación.

A Septima directiva comunitária, que impede a Bazán construir barcos, está a piques de expirar, pero as directivas que a preceden foron prorrogadas cando o seu obxectivo ainda era vixente. En palabras do responsábel da CIG, António López Rivera, o obxectivo desa directiva é eliminar o sector naval no Estado español para permitir a supervivéncia dos estaleiros alemáns, cuxa capacidade produtiva aumentou coa unificación dese país e que está limitada pola competéncia española. Precisamente para facilitar a continuidade da indústria naval alemá, sobretodo a do Leste, foron empregados métodos como o desvio aos estaleiros de cartos para I+D.♦

Denominación de Orixe definitiva para os viños da Ribeira Sacra

A Consellaria de Agricultura recoñeceu carácter definitivo aos viños da Ribeira Sacra elaborados conforme os requisitos fixados no Regulamento particular da Denominación. Abrangue a 17 concellos e está dividida en cinco subzonas: Amandi, Chantada, Quiroga-Bibei, Ribeiras do Miño e Ribeiras do Sil. Os brancos monovarietais serán elaborados co 100% das variedades de Albariño ou Godello e os tintos monovarietais con Mencia. Con esta xa son cinco as denominacións de orixe galegas: Ribeiro, Valdeorras, Rias Baixas, Monterrei e Ribeira Sacra.♦

Os sindicatos protestan pola provisionalidade dos profesores

Tanto a CIG como as CCOO están denunciando o xeito de levar a cabo o proceso de adscrición dos profesores aos centros para o novo curso. Como en anos anteriores, as centrais sindicais quéixanse de que as datas para que as listas estexan elaboradas vanse pospoñendo por un problema de *improvisación*. Tamén sinalan que a progresiva implantación da Reforma Educativa pon de manifesto que novas matérias obrigatórias non contan con profesores especializados nos centros. As CCOO critican, sobretodo, a provisionalidade dos profesores que ano tras ano teñen que esperar a uns dias antes do comezo do curso para saber onde van ser destinados. A CIG sinala que moitos alunos serán rexeitados na rama de FP que elixan por falta de previsión. Para as centrais resulta significativo na situación do ensino público que descendera o número de docentes, sendo o pasado ano 9.458 e este 9.431.♦

Facenda pon un recurso contra as competéncias de Euskadi

A secretaria de Estado de Facenda interpuxo un recurso contencioso-administrativo no Tribunal Superior de Xustiza do País Basco polo que considera competéncias indebidas en relación á Facenda Pública en Euskadi. O réxime foral que rexe ao Governo Basco en matéria de fiscalidade non está lexitimado de abondo para o Ministério de Economia, que argumenta que aquela comunidade é un paraiso fiscal para as empresas e que xa son várias as que estabeleceron o seu domicílio social en Euskadi. Desde o Governo Basco, este tipo de medidas estípulanse en base a mellores incentivos empresariais e criación de emprego. De calquer xeito, o secretario de Estado de Facenda afirmou que o recurso apresentárase porque remataba o prazo e que todo se poderia solucionar negociando concesións dun e doutro lado.♦

AS CERAMICAS DO CASTRO E AS DE SARGADELOS ESTAN FEITAS CON TERRAS GALEGAS, AS IDEAS E A CIENCIA QUE LLES PROPORCIONA O LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA E O SEMINARIO DE ESTUDOS CERAMICOS
ENGADINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEITANDO NA NOSA TERRA OS NOSOS RECURSOS

Os traballadores da Fábrica de Armas levan tempo manifestándose pola continuidade da actividade. A. IGLESIAS

Serian utilizados polo Governo para pechar a factoria coruñesa

Os traballadores de Santa Bárbara temen novos proxectos industriais de escasa solvéncia

Unha resposta do ministro de Indústria, Josep Piqué, ao Grupo de Izquierda Unida no Congreso, puxo de manifesto que o Governo central continua coa intención do anterior Executivo de pechar a factoria de Santa Bárbara.

Desque os tribunais deron a razón aos traballadores na sua reclamación de non ser incluidos no proxecto industrial dos Discos Duros de Ordenador (DDO), a indefnición guvernamental ten sido a norma, por esta razón, o recén constituido Comité Intercentros da Empresa Nacional Santa Bárbara, vai comezar a reclamar pronunciamentos sobre a crise desta indústria. O Comité Intercentros ten carácter estatal está dominado pola UGT, con sete membros, e nel tamén están presentes as CCOO, con cinco integrantes, e a CIG, cun representante.

O principal obxectivo dos traballadores é conquerir consignación orzamentária para a merca de partidas de armamento lixeiro por parte do Exército, algo que daria traballo a unha factoria, a coruñesa, especiaizada neste tipo de armamento e que ten un cadro de persoal de 235 persoas, das que só están a traballar 35, xa que o resto do plantel está sometido a unha regulación temporal de emprego. Na actualidade, na Fábrica de Armas da Coruña só se rexistra un 6% da ocupación.

O 29 de Xullo pasado houbo unha reunión do Comité coruñés de Santa Bárbara con representantes da Xunta, membros do ministerio de Indústria e de Arsénio Fernández de Mesa, que estaba en calidade de representante do PP. No encontro, segundo o representante da CIG no Comité de Empresa, Manuel Franqueira, "díxosenos o que queriamos escoitar, que habia que defender Santa Bárbara, pero entraron en contradición co presidente da Axéncia pública".

Condicionantes

Agora o Comité está pendente dunha nova reunión coa Xunta para aclarar as contradicións e saber cal será o futuro da factoria. De todos xeitos, a CIG sospeita que o proxecto DDO, que fracasou en Andalucia, e outros similares serán oferecidos como alternativa ao peche. "A nave de DDO está a piques de rematarse –dixo Manuel Franqueira–, e van volver con ese conto e dar máis posibilidades de emprego que unicamente serán chiringuitos, pequenos proxectos inviábeis que pecharán ou entrarán en crise en poucos meses". Franqueira citou os casos de Motores Deuzt ou a Sociedade Italiana do Vidro como alguns exemplos de proxectos pantasmas ou de escasa viabilidade.

Un dos maiores condicionantes que ten a Fábrica de Armas para continuar o seu labor é a sua ubicación e os terreos que ocupa. Sobre as instalacións da fáctoria hai apeténcias urbanísticas de sempre. Para Franqueira, isto ten un lado positivo e outro negativo. "O negativo –dixo– é que os especuladores presionan, o positivo é que pode ser utilizado para refinanciar a empresa, estariamos dispostos a cambiar de ubicación da fábrica e a que se vendesen os terreos se garante a continuidade na Coruña e consolidaran a empresa, en lugar de liquidala". ♦

Dias 19, 27 e 29 de Setembro e indefinida a partir do 30

Folga no comércio pontevedrés para forzar a negociar un convénio

Un total de 8.500 traballadores e 3.000 estabelecimentos comerciais están afectados pola folga convocada no comércio da província de Pontevedra para os dias 19, 27 e 28 deste mes de Setembro, que será de carácter indefinido a partir do 30 do mesmo mes. Os sindicatos denúncian que a patronal non quer negociar.

A folga foi convocada polos tres sindicatos (CCOO, CIG e UGT) e comunidada á Delegación do Traballo. O acto reivindicativo débese a que a patronal dalguns sectores ou ben négase a sentarse a negociar desde princípios de ano ou ben fai ofertas regresivas sobre uns traballadores cunhas condicións laborais xa difíceis. O ano pasado, o convénio xa fora asinado en solitário polas CCOO e por esta razón nalguns casos foi declarado nulo e noutros de eficácia limitada, afectando unicamente a aqueles traballadores que querian acollerse ao novo convénio. Este ano, despois das eleicións sindicais, a CIG é o sindicato maioritário nalguns sectores e a sua presenza é determinante noutros, de modo non é facítbel que se dea unha situación de asinamento unilateral dun convénio por parte dun sindicato.

Os sectores de comércio afectados por esta convocatória de folga son, en concreto: material de construción, textil-retal, pel, móbeis, metal, textil maior, bazares e vidro plano.

Unha plataforma reivindicativa conxunta, formada polas centrais CCOO, CIG e UGT, apresentou á patronal un anteproxecto de convénio cunha duración de dous anos e un incremento salarial do 5% nos dous anos e en todos so conceitos salariais, coa garantia de suba de un ponto e médio sobre o IPC anual. A xornada laboral seria de oito horas diárias e un total de 40 semanais. Outro ponto que contempla o anteproxecto é a definición dos distintos tipos de contratos para evitar a precarización.

A convocatória de folga xa tivo alguns efectos entre a patronal; no caso do comércio do metal, os sindicatos levaban agardando desde Xaneiro a que os empresários se sentaran a negociar o convénio, e tan pronto como foi apresentada a convocatória de paro, acederon a negociar. ♦

Vivenda e natalidade

MANUEL CAO

Moitas veces tende a relacionarse o problema da vivenda coa diminución da natalidade. Aparentemente, a decisión de procrear veriase afectada negativamente, e ainda determinada, pola non disponibilidade do que seria unha vivenda digna. Unha mera comprobación empírica demoustra que tal relación non opera nese sentido. En efecto, en xeral é nos paises máis ricos e avanzados nos que coexiste unha caida espectacular da natalidade cun parque suficiente de vivendas de calidade sendo marxinais os fenómenos de chabolismo. O caso galego non é unha excepción dándose unha alta taxa de vivendas en propriedade xunto cunha alarmante caída de natalidade. De aflorar todo o património inmobiliário atopariamonos con que na Galiza debe haber xa case máis vivendas ca xente. Tampouco é un problema de distribución das mesmas pois o chabolismo tamén é un fenómeno marxinal. En realidade, o problema da vivenda e a sua evolución ten máis que ver cos ciclos económicos de curto prazo, relacionados coa construcción, mentres que a dinámica e evolución da povoación obedece a diversas causas das que a vivenda é, quizáis, unha das que ten menor valor explicativo. A vivenda vese afectada pola evolución xeral da economia mentres que a povoación é o resultado de moitas decisións individuais que nacen do comportamento concreto das detentadoras do monopolio da reprodución: "Nós parimos e nós decidimos" expresa con nitidez o poder monopolista orixinário e de exercício da muller. No exercício dese poder está a clave da evolución da natalidade. Mais voltemos, por agora, ao problema da vivenda.

> 'A relación entre vivenda e natalidade opera exactamente en sentido contrário ao que usualmente se cre"

A comprobación empírica resalta que é nos países máis atrasados, nos que a disposición de vivendas e a calidade das mesmas é mínima, onde se dan as taxas de natalidade máis altas do planeta. Do mesmo xeito, é no seo dos grupos sociais menos favorecidos das sociedades avanzadas onde as taxas de natalidade ainda se manteñen. En realidade, a relación entre vivenda e natalidade opera exactamente en sentido contrário ao que usualmente se cree. Os aumentos de povoación poden activar a construcción de vivendas xa sexa por médio das actuacións públicas ou das privadas, ao tempo que revaloriza o parque de vivendas preexistente. De igual modo, unha caída da natalidade, como a galega, pode tirar polo chan o valor dos patrimónios inmobiliários acumulados con tantos suores e penalidades por moitos traballadores e emigrantes galegos. Pode dicirse que os fillos que non tiveron son os pisos e casas que agora só ocasionan gastos e non producen rendas.

A. IGLESIAS

Poñamónos no pelico de calqueira matrimónio ou parexa xoven con vivenda própria, herdada ou alugada e con rendas salariais suficientes. Se son prudentes e racionais, adiarán a descendéncia o máis posíbel adicándose a viaxar, ir de copas, meterse nunha ONG, comprar coches, motos, cans, gatos, etc. Calqueira cousa antes de procrear pois, dende ese momento, serán responsábeis únicos e indelegábeis dun novo cidadán con moitos dereitos e poucos deberes. Ademais, non poderán culpar ao governo se o bebé chora, durme ou desperta cando cadra, come cando lle parece, etc. Ao final as cousas da vida son sempre menos complicadas do que parecian. ♦

Os afeizoados louban aos extranxeiros pero esixen maior preséncia galega

A presión do Celta-Deportivo surprende ás figuras

A. ESTÉVEZ

"Este derbi ten máis de brasileiro que de galego", dicia unha afeizoado rindo antes de entrar en Balaidos o Domingo 8 mentres esperaba diante das portas. Eran moitos os que ao ser interrogados pola auséncia de galegos no Celta-Deportivo (1-1), respostaban que a competitividade entre as equipas e a senténcia do caso Bossman ian prexudicar á canteira. Coa marcha de Vicente e a cesión de Carlos, non xoga nengun galego no Celta. Toshack, pola sua parte, fixo frente aos comentários dando xogo a catro galegos: Fran, titular, Viqueira, David e Deus, do que dixo que tiña un grande futuro no fútbol. Miles de millóns nas novas fichaxes internacionais para os que este *derbi* foi a primeira toma de contacto co país.

A fichaxe francesa do Deportivo, Martins, que foi substituido na segunda parte, pelexa o balón con Ratkovic. MIGUEL RIOPA

O empate era o resultado polo que case todos os afeizoados apostaban nun primeiro momento, con ou sen estrelas. O Deportivo, mália que estea ainda sen rodar, é unha equipa difícil de batir, como explicaba Fernando Santos, adestrador do Celta despois do encontro. Foi o peche das liñas de defensa, un mellor control do balón na primeira parte e a mala fortuna da equipa de Vigo as que impediron que a victória quedara na casa. Porque se a primeira parte do encontro foi de domínio deportivista, na segunda o Celta asustounos cun cámbio de prantexamento respeito aos corenta e cinco minutos anteriores.

"Gañarlle ao Deportivo dá un regostiño especial pero tampouco de pode centrar todo o interese neste encontro", sinala Xosé Manuel, sócio da grada de *Rio* desde hai cinco anos. Da beira do Deportivo, unha família que esperaba polas suas entradas comentaba que sempre se desprazaran a Vigo no seu automóbil e que non temian os enfrontamentos "porque vimos en son de paz". De calquer xeito, o "regostiño" para os afeizoados celestes foi grande cando no minuto 87 Merino deu un pase ao área que recolle Sánchez cun cabezazo que Songo'o, o novo porteiro do Deportivo, non puido parar. Este gardameta estaba un tanto abraiado de que a presión do público tamén se estivese transladando ao xogo con intentos de liorta entre futbolistas.

A canteira do Deportivo

J.B Toshack saiu ao paso das críticas á auséncia de xogadores galegos aliñando a tres rapaces da canteira. Ademáis, estivo Fran no campo, o único titular galego. Viqueira, David e Deus xogaron na segunda parte, xusto nos peores momentos do xogo do Deportivo. "O problema está en que todos queremos que se descubran novos valores galegos pero nunha liga como esta o que se impon é a competitividade. É preciso acudir ao extranxeiro, a valores xa seguros para poder estar arriba. O modelo basco tampouco é un exemplo porque a Real Sociedad e o Athletic de Bilbao sempre están na corda frouxa. Ademáis, para que crias canteira? Para que un xogador como Etxeberria custe centos de millóns?", comentaba un dos mozos do grupo da Coruña.

O xesto de Toshack non puido mitigar o efecto de declaracións como a de Martins, o defensa francés do Deportivo, que declarou non saber onde quedaba Vigo e ao que, por suposto, a expectación que suscita o encontro colleuno nas berzas. Djukic, pola sua banda, e Gudelj, xa cuns anos de residéncia na Galiza, botaban de menos a xogadores da casa. Na balanza, o Celta levaba a peor parte cun 0-11 a favor dos de fóra. Xa á beira das bandeiras habituais que dan cor as gradas, un enfervorizado admirador de Vivo, dianteiro do clube de Vigo, sacaba do peto unha bandeira israelí. "Coa de equipas base que hai na cidade semella incríbel que non saia nengun xogador. Pero quen se encarrega aqui de ollar ás novas promesas?", comentaba Xosé Manuel, o sócio celtista.

Israelís, franceses e nomeadamente brasileiros son as novas estrelas das duas equipas e neste primeiro encontro ofereceron os seus toques de calidade pero ainda sen idea de colectivo. Mazinho, centrocampista do Celta, amosa o que de el se espera: un control do balón perfecto, reparto de xogo e boa defensa. "Coa de millóns que se gastaron boa seria que estiveramos sofrindo coma sempre", dicia unha afeizoada, que criticaba a suba de prezos no clube vigués. "Agora equiparáronnos aos homes e pagamos o mesmo", sinalaba.

Aos siareiros das duas equipas ainda lles custará un tempo acostumarse ás novas caras, aproximadamente o mesmo que Santos fixa para acadar o 100% de rendimento: un par de meses. Os directivos do Celta, na sua teima por facer un clube "grande", ensaian tímidos intentos de "americanización" como un novo ton exaltado e exultante para a megafonia e unha mascota presente en todo o encontro, que semella saida dun concurso de ideas bastante pobre. "O *Celestino* ten tanto futuro como a anterior mascota. Se chega a un ano xa é moito", comentaban uns siareiros da grada de *Gol*.♦

Unha família desaloxada en Santiago

Unha família do bairro compostelán de Conxo será desfiuzada o próximo dia 18 de Setembro de seguir adiante a orde de desaloxo decretada polo xulgado das Fontiñas, a petición do proprietário da casa. O motivo argumentado para o desfiuzamento é a declaración da vivenda en estado de ruinas, pola perigosidade que supón o inmóbel para as vivendas do arredor e a insalubridade para os próprios inquilinos. Pero os viciños aseguran que o futuro do solar é unha urbanización de luxo.

Enrique Vilariño, a sua muller e as catro fillas levan toda a vida vivindo nesa casa, que ten un arrendamento de hai máis de 70 anos. Son unha família de clase traballadora: el é panadeiro e ela vendedora na praza de abastos de Compostela, polo que carecen de recursos de abondo para buscar outra vivenda alternativa. Enrique Vilariño, convertido en voceiro da família, nega que a casa estea en ruinas, tal e como a calificaron os peritos do xulgado. Afirma que estes "nen sequer entraron na vivenda para redactar o informe, e xulgaron o estado da casa polo seu aspecto externo".

A Asociación de Viciños de Conxo apoia as reivindicacións da família, que consideran xustas. Para Manuel Boquete, presidente da asociación, a decisión do xuíz non resposta á realidade e até agora rexeitou todos os recursos que a família apresentou contra a declaración de estado de ruina. A casa, que ten máis de cen anos de antigüidade, só lle faltan uns arranxos que o dono non permite facer. Manuel Boquete di que "na mesma situación están as tres cuartas partes das vivendas da zona vella de Compostela se se lle aplican os parámetros de vida moderna". O máis paradóxico do caso é que a família de Vilariño solicitou por duas veces unha vivenda de protección oficial pero non lle foi concedida porque as autoridades xulgaron que a casa si estaba habitábel. Enrique Vilariño non entende como "en seis anos unha casa que ten un século de vida pódese deteriorar até o ponto de estar en ruinas".

O dono da casa non pasou pola vivenda, polo que os inquilinos enteiráronse da orde a través do requerimento xudicial. Os viciños afirman que os terreos están apalabrados a unha construtora que ten pensado edificar no solar unha urbanización de luxo. A obra conta co beneplácito do concello, que quere mellorar a imaxe que se ten de Conxo como bairro marxinal. A asociación de viciños ven de pedir estes dias unha vivenda social para a família desfiuzada. Mentres o prazo dado polo xulgado se esgota, e os afectados e os viciños manifestan que non deixarán a vivenda se non se lles oferece unha alternativa.♦

Da Apocalipse á ecoloxia na romaxe dos crentes galegos

A ecoloxia centrou a edición deste ano da romaxe dos crentes galegos, que se celebrou nos lugares de Vilar de Donas e Rosário, no concello de Palas de Rei sob o lema *Polo camiño verde*. A romaxe relacionaba o libro da *Apocalipse* coa alienación e podredume deste mundo e a alternativa ecoloxista como renovación do mesmo. Ecoloxismo ven do termo grego *oicos* (casa), como economia (as cousas da casa) e ecumenismo (a relación da xente da casa), deste xeito na romaxe falouse de construir un ecoloxismo ecuménico e económico. Nesta edición a parte musical correu a cargo de *Saraibas* e contou cunha asisténcia de entre cinco e seis mil persoas, cunha cantidade que se mantén estábel desde hai anos.♦

Xuízo contra o insubmiso Marcos López e acampada antimilitarista

O Martes 17 ás dez e média da mañá xulgan a Marcos López Martínez por un delito de insubmisión ao negarse a participar no exército. A Asemblea Nacional de Obxección de Consciéncia, ANOC, convoca aos antimilitaristas á concentrárense média hora antes do xuízo perante o xulgado, o 2 do Penal de Pontevedra. Co acto de solidariedade para con este mozo ponteareán, estudante de Dereito, a ANOC quere lembrar que "o militarismo español segue reprimindo aos seus opositores mentres pretende dar a entender que o problema está resolto coa promesa dun exército profisional que en absoluto cumpre os obxectivos dos antimilitaristas galegos".

Por outra parte, o MOC de Vigo organiza unha acampada a carón do cárcere para os dias 13, 14 e 15 de Setembro. O obxectivo é abrir un debate sobre a resposta da sociedade ao exército e a solidariedade cos insubmisos presos. Haberá almorzos, charlas e asembleas a partir das oito da tarde do primeiro dia. Nesta acampada antimilitarista pode participar quen queira e cóntase coa presenza de membros da Coordenadora Ecoloxista, *Galiza Nova*, *Rádio Piratona* e a Mocidade da CIG.♦

Tirán gaña a final de honra en Donosti

O Domingo 8, a Sociedade Deportiva Tirán de traiñas gañou a final de honra da "Regata da Concha" de Donosti ainda que non puido acadar ser a primeira na clasificación absoluta, xa que o clube Orio puido manter a sua avantaxe. Despois do triunfo no campeonato español, esta vitória na final da Concha pon de manifesto as aspiracións do clube de Moaña, que foi recoñecido polos participantes da proba de Donosti.♦

O BNG opónse frontalmente á integración do Estado español na estrutura militar

PP e PSOE decididos á plena integración na OTAN despreciando o referéndum

A.E.

Antes de meados do Outono o Governo enviará unha comunicación ás Cortes solicitando un mandato para negociar a plena integración do Estado español na OTAN. Agardan que o trámite esteña concluido para o 11 de Decembro, cando o Consello Atlántico se reuna en Bruxelas, para adoptar os princípios básicos da nova estrutura. O BNG opónse frontalmente á OTAN, considerando que reprime ao Terceiro Mundo e busca abortar calquer posibilidade de cámbio no Occidente. IU pide un novo referéndum, pois na consulta popular de 1986 especificábase que non se entraria na estrutura militar.

As pretendidas campañas de paz tentaron mudarlle a imaxe ao Exército español.

Non hai acordo. Segundo uns, o secretário xeral da OTAN, o antigo ministro socialista Javier Solana, veulle pedir ao Governo español que se integrase canto antes na estrutura militar da OTAN. Segundo outros, Solana veu de visita oficial por primeira vez e o Governo español demandoulle que mediara para que a plena integración do Estado español, levase algunhas compensacións aparelladas que o fixeran máis dixeríbel pola sociedade. Dun xeito ou doutro, o ministro de Exteriores, Abel Matutes, non só confirmou a disposición do Governo á plena integración, senón que enviará ao Parlmento estatal unha comunicación solicitando un mandato para comezar a negociación.

Nas mesmas reunións con Aznar , Eduardo Serra e Abel Matutes, pedíronlle a Solana que intercedese ante os americanos para lograr tres obxectivos do governo español: a renovación da estrutura militar da alianza, para que o Estado español teña cabida; que España albergue un mando que controle o território español e o aceso ao Mediterráneo e que a organización teña unha identidade europea de seguridade.

Solana case lles deus garantías de que asi ha ser. Na primeira proposta non hai problema. O 11 de Decembro reunirase en Bruxelas o Consello Atlántico para adoptar os princípios básicos da nova estrutura militar. A terceira proposta española, sempre se fai fincapé nela ainda que verdadeiramente a OTAN esteña ao servício do EEUU. O mando espñaol sobre o território peninsular pode atopar máis dificuldades. Por unha banda está Grande Bretaña, que é quen controla actualmente o Estreito de Xibraltar. Se o mando pasa o Estado espaol, o Peñón pasará militarmente á sua xurisdición. Portugal é a sé do mando Iberlant, polo que teme que o Estado español a despoxe desta capital da estrutura militar para a Península Ibérica. Para desfacer a situación poderia ser que Portugal aumentase a sua xurisdición até máis alá do Estreito e o Estado español tivese o control até Nápoles, facendo asi de gardián de Europa nas portas do Terceiro Mundo.

Represión do Terceiro Mundo

Precisamente o papel represor da OTAN cara o Terceiro Mundo é un dos motivos que aduce o BNG para oporse a integración do Estado español na estrutura militar, "pois supón, na práctica un afortalamento da organización". O BNG tamén afirma que o papel da OTAN é, "ademáis de reprimir aos paises do Terceiro Mundo, é prever calquer posibilidade de cámbio interno democrático nos povos e nacións de Europa".

Os nacionalistas galegos consideran tamén que a "existéncia da OTAN non ten nengun senso na actual coxuntura política internacional e, desde logo, carece de calquer carácter defensivo". O BNG califica a OTAN como "verdadeira organización agresiva que pretende manter a hexemonia das oligarquías dominantes nos Estados Unidos e na Unión Europea e que cobiza tamén reforzar o proceso de colonización dos paises do Terceiro Mundo. Afortalar a OTAN equival a apostar por un mundo cada vez máis insolidário. Na vez de ser unha organización que garanta a defensa europea minimamente soberana, está firmemente supeditada aos intereses dos EEUU".

O certo é que no cámbio de organigrama que vai experimentar a Alianza Atlántica, non hai lugar para estatus intermédios como o que mantiña Fráncia ou o Estado español. Precisamente a reforma da OTAN foi impulsada polos EEUU para abortar calquer iniciativa tendente a formar calquer sistema de seguridade europeu independente.

Novo referendum

Izquierda Unida reclama un novo referendum, sustentándose que no referendum (1986) no que se aprobou a entrada por escasa marxe de votos, despois de mudar o PSOE a sua posición, se recollia na pergunta claramente que non se ia entrar na estrutura militar da OTAN. IU afirma que o "resultado dun referendo só pode alteralo outro".

Pero non só o PP desbota calquer consulta popular, senón tamén o PSOE, CiU e PNV, todos ferventes atlantistas. Felipe González declarouse arrepentido de ter convocado a anterior consulta afirmando que "este tipo de decisións políticas complexas deben de reservarse aos dirixentes políticos", segundo afirmou esta mesma semana en Nova Iorque.

O ex ministro de Relacións Exteriores de Rúsia, Evgueni Primakov, perguntábase nun artigo publicado o 10 de Setembro por *El Mundo*, "que farian os EEUU se Rúsia formara unha Alianza Militar con México, Venezuela e Cuba". A pergunta respóstase soia. Irak está presente e as discrepáncias de paises europeus como Fráncia son cada dia máis grandes, mentres a OTAN lle dá o pleno resplado estas actuacións bilaterais.♦

B. LAXE

O terrorismo como excusa

A dereita económica sempre procura excusas para recortar as liberdades democráticas que son as únicas capaces de frear o samesuga dos seus benefícios. Despois da II Restauración utilizou ao militares para, no 23-F, comezar a amansar ao PSOE, pero, sobre todo, ao PCE e aos sindicatos estatais. A Lei Antiterrorista e a Lei de Defensa da Constitución, aceitadas polos partidos estatais, troncharon as posibilidades de oposición ao terrorismo do Estado, pero tamén impediron un verdadeiro enfrontamento social contra o neo-liberalismo. Os pactos e o medo funcionaban tanto ou máis que as próprias medidas coercitivas, preparando aos cidadáns para entrar na OTAN e na UE, a mesma cara da moeda imperialista. Ante o desmantelamento do chamado Estado do Benestar —que aqui ainda non chegou verdadeiramente— necesitan máis leis coercitivas para impedir unha concienciación cidadá (Lei Segredos Oficiais) e poder seguir operando na impunidade, ou para defenderse daqueles que sofren máis certeiramente a política de miséria (modificación da idade penal). O ultraliberalismo bota man, outravolta, do terrorismo e do aumento de policía.♦

Vinte aniversário da Diada sen ERC nos actos oficiais

Esquerra Republicana de Catalunya non participou nos actos oficiais da Diada Nacional de Catalunya, que este 11 de Setembro cumpriu o 20 aniversário da sua celebración no marco da democrácia. ERC realizou unha convocatória a parte porque considera que carecen de carga reivindicativa. O presidente Jordi Pujol, pola sua banda, no seu discurso pediu respeto para a identidade catalana, máis soberania e medidas que favorezan a economia do seu país. O ex líder do PP catalán, Aleix Vidal-Quadras, foi apupado durante a tradicional oferenda floral ao líder nacionalista Rafael Casanova.♦

O BNG representará ao PSM-Nacionalistes de Mallorca no Congreso

A partir de Setembro hai un compromiso oficial entre o Partit Socialista de Mallorca-Nacionalistas de Mallorca e o Bloque Nacionalista Galego polo cal o BNG vai representar ao PSM no Congreso dos Deputados, dado que esta última forza carece de deputados na cámara alta española. O acordo vai oficializarse nunha visita que faga o deputado galego Francisco Rodríguez ás Illes Balears a meiados deste mes para participar nunha mesa redonda sobre o papel dos nacionalismos, e no que tamén participarán membros de Convergència i Unió. O convénio será asinado, por parte do PSM, por Pere Sampol, que se postula á secretaria xeral dese partido nun congreso previsto para o mes de Decembro.♦



Pere Sampol do PSM-N. de Mallorca

Liberdade aos deputados sobre a información dos papeis do Cesid

As informacións secretas sobre os papeis do Cesid, coñecidas só polos integrantes da Comisión de Secretos Oficiais, e a sua relación coa guerra suxa e cos GAL poderán ser reveladas polos deputados que sexan chamados a declarar por un xuiz, segundo decidiu o Congreso dos Deputados. Contodo, a cámara alta dará as oportunas ordes cando se produzan en efeito as comparecéncias dos deputados, daquela a liberdade outorgada aos deputados poderia quedar en nada. Por outra banda, comezan a denunciarse as relacións entre os narcotraficantes galegos e o presunto dirixente dos GAL, o xeneral Enrique Rodríguez Galindo, algo que xa fora adiantado nestas mesmas páxinas hai anos.♦

Xosé Antón Iglésias

'O da propriedade é o principal problema de Nicarágua, mesmo no seo da FSLN'

Non vexo outra opción que a de compartir a loita e sorte desta xente por faceren realidade o seu soño mais íntimo: un tuco de terra onde poder traballar e viver en paz... Para un campesiño, a terra é o anceio mais íntimo. Levan máis de 500 anos agardando, tempo máis que sobrado para comprenderen que a terra non se dá, non se regala; a terra tómase!", di Xosé Antón Iglésias, un crego compostelán que comeza a rular no mundo cristiano, que aporta o seu esforzo na construción das organizacións sociais e políticas nacionalistas galegas de 1970 en adiante e agora acompaña a ocupación de terras e a organización cooperativa de vários centenares de norteños nicaraguanos arredor da illa Zapatera e o volcán Mombacho, no Sul de Nicarágua.

I.B.

ÍNIGO BERRIOCHOA
GRANADA - NICARAGUA

"Que perspectiva ve á ocupación de terra e o asentamento dos norteños en Zapatera e nas ladeiras do Mombacho?

Moitos dos "cheles" que pasan por aqui, comentanme: "é ben fermoso o que estades a facer, pero non é racional supoñer que isto ten futuro..." Quizais leven razón, pero a História, mesmo a história de cada quen de nós, non se fai a partir do frio cálculo racional de posibilidades de éxito, senón desde a franxa das emocións, a imaxinación, a vontade, a firmeza e terquedade. E aqui hai vontade e terquedade para dar e tomar...

Desde principios dos 90 ven baixando xente de Waslala e outras zonas norteñas de Nicarágua, a que se debe este desprazamento de centos de famílias?

As raíces do éxodo hai que buscalas no incumprimento oficial dos acordos de paz asinados polo governo cos desmobilizados sandinistas e ex-contras (aceso a



terra, apoio técnico e financiamento, servizos básicos de vivenda, saude, educación, etc.) e a auséncia de políticas "compensatorias" dirixidas ao agro. Isto, unido ás condicións de extrema pobreza e desemprego (66%) que se vive en todo o país, a inseguridade dos campesinos que posuen titulos de propriedade, as restricións ao creto, etc., fai que se crien unhas condicións para que xurdan iniciativas armadas de todo tinte. Ainda que os rearmados ou recontras obedezan a propósitos políticos alentados e instrumentalizados por partidos afins e por grandes ex-propietários, expropriados ou confiscados residentes en Miami, existen tamén razóns económicas e sociais para o rearmamento e o incremento da violéncia no campo. No médio dun axuste masivo de contas, os recontras non só torturan, saquean, violan e asasinan con saña a sandinistas, senón tamén a todo aquel que tenta fuxir das suas filas ou que se negue a colaborar. Esta situación de indefensión total impulsou a moitas familias norteñas, sobretodo as de orixe sandinista, ao seu éxodo cara outras zonas máis seguras.

No 91 chegaron os primeiros grupos de refuxiados procedentes da rexión de Waslala e tomaron as terras de San Luis de Manares (terras do estado e ociosas) e Agua Ágria (privadas e tamén ociosas), situadas nas ladeiras do monte Mombacho. Sofreron vários desaloxos e a indiferéncia do governo. Hoxe están asentados e teñen un mínimo de condicións que lles permite sobrevivir con dignidade. A finais do 94 chegou un continxente de 235 personas, tamén procedentes de Waslala e Siuna, que tomaron as terras de illa Zapatera (Lago de Nicarágua) da que foron violentamente desaloxados e reintegrados polo exército e a policia ás suas zonas de orixe. O governo non cumpriu coas promesas feitas de terra e financiamento, e a resultas diso regresan de novo a Zapatera, esta vez polos camiños subterráneos da clandestinidade. E aqui están en condicións de precariedade, con ameazas de desaloxo e bloqueo da illa continuos.

Como son recibidos os norteños polos nativos de Zapatera?

En princípio, con receo. Logo foronse integrando nas organizacións comunais que os norteños foron promovendo. Os norteños naceron na guerra e non coñecen outra solución aos conflitos que a violéncia, contodo teñen capacidade de diálogo e unha grande conciencia colectiva.

Granada foi a primeira cidade colonial, nela residen os grandes financeiros, herdeiros da estrutura feudal mantida polos conquistadores españois; berce da reacción nica. Ainda pesa a cultura do calamitoso, segundo a cal, o índio —hoxe o campesiño— é un ser sen direitos. Esta cultura configurou unha clase campesiña sen conciéncia da sua própia inxustiza inmerecida, que vive para traballar como escravos e sen futuro, con senso fatalista e resignada pasividade; desta mentalidade participan amplos sectores do campesiñado. A min lembranme a aqueles labregos galegos que un dia se xuntaran e dicidiran: "fagamonos de direitas que estes comen todos os dias". Neste contexto, a presenza de norteños no departamento de Granada está a supor unha recomposición social que empeza a dar resultados en canto incide na conciéncia individual e colectiva e na organización do campesiñado.

Tres alternativas

Qué dimensión ten a determinación da propriedade da terra?

O da propriedade é o tema clave, mesmo por riba das eleicións. Polariza a toda a sociedade e a tòdas as forzas políticas. Un problema que teria que quedar resolto co governo revolucionário, pero que non quedou. Basicamente hai tres propostas para solucionalo. A sandinista: ten que quedar como a deixou o governo anterior, agás nos casos de abusos na aplicación das leis dos anos 85 e 86. Na extrema está a proposta da Unión Liberal, que impugna a lexitimidade da confiscación e a Reforma Agrária e que formula a reversión a antes da Revolución. É dicer, unha solución que favoreza aos máis poderosos do país, os de sempre. Unha terceira proposta, a do governo: que formula a revisión xurídica dos casos que non foron afectados polos decretos dirixidos directamente ás propiedades dos somocistas. Duas propostas antagónicas, incompatíbeis, e unha terceira que se poderia complementar coa proposta sandinista.

É homoxénea a posición da FSLN no seu interior, ou hai distintas *sensibilidades*?

O tema da propiedade convirteuse nun factor de confrontación no interior da FSLN e as suas organizacións afins; unha espécie de pedra de discórdia, que obriga a un proceso de redefinición, dada a orixe e traxectória político-militar da Frente, con dinámicas verticalistas e acríticas que sempre rematan por afogar a iniciativa e criatividade das bases e a necesária autonomia e independéncia partidárias. Cando o partido actua como mediatizador, non de vinculo e mediador, estase a pór un teito ao medre e expansión do mesmo e das organizacións sociais. Co asunto da propriedade, ás veces os intereses da Frente non coinciden cos do próprio sector e, dentro do próprio sector, os intereses da cúpula non coinciden cos intereses da base; este é o problema dos campesiños que están no Mombacho, xa o era antes de estaren os norteños. ♦

A mocidade africana pede unha solución rápida para o Sahara

O Movimento Panafricano da Mocidade, que a pasada semana celebrou en Alxer durante tres dias a sua oitava sesión, aprobou unha declaración a prol dunha solución imediata ao conflito do Sahara Ocidental. Os 70 delegados que representaban a 40 países, deploraron a decisión da ONU de interromper o proceso para a celebración do referendo e retirar aos seus observadores da zona, o que, en opinión da mocidade africana, non fai senón agrabar o conflito e permitir unha maior impunidade para a violación dos direitos humanos. Os participantes do Congreso fixeron un chamamento ás Nacións Unidas e, particularmente, ao Consello de Seguridade para reanudar o proceso íntegro de paz.

Consideran que a solución ao conflito do Sahara Ocidental debe ser encontrada dentro dun acordo con negociacións direitas entre as duas partes, supervisadas por unha comisión internacional de maioria africana. Acusan aos estados do hemisfério Norte, nomeadamente á Unión Europea, de actuar con parcialidade no conflito, xa que asinan co Governo de Marrocos convenios para a utilización das riquezas naturais (caladoiros) do Sahara Ocidental, vulnerando asi as disposicións da ONU, sobre os territórios en litixio.

Por último, piden ás Nacións Unidas que, no suposto de Marrocos gañar o referendo, velen porque se garanten os direitos culturais e sociais do povo saharaui. ♦

Demite o vicepresidente colombiano convencido de que Samper financiou a campaña con cartos do narcotráfico

Humberto de la Calle anunciou o Martes 10 de Setembro a sua demisión como vicepresidente de Colombia. A renúncia é consecuéncia da sua convicción de que o presidente, Ernesto Samper, utilizou diñeiro do narcotráfico para financiar a campaña eleitoral. Segundo de la Calle, ademais da sua demisión é necesária a de Samper para dar paso a "un Governo de unidade nacional" que saque ao país da crise. Porén, cando hai uns dias asi llo indicou ao Presidente, este negou a posibilidade de deixar o seu cargo. De la Calle afirma que non quer converterse en comandante dunha "guerra civil" e que facer oposición desde a vicepresidéncia seria botarse ao lombo "un fardo histórico inaceptábel". ♦

Humberto De la Calle.

PODERES MUNDIAIS, PROBLEMAS LOCAIS

B.C.

Bossi anúncia eleicións na Padánia

O próximo Domingo, dia 15, é a data elixida pola Liga Norte para a declaración da independéncia da Padánia. Para ese mesmo dia o líder separatista Umberto Bossi anunciou a celebración de eleicións para o priméiro governo do "Novo Estado Padano". O executivo, segundo Bossi, terá caracter provisional até que Roma e as autoridades comunitárias de Bruxelas recoñezan á Padánia coma un estado soberano, momento que Bossi augura non moi lonxano.


Umberto Bossi.

O Novo Estado, que quedaria formado basicamente polas rexións de Piamonte, Lombardia e Veneto nacerá, en palabras do próprio Bossi, baixo a premisa de que "os impostos pagados pola xente do Norte quedarán no Norte".

Bossi engadiu que tras a proclamación da independéncia, acometerán profundas reformas na Administración de forma que "en Padánia non teñamos xa nen xuices nen profesores meridionais, os maxistrados serán só xente do Norte ao igual que os mestres e profesores e demais funcionários públicos". ♦

Grupos neonazis boicotean unha manifestación flamenga

Grupos de neonazis belgas e alemáns provocaron incidentes violentos durante a manifestación anual que os nacionalistas flamengos celebran na localidade de Ijser. A manifestación, que os flamengos chaman "peregrinación a Ijser", lembra aos soldados flamengos que morreron nesa localidade durante a Priméira Gran Guerra, por non entender as ordes dos oficiais belgas, que falaban exclusivamente en francés, e non na lingua de Flandes, única que coñecían os soldados. O acto convertese cada ano nun mítin de reafirmación da vontade independentista dos flamengos frente ao valóns.

Os incidentes rexistraronse durante o discurso do lider flamengo Lionel Vandenberghe, que instaba aos diferentes partidos nacionalistas a pechar filas e formaren un movimento "forte e unido para lograr un Flandes soberano cunha Constitución própria". Nese momento unha dúcia de neonazis escalaron o palco e despregaron unha pancarta a prol da unidade de Bélxica ao tempo que, desde o público, outros grupos increpaban aos líderes nacionalistas aos que chegaron a agredir fisicamente.

Pésie a estes incidentes, o comité organizador da manifestación emitiu un comunicado no que calificaba de éxito a convocatória, que contou coa asisténcia de 25.000 persoas e indicaba que as tentativas de boicotear o acto debianse unicamente "á impoténcia dos Belgas ante o imparable proceso de separación". ♦

Os zapatistas suspenden as negociacións co governo e o ERP chama a coller as armas

O EZLN decidiu suspender as negociacións co governo de Ernesto Zedillo ao non existiren garantias da vontade do Executivo de solucionar os problemas de Chiapas. Un comunicado do EZLN publicado nos xornais mexicanos e asinado polo sub-comandante Marcos, acusaba ao governo de converter as conversas de paz nunha pantomina coa única pretensión de deixar morrer o conflito. No mesmo comunicado, o EZLN rexeita a oferta de axuda do Exército Popular Revolucionário (EPR) xurdido a principios de verán no estado de Guerrero, indicando que a única axuda que precisan é a da povoación civil de Chiapas e a de todo México para dicer non a opresión e poñer fin á miséria. Marcos rexeitaba tamén as declaracións do presidente Ernesto Zedillo tendentes a establecer unha división entre Zapatistas e EPR sobre a base de "guerrilleiros bons e guerrilleiros maos". O lider zapatista lembra ao presidente méxicano que a única división real en México é a de pobres e ricos e indica que a aparición de novos grupos guerrilleiros deberia facerlle reflexionar sobre o estado de miséria e tensión da maioria da sociedade.

Dous dias despois da aparición do comunicado do EZLN, os xornais recollian outro do ERP no que esta organización rexeitaba de principio calquer oferta de diálogo que puidese ser lanzada desde un governo que califican de "corrupto e xenocida do seu próprio povo". O Exército Revolucionário Popular fai un chamamento a "todas as organizacións sociais, políticas e armadas de México a contestar aos abusos do Governo con toda a forza do povo e coa xeralización da auto-defensa armada". ♦

NOVOS TEXTOS PARA O ENSINO NA E.S.O.

e tamén
DEBUXO
TÉCNICO DE COU e
INFORMÁTICA e
PNEUMÁTICA
BÁSICA para F.P.



DE PRÓXIMA APARICIÓN
Ciencias ambientais e da saúde

Ensinante, se queres coñecer estes materiais ou pedir máis información podes chamar aos teléfonos (981) 27 82 59 (de 10 a 13 horas) e (986) 43 38 30

A NOSA TERRA S-PG

"Tiñamos un problema e xa está solucionado"
J. M. Aznar

Na rua do Príncipe, en Vigo, os vendedores de ***rúbio de batea***, que quitaban cincuenta pesos por cartón, foron retirados da rua polo Servizo de Vixianza Alfandegária, que, ademais de imporlles unha multa, nos interrogatórios perguntaballes sobre a procedéncia do tabaco. Seica ignoran que a trescentos metros está o coñecido mercado da Pedra, onde os benefícios polo contrabando si son **millonários**.

É un **gaiteiro** de soa, pero ainda devece por asinar autógrafos. Este dia, nun comércio, a dependenta laiábase

CANTINA MEXICANA



RUA MARTIN CODAX VIGO

"Lei e galego"

Queremos dar a coñecer a insultante situación que padecemos na notaria "Rueda y Somoza" sita na rua Arxentina de Vigo. Por mor da subrogación dun préstamo hipotecário precisamos indispensábelmente dos servícios dun notário. O Banco indicounos que eles traballaban con un que lles facilitaba enormente a tramitación. Nós esiximos ao pasante do notário, telefonicamente que o contrato da hipoteca se redactase en galego.
El dixo directamente que iso non era posíbel. Comentámoslle, sorprendidos de que un home de leis actuara fóra dela, que tiñamos dereito, constitucionalmente recoñecido, a facelo asi. Deuse de conta do seu erro e volveu negarse á nosa petición pero, desta vez, de maneira indirecta. Comezou tentando pequenas "chantaxes" económicas: primeiro dixo que, se queriamos facelo en galego, nese dia xa non se poderia asinar e os custes diários de tal retraso serian dunhas 2.400 pts.; despois volveu insistir que el non o faria en galego —sen máis argumentos— e que, en todo caso, o mandaria a un traductor para que o traducise... o custe do retraso e da tradución serían pola nosa conta, por suposto. Claro que nós a podíamos facer... —sinalou xentilmente (a estas alturas a nosa conversa era xa co notário a través dunha traballadora da entidade bancária). Indicounos, tamén, que podiamos ter problemas no Rexisto da Propriedade... E nós perguntámonos: como un servício público (é unha condición imposta legalmente) pode mostrar tal menosprezo polo galego? A quen podemos recorrer para nos defender legalmente destas aldraxes lingüísticas? É que os notários non teñen que responder, como servício público que son, a nengun organismo xurídico ou administrativo galego? É que cómpre lembrarlle a este "homiño de leis" que hai unha Lei de Normalización Lingüística de obrigado cumprimento? Non é unha incongruéncia total que para o concurso de traslados dos notários teña un valor preferente o coñecemento do galego e, despois, rexeite utilizalo?... Pero o que é máis grave, como un indivíduo que traballa *na Galiza, para xente galega, con cartos galegos*, se atreve a desprezar de xeito semellante a nosa língua? A situación kafkiana non rematou aí. Acedimos a facer nós a tradución ao galego da acta do contrato (isto é de tolos —pensabamos— vainos cobrar por facer un traballo que lle correspondería exclusivamente a el) para o que nos deixou un modelo en castelán, iso si... despois tivo a prepoténcia de criticar insolentemente certos aspectos da nosa tradución (como, se dominaba tan ben o galego, non quixo facer o documento tal como lle pediamos?). Para rematar, despois de lle ter feito o modelo en galego, despois dunha cita que non durou máis de catro minutos, deunos a minuta: cerca de 130.000 pts. Non é un escándalo? Como contribuíntes galegos, quen nos defende de semellantes abusos?♦

É que os notários non teñen que responder, como servício público que son, a nengun organismo xurídico ou administrativo galego?

A.S. GAGO GONZALEZ
G. BREA GONZALEZ
(VIGO)

Os pacientes convertidos en clientes

Existen unhos departamentos nos hospitales públicos do Sergas na provincia de Pontevedra que se chaman "Atención al Paciente". Na clinica privada Povisa coa que concertou o Sergas para os afiliadcs ao ISM transferido, se chama este mesmo departamento "Atención al Cliente". O que quere decir que os pacentes que eramos atendidos no Policlinico público Casa do Mar, pasamos a ser agora clientes dun centro privado.

Se non quedamos satisfeitos ¿nos devolveran os cartos como sucede nos centros comerciais?

Cando o Goberno estatal nos din que teremos que pagar as recetas no futuro, nos atomamos que os que estamos asigñados a Povisa, centro privado no que as recetas do mesmo no estan recoñecidas polo Sergas e polo tanto temos que ir a unha segunda consulta a recoller as recetas legais que nos recetou o especialista. A pregunta seria ¿quen se fai cargo dos gastos de desplazamento, permiso no traballo, etc.?

Mentras os pacentes que acuden a consultas dos especialistas nos Hospitais públicos xa non teñen que facer iste doble gasto, que temos que facer os pacentes, perdon, clientes do centro privado concertado. Isto se lle pode chamar eficacia (?) e outras cousas aos que tomaron istas decisións.

Polo que as persoas afectadas por acudir por segunda vez ao medico de cabeceira a recoller as recetas do especialista que lle atendeu anteriormente, non lles quedara mais remedio que reclamar *xudicialmente*, doutra forma o Sergas non fara caso, dos gastos que se producen as pacentes, perdon clientes.♦

Se os pacentes non quedamos satisfeitos, devolveránnos os cartos?"

J.M.F.
(VIGO)

A privatación do sistema sanitário eleva os custes administrativos, en lugar de reducilos. Nos Estados Unidos, paraiso da medicina privada, representan o 25% dos gastos sanitários, frente ao 8% da média europea. Ademais, os critérios de libre mercado fan baixar a rátio persoal sanitário/camas e a escoller aos enfermos máis rendíbeis. Un exemplo, a póliza de asegurado na clínica do Opus Dei en Navarra sube un 30% no caso dos maiores de 60 anos.

Nós, ETA, Espanha e o papanatismo

O independentismo galego e o nacionalismo maioritário representado polo BNG, vem-se envoltos indirectamente, ás vezes por própria decisom (caso da FPG), no enfrentamento que mantém o Estado Espanhol com o Movimento de Libertaçom Nacional Basco. As actuaçons de ETA na Galiza venhem a pôr mais umha vez este tema de actualidade, e as distintas actuaçons de instituiçons e grupos políticos botam novas luzes sobre qual é neste momento a situaçom das contradiçons Estado Español-Galiza.

Suponhamos por um momento que somos parte integrante da esquerda nacionalista basca, veríamos com bons olhos a actuaçom de ETA na Galiza. Atacar os interesses espanhois ali onde se encontrem, seja Itália, Holanda, Andalucia, Levante ou agora Galiza. O nosso objectivo seria debilitar ao Estado para conseguirmos un processo de negociaçom política.

Nom podemos negar a existência desses interesses espanhois no nosso país. Galiza forma parte dos domínios do Estado Espanhol e as suas instituiçons e interesses políticos e económicos campam pola Nossa Terra com bastante êxito pola sua parte, e, todo há que dizê-lo, sem muita oposiçom.

Agora voltemos á nossa condiçom de galegos ou galegas. A actuaçom da organizaçom armada suporia umha clara ingerência no nosso pais. Alguém que vem fazer a sua guerra num território que nom lhe é próprio, mesmo poderia-se falar de violaçom de soberania.

Mas é curioso observar como estas contradiçons nom se resolvem face a um vector positivo na direcçom de conseguir mais consciência nacional e polo tanto dar passos positivos polo futuro deste país, senom que desde o nacionalismo e mesmo desde distintas posiçons independentistas afunda-se, com declaraçons e práticas políticas concretas, na supeditaçom dos interesses deste País, ou bem aos interesses espanhois ou a estratégias (todo o revolucionárias ou transformadoras que se queiram) que nom tenhem em conta as necesidades vitais de supervivência deste Povo ao que pertencemos.

Quero comentar primeiramente duas actuaçons do BNG em relaçom a estes feitos. Em primeiro lugar no concelho de Cedeira vem-se de realizar, com o apoio dos edis nacionalistas, o nomeamento de Álvaro Rodríguez Bereijo como filho predilecto. Este home nado em Cedeira ocupa o cargo de Presidente do Tribunal Constitucional, e por se alguém pensava que o homenagem recebida teria o paralelismo com qualquer outra, (mesmo, por pôr un exemplo, no caso de ter umha pessoa nada em Cedeira o Prémio Nobel de Literatura...), este home consciente dos interesses políticos que representa, (mentres os edis do BNG sofrem de amnésia), fazia umhas declaraçons nas que afirmava que a

Que pensa da preséncia de estranxeiros na liga de fútbol?

Xurxo Durán
Xornalista

Non me parece ben porque non promocionamos aos nosos. Cantos menos estranxeiros mellor. Hai xente boa na canteira, pero é moito máis cómodo mercar xogadores que pasar o traballo de preparalos. As máximas prexudicadas van ser as equipas, que teñen que gastar moito máis. Ainda que con isto das televisións semella que non hai problema.♦



Leandro Pérez
Estudante de Electrónica

Debera haber menos. Na canteira hai tan bos xogadores coma fóra, pero son pequenos cando empezan a xogar nos clubes galegos e cando se fan bos véndenos para sacar diñeiro e gastalo nos de fóra. A própria afección ten máis en conta os títulos que a composición da equipa. Queren equipas estrelas, pero ónde queda a tradición e a história?♦

Maria López
Estudante de COU

Paréceme ben mentres sexan poucos. Só terian que consentir 5 xogadores de fóra de España por equipa. Debera potenciarse máis o fútbol español e o galego. Esta falta de fomento do deporte próprio fai que a xente estea menos identificada coa sua equipa. O Celta non ten nengun xogador galego. Non sei o motivo disto. Quizáis é unha cuestión de cartos.♦

Xurxo Guerra
Estudante de COU

É inxusto para a xente de aqui. Hai máis competitividade. Un rapaz do filial para poder xogar en Primeira teno cada vez máis difícil. Certo que fan outra vez categorias inferiores, que as quitaran hai tempo, e que os directivos din querer ter á xente da canteira arriba, pero só hai que ver as equipas. Ainda asi a lei Bosmann é xusta polo da UE.♦



Antón Martínez
Estudante de Informática

É unha exaxeración. A Selección vai quedar sen xogadores e nos clubes de aqui os poucos galegos que habia marchan. Se queremos estar arriba hai que ter xogadores de nível e hai que traelos de fóra. Aquí ainda hai que formalos e é un pouco arriscado. Os resultados búscanse primeiro a curto prazo. A pena é que asi un derbi non se vive igual.♦

homenagem non era á sua pessoa senom á instituiçom que representava e a Constituiçom Espanhola, realizando "um canto á tolerância", neste caso um canto a que toleremos os interesses espanhois, as suas instituiçons e as suas leis. Pois nas palavras deste filho predilecto de Cedeira "os inimigos da Constituiçom espanhola som inimigos da democracia". Estas actuaçons legitimam interesses espanhois, nom ajudam a crear conciência nacional e amosam a indefenssom na que se atopa Galiza na medida em que nemgumha força política as questiona nem as impede.

Tamém é de comentário a participaçom do BNG na manifestaçom para pedir a liberdade do funcionário de prissom Ortega Lara. Nada mais longe dum acto de defesa dos interesses nacionais, em todo caso umha aportaçom ao Estado espanhol na sua estratégia da luita contra ETA. Poderia-se pensar como um acto de solidariedade ou de defesa dos Direitos Humanos, mas sempre seria um acto parcial a favor dos espanhois num conflito que tem duas partes. Os presos e presas vascos, as deportaçons, as vítimas do terrorismo de estado... quedariam no outro prato da balança. Outra situaçom diferente se apresentaria se Ortega Lara fosse galego ou trabalhasse numha instituiçom carceária galega. Poderia-se aproveitar o feito para reivindicar a necessidade do controlo galego das mesmas e mesmo fazer pressom para que os prisioneiros e prisioneiras de Euskadi nom o fossem nestas terras galegas. De caixom caeria o traslado á Galiza dos presos e presas independentistas, grande esquecimento do nacionalismo galego, mas que nom é de estranhar quando estamos vendo que se esquecem mesmo dos interesses do País.

Se falamos de presência armada na Galiza e de riscos para a populaçom civil, haveria que falar da presença dos exércitos espanhois que mesmo mantenhem no cárcere aos insubmissos galegos; da inclusom do nosso País na organizaçom armada OTAN ou mesmo dum perigo mais concreto que sofreu a populaçom galega este verám com a presença de Javier Solana de férias no nosso País, nom podemos esquecer o que significa para muitos povos um secretário geral da OTAN e que muitos movimentos revolucionários do mundo tenhem-no como un objectivo militar. Mas tampouco se escoitarom vozes nesse sentido a nom ser a manifestaçom do 17 de Agosto fronte ás bases militares em Ponte-Vedra.

O silêncio, o apoio explícito a tudo o que de fora venha com ares revolucionários ou o alinhamento com os espanhois, nom nos ajuda

Se Galiza tivesse um estado próprio tomaria umha posiçom ou outra no conflito basco, segundo os interesses do País, como o faria diante doutros conflitos internacionais. Ainda que eu desejo que no futuro Estado Galego a política e relaçons internacionais estejam guiadas pola solidariedade entre os povos, a prática está a demostrar que nom sempre é assim, que muitas vezes os interesses entre estados e processos revolucionarios entram em contradiçom. Lembrar a acolhida de Fraga em Cuba pode ser um exemplo muito perto para nós, ou a actuaçom de ETA na Galiza. Por isso, o Estado Galego poderia passar dumha situaçom de neutralidade no conflito, mesmo de mediador internacional no mesmo, a apoiar qualquer das partes, a nível diplomático ou mesmo militar, mas sempre seria (supom-se) para conseguir algo a cámbio: posíveis acordos pesqueiros com o futuro Estado Basco, umha suba no preço das exportaçons energéticas a Espanha...

Agora nom. Agora o nacionalismo alinha-se com a estratégia espanhola sem que isto tenha maior rendabilidade que umha posiçom cómoda da representaçom nacionalista nas instituiçons espanholas. Por outra banda, o sector independentista que se alinha com a estratégia basca fai-no com a ingenuidade de obterr a cámbio umha titulaçom de movimento transformador e radical, titulo que no nosso País nom está reconhecido nem convalidado (lembremos aquilo de que as revoluçons nom se exportam), que só tem validez noutros pontos alonjados da nossa geografia, quedando unha e outra postura bastante longe do interesse comum que nos move, ainda dentro das diferentes interpretaçons desse interesse: a consecuçom dos direitos históricos da Nossa Terra.

O conflito basco tem umha dimensom tam grande, mesmo fora do que som na actualidade os domínios do Estado espanhol, que nom podemos agachar a cabeça como a avestruz ante a sua presença. As pessoas que apoiamos o independentismo, mesmo as que nom tiverom relaçom directa com a actividade armada desenvolvida no País polo EGPGC entre os anos 86-91, sabemos o que supom começar qualquer tipo de argumentaçom a prol da independência, num debate ou numha conversa qualquer, sem que imediatamente salte a comparaçom com Euskadi, com a actuaçom armada de ETA e sem que Hipercor ou Irene Villa pasem a formar parte do curriculum vitae do independentismo galego, vendonos obrigadas ou obrigados a justificar e argumentar sobre os processos de libertaçom no mundo e os seus custos, sem rendabilizar para nada os seus acertos e avantajes, que som na maioria dos casos desconhecidos.

Intentar que essa influência e presença sempiterna do nacionalismo basco (sempre na versiom que sobre del dá o poder, é dizer, a maioritariamente conhezida no nosso País), poida ser contrarrestada sem que isso suponha um afortalamento do poder espanhol na Galiza, deve ser objectivo de todas as forças políticas que queiram representar os interesses do Povo Galego. Desde esse ponto de vista actuaçons como a de Esquerra Republicana de Catalunya, abandonando o Pacto de Madrid mentres nom se asegurasse que Espanha nom ía utilizar a força contra Catalunya por non ter o seu CD consigo para el botarlle unha sinatura. "Pero hei voltar", dixo el. "Mais non podo ter o disco sempre conmigo", excusouse ela. "Se acaso chamo a víspera de vir": sen asinar o **autógrafo** non quedaba.

No Uruguai as estatísticas oficiais recoñecen que os policias son os cidadáns que proporcionalmente máis delitos cometen. Alá vai o vello aforismo **conservador** *a máis policia menos delincuéncia*.

As romarias do Monte do Faro, a homenaxe a Fraga en Miño, as invitacións de Cuiña á sua casa, as festas de Sober con Manolo Pérez de invitado de honra, agora a romaxe en Allariz. Os *populares* confunden as festas coa **política**.

Anguita descobreu que Aznar é de direitas e que quer resucitar o franquismo. O seu

partido en moito outros lugares ainda nen se enteirou, por exemplo en Astúrias, onde governa o PP grazas á **abstención** de IU.

Agora sábese que a CIA **financiou** á *Contra* nicaraguana meiante o tráfico de drogas. A *intelixéncia* máis importante do mundo é máis transparente que a española. De momento nada se di do GAL e as suas implicacións co **narcotráfico**.

Diz Guedes é discípulo de David Balsa, alomenos na teima deste último co asunto do vencellamento entre a mocidade galega e Jarrai. Do que non entende nada o Delegado do Governo é de política: a xente xa sabe que unha información sen dados é un rumor e que o rumor procedente do poder é **intoxicación**.♦

num hipotético processo de independência, podem ser um pequeno botom de mostra de como actuar em política arrimando sempre a sardinha á nossa brasa, e isto tendo en conta que ERC nom e um exemplo nem muito menos de questionamento decidido da presença espanhola em Catalunya. O silêncio, o apoio explícito a tudo o que de fora venha com ares revolucionários ou o alinhamento com os espanhois, nom nos ajuda. Assim, os espanhois podem seguir fazendo de nós os criados e as criadas submissas que mesmo ajudam a apalear aos seus filhos e filhas quando os recrimina o amo. Eis o "Consello da Xuventude" alertando contra da mocidade, paradoxo dum organismo alinhado com o poder; a David Balsa, portavoz da campanha desenhada polo sistema espanhol para amedrontar e reprimir a mocidade independentista, e o seu entorno familiar e social, murmurando a vozes o apoio dos moços e moças da AMI a um suposto comando de ETA. Ninguém chamou á direcçom do PSOE na Galiza para que figesse calar ao seu cachorro ou o deslegitimara; tampouco á imprensa que publicou as suas baboseiras se lhe premeu com campanhas de desprestígio, boicotagem ou falta de financiamento. Mas isto último tome-se só coma um pequeno exemplo. Por certo, quando vai apostar o nacionalismo por apoiar decididamente á Nossa Terra coma um jornal diário? Que país nom o tem? Mais umha vez há que reconhecê-lo, temos muito por andar, mas os ánimos que nom faltem.♦

LUPE CES

AMI e a ilegalización

Escrevo esta carta a respeito de certas declaraçons dum membro das Juventudes Socialistas, onde chama á ilegalizaçom da AMI e ao encarceramento da sua "cúpula". Primeiro dizer-lhe a este senhor que AMI non tem "cúpula" posto que é umha organizaçom assembleária onde cada um dos seus militantes tem igual capacidade de decissom, depois quero advertir a toda a esquerda patriótica galega contra indivíduos como este que utilizam a mentira e a difamaçom para fazerem carreira política.

Nom se nos acussa de pertença a banda armada, e que as nossas detençons foram umha montagem para amedrentar á mocidade

Temos de denunciar todos e todas os que nos consideramos socialistas e patriotas que se encarcere a galegos sem provas (como foi o nosso caso) que se lhes aplique a Lei anti-terrorista, e que se continúe a difundir mentiras. A este indivíduo que chama ao encarceramento da mocidade independentista, gostaria que estivesse (nom os case dous messes que estivem eu) senom 3 dias na 7ª galería do centro penitenciário de Carabanchel, seguro que despois disso nom falava tam alegremente de encarceramentos.

Por último, dizer que nom existe nemhum "Novo Exército Galego", que nom se nos acussa de pertença a banda armada, e que as nossas detençons foram umha montagem para amedrentar á mocidade galega mais combativa. Quando atravesso de médios de comunicaçom fanse determinados tipos de acussaçons, acredito que primeiro há que ter provas da sua veracidade aliás de decatárem-se das conseqüencias que podem ter sobre determinadas pessoas.♦

ARMANDO RIBADULHA PERES
(EX-PRESO POLITICO GALEGO E ACTUALMENTE MEMBRO DAS JUGAS)

FE DE ERROS

No número 742 de A Nosa Terra, correspondente ao 5 de Setembro de 1996, nas páxinas once e dezaoito relaciónase familiarmente ao ministro das Administracións Públicas, Mariano Raxoi Brei, co industrial pontevedrés fuxido, Manuel Ferreiría, alcumado *Chaparrita*. Como se extrae da información, o dado é erróneo. Ferreiría é concuñado do Governador Civil de Pontevedra, Alexandre Millán Mon e non ten parenteso con Raxoi Brei. Por outra banda, António Reguera non é concelleiro en Pontevedra, senón que é presidente da Cámara de Comércio local e militante do PP.♦

Galiza-España

Que Paco tema pola "helvetizaçom" de Espanha, que tenha dito sobre o galego que... melhor apreendê-lo em Irlanda nom é mais que a individualizaçom localista do espanholismo. Muñoz Molina no seu discurso de ingresso na RAE, p.e. Que os celtas nom vieram a Galiza e que os castros eram construçons romanas, segundo um renomado filósofo, que no nacionalismo nom cabem todos —Savater, outro—, correspondente á acusaçom geral de racismo que segue Brais Piñeiro (IU), ou a de irracionalismo, a incultura anticosmopolita, ou o medo perante o Princípio-de-todas-as-guerras de Luis Antonio de Villena, por exemplo, de só um entre tantos e num só dia entre 365 ao ano. Os temores de Paco V. coincidem com os de Franco, mas o parlamentário em troca de umha conjura fascista insere-se na defensa identitária da Espanha democrática, na que o consenso nom se impóm senom que se fabrica a través da normalizaçom ideológica que fornecem os media. Daí quiçá o rendimento político do cupo lacrimário ganho polo horror balcánico e o mutismo ou quase ignorância sentimental por Chechénia e o Kurdistán turco nalgumha impressa de esquerdas. Daí o tópico questonamento da normalizaçom linguística —desde *El País* a *El Viejo Topo*— numha defensa dos direitos de conquista do espanhol sobre as línguas periféricas feita desde coartadas democráticas, como as liberdades individuais de uns sujeitos que o estado constrói e sujeita multidisciplinarmente a diário. Activaçom de mecanismos internos de normalizaçom-exclussom que tem o seu correlato legal no próprio texto fundacional do sistema político vigente-obrigatoriedade linguística nom recíproca. Defensa identitária de Espanha, do estado que a sustenta e que só em doses autonómicas fixo cessom do seu monopólio identitário. Isto é a guerra. O Princípio-de-todas-as-guerras. Efectivamente.

Em *Genealogia do racismo* analisa Foucault como do discurso histórico do Poder, do Monarca, se passou a um discurso no que em troca de relatar as fazanhas régias a História desenterra o esterco no que assenta o esplendor do trono. A História como instrumento na guerra permanente entre as razas, entre as nazons —entendam-se as colectividades— que as formas políticas se limitam a continuar, mas de outro jeito. Táctica discursiva tam versátil como alheia á patrimonializaçom, pois tanto lhe serve ás classes mais e menos populares inglesas contra a monarquia normanda como á debilitada nobreza francesa perante o absolutismo, a Hitler —racismo de estado— como a Marx —luita de classes—. Tinham razom, isto era o Princípio-de-todas-as-guerras. Os nacionalistas temem o outro e diluem-se na tribo, dim. Non se pode gozar da fussom do outro por muito tempo e ficar sendo um mesmo segundo Lévi-Strauss. O outro insire-nos num esquema hierárquico pronunciado. Toda criaçom verdadeira implica xordeira ou rejeitamento de outros valores, de novo Lévi-Strauss —no *Correio da Unesco*, abril 96—. Galiza como criaçom própria —só possível mediante alianzas interculturais— ou alheia. Eis a guerra na que combatem Fernando G. de Cortázar —*Breve Hª de España*— e Camilo Nogueira — o ensaio sobre a questom nacional galega n'*A Trabe de Ouro*—, a guerra permanente Galiza-España num contexto de reimperializaçom de umha Roma global na que o capitalismo pos-industrial quer ganhar mais, mais rápido, e em mais sítios.♦

Galiza como criaçom própria só possível mediante alianzas interculturais

ANTONIO GARCIA LOBO
(A CORUÑA)

SUBSCRÉBASE A A NOSA TERRA

Nome ..... Apelidos .....
Enderezo .....
.....
Cod. Postal ..... Teléfono .....
Povoación ..... N.I.F. .....
Província ..... País. .....

Suscrébome a *A Nosa Terra* (incluidos os *Cadernos de Pensamento e Cultura*) por un ano/semestre ao prezo de:

Galiza/Estado/Portugal	9.000 pta./ano	4.500 pta./semestre
Europa	10.920	
América e resto do mundo	13.080	

a) Subscricións para o Estado español
☐ Talón bancário adxunto
☐ Reembolso (máis 130 pta.)

b) Para o resto do mundo
☐ Cheque bancário adxunto
☐ Xiro Internacional a nome de A NOSA TERRA. Apartado 1371 Vigo.

PAGO DOMICILIADO. COBRIR OS DADOS DO BOLETIN ADXUNTO.
Banco/Caixa de Aforros .....
Conta ou Libreta ☐☐☐☐ ☐☐☐☐ ☐☐ ☐☐☐☐☐☐☐☐☐☐
Titular .....
..... Nº Sucursal .....
Povoación ..... Província .....

Sérvanse tomar nota de atender até novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ao meu nome lle sexan apresentados por Promocións Culturais Galegas S.A. (A Nosa Terra).

DATA ATENTAMENTE (SINATURA)

(Remitir a A NOSA TERRA unha vez cuberto en maiúsculas)



A INFORMACIÓN QUE PAGA A PENA TER

DESEÑOS DE CASTELAO

Guieiro CULTURAL

Nº 743

As verbenas están en crise

As festas tradicionais perden poder de convocatória fracasando algunhas das novas esperiéncias

A. EIRÉ

As festas tradicionais sofriron un forte cámbio de hai cuarenta anos para acó. A aparición das orquestras e das verbenas, antes proibidas polo franquismo, foi parella aos cámbios sociais. A fins de século a sociedade galega evoluiu existindo novos xeitos de diversión para a xuventude, mais as festas seguen realízándose miméticamente. Alguns dos intentos de renovación tamén fracasan por descoñecimento da realidade ou por incluir modas importadas.

A inclusión das orquestras nas festas tradicionais e a continuación da festa pola noite foi un grande logro social galego, comparado ao do biquini. Fíxose contra unha lexislación franquista que as proibia ou as penaba con trabucos especiais no *permiso de festa*, pero sobre todo contra uns rexedores que tentaban seguir amordazando e tutelando pacatamente á sociedade. A maior oposición veu dada polos cregos que, desde o púlpito anatemizaban contra as orquestras e as verbenas aproveitando para facerse coas axudas que se recebian tanto das esmolas ao santo festexado como pola poxa das andas. As desputas foron moitas, non librándose nengun concello delas.

Cuarenta anos despois, aquela conquista ficou xa caduca, como antes quedaran xa os fiadeiros, as esfollas, os paseos nas feiras ou as ruadas, que tanto divertiran aos nosos antepasados e influiron no noso folclore. A aparición das discotecas en todos os recantos e os novos ámbitos de relación da xuventude e unha nova moral, fan que a escuridade da noite xa non sexa imprescindíbel e as festas o sítio ideal para encetar relacións de amorios.

Tamén mudaron os gostos musicais da xuventude que prefire maiormente para bailar lugares con máis decibélios e un ambiente moito máis *cargado*. Na maioria das festas parroquiais os únicos presentes son os vellos e os nenos. Os mozos soen marchar para as vilas e as parellas maduras teñen que quedar moitas veces na casa atendendo aos convidados ou cos nenos pequenos.

DESEÑOS DE CASTELAO

O mesmo ten. As festas non cámbian nada. Seguen a comezar maiormente despois das 23 horas, cando os cativos xa teñen sono e os vellos están cansos e, se aguantan é porque uns fan todo o posíbel por transgredir a rotina e os outros aférranse á tradición. Foron moitas festas este verán as que, gastando máis de 300.000 pesetas nunha noite en orquestras, os músicos non tiñan máis público que duas dúceas de persoas, non chegando a cen na hora de maior afluéncia.

— A ver se bailas con decéncia, eh?

Unhas orquestras, que, na sua grande maioria, tomaron a moda do espectáculo, contratando a persoal feminino que baila, canta, arremeda, pero que se cámbia de roupa moitas veces e enseña a anatomia ainda que faga un frio que pela. Unhas orquestras, que, ás veces, con grande profisionalidade, pero con pouca visión, desenvolven o seu repertório preocupándose moi pouco das apeténcias dos festeiros e dos seus gostos. A situación agrávase por duas circunstáncias. A primeira é que se contrata por meio de intermediários, descoñecendo ás orquestas, e non como antes, cando os ramistas ian a pé feito a escoitalas. A segunda é a proliferación da música enlatada, con caixas de son que substituen aos instrumentos, mentres que os músicos fan que tocan.

Unha das orquestas que máis sona conseguiu este verán foi a *Costa Dorada*. Toca unhas mexicanas que dá gosto bailalas. As trompetas soan como as de Lucho Gatica, pero, ouh sorpresa!, cando estas fan un trio, non hai nengunha trompeta no palco. A maioria destas grandes orquestas, con bailarinas que non fan outra cousa que mostrar o tipo, moitas luces, traxes e efectos especiais, incluido o *fume*, funcionan a xeito do *Luar* televisivo, cun público que, apampado, se comporta igual que se estiver diante do televisor. Os que teñen gañas de bailar nen sequer o fan, por non levarlle a contra aos miróns. Comezan a existir algunhas excepcións, algunhas orquestras pequenas como o grupo *Cinerama* que tentan, co cantante no mesmo campo da festa, animar á xente para que baile, pero ainda prima a coreografia de *Telecinco* ou de *Luar*, no mellor dos casos, cunhas bailarinas que só estorban un pouco desviando a atención.

Os cámbios fracasan

As comisións de festas estanse a dar conta destas circunstáncias e xa as vai habendo que, rachando coa inércia da mal chamada tradición, procuran novas fórmulas. Unha das ensaiadas nas parróquias é a de incluir unha atración televisiva que faga de reclamo para a xente. Tanto ten Ana Kiro, como *Los Dos Españoles*, *Los Panchos*, Sergio Dalma ou o mesmo Cañita Brava. Se fai falta recorren un ano a cuotas extras e venden os piñeiros dos montes comunais, como fixeron na parróquia de Furco, na costa do monte Faro, para contratar a Manolo Escobar. Aquel ano o campo énchese, a xente segue o espectáculo sen participar e, para o ano seguinte, ou non hai festa ou *aguantan* a orquesta duas dúceas de persoas.

Outra fórmula é a de contratar algun grupo, maiormente de rock, que atraia á xuventude. Esta actuación adoita intercalarse coa orquesta. O loábel intento tamén non está a funcionar. A xente máis maior non gosta do rock. Se é bravú e os rapaces son coñecidos, ainda aguanta un anaco, pero despois o que quer é bailar. Os *rockeiros* e xente nova prefiren máis música *da deles*. Prodúcese asi unha dicotomia na festa entre dous xeitos de vivila. En Requeixo, Chantada, despois de rematar antes de tempo a actuación dos *Kulimñas*, a orquesta *Cidade de Pontevedra*, tivo que aturar os asubios da xente nova, que queria máis rock. O pouco tacto do animador, facendo discursos moralistas, rematou coa marcha de máis de meio cento de mozos, que abandonaron a festa entre protestas.

Outra fórmula, ensaiada sobre todo nas vilas, é o de contratar actuacións de *renome*, tanto galegas como foráneas, que comezarán as suas actuacións ao fin da festa, sobre a media noite. Asi, a xente que está a bailar, interrompe a danza e vaise de espectador dunha *atración*. Cando estas rematan, despois de horas permanecendo de pé, volta a empezar a orquestra. Daquela a maioria xa marchou e a que queda xa se lle foron as gañas de bailar. A xuventude está nas discotecas e *pubs*, ou tomando unhas copas na rua. Pior é nalguns concellos nos que para contemplar estas actuacións hai que pagar. Ou noutros, como Cangas, que alargan as festas nove dias, mentres os viciños se queixan afirmando que "non hai corpo que aguante".

— Queres bailar?
— Non que teño que confesar mañá.

Hai outras iniciativas máis novidosas e arriscadas como a de Cadeiras (Val de Lemos) nas que no programa se anunciaba un espectáculo de desnudos. A presión viciñal, suprimiu o número festeiro que seica ia interpretar unha *vedette* barcelonesa.

Volta ás orixes

No que a maioria está de acordo é que as romaxes non sofren a mesma crise que as verbenas. Cando hai comida polo médio e a festa non ten parón na sua continuidade, estas festas non esmorecen, senón que cada ano van a máis de xente. Tres eventos poderíannos servir como exemplo, cada unha nun ponto cardinal. Por un lado a festa de Darbo, celebrada no Morrazo a pasada fin de semana. Cada ano son máis as empanadas e cocidos que se van comer ao serán. O campo non dá abasto para acoller tanta merenda. A verbena, logo, é a máis concorrida da zona. Igual ocurre en San Fins do Castro, polas terras do bardo Pondal. Ou en Diomondi, nas do Saviñao, onde despois de xantar a banda e os gaiteiros comezan a tocar ás seis no souto; céase e, ás duas da mañán, as orquestas non dan abasto e a xente ateiga o campo bailando, sen distinción de idade. Nestas festas seria preciso cortar de raiz a moda de regar á xente con viño, que alguns están a impoñer en canta comida ao ar libre se fai na Galiza.

Estas realidades diferentes na apreciación popular, levan a moitos a pensar que é preciso voltar á tradición das festas patronais (as múltiples gastronómicas tan en auxe son unha variante). Seria imprescindíbel que a música comezase a tocar sobre a media tarde. Os festeiros, sobre todo os rapaces, terian asi ocupadas estas horas nas que non hai nada que facer e as amas poderian sacar á xente da casa. Loxicamente a festa estaria amenizadas por gaiteiros e/ou bandas e orquestras que terian que voltar á tradición galega. Pola noite, se a festa ten xente dabondo, poderíase contratar a unha orquesta ou a grupos folk ou de rock, para un público máis específico. Seria lóxico tamén que os festivais de música rock ou folk tivesen o seu próprio espácio e unhas condicións axeitadas para que o público participase. Mais todas estas só son algunhas das suxeréncias e manifestacións recollidas este verán que está a rematar. Do que ninguén dubida é de que é preciso un debate, pois o cámbio imponse.♦

N.R.L.

VITOR VAQUEIRO

Se non me atraizoa a memória, coñecin a Nemésio Rodríguez Lois un dia de outono do ano 1963. Daquela eu só contaba quince anos e suspeito que el deberia andar na mesma idade. Procedia das terras montesias que sobrancean o Faro de Avión e a Pena Corneira, onde, segundo Risco, os ananos dos castros, igual que os seus homónimos da bisbarra de Lemos, posúen infindábeis cantidades de ouro que lavan, sen acougo, nas correntes que deitan o seu caudal no Ávia. Naqueles anos partillamos viciñanza de cadeira escolar nun coléxio do que esquecin o nome, eran tempos difíceis, exercícios do espírito, rosário, sabatina e, nalgunha gaveta aínda debe ficar unha fotografia na que aparece o curso na sua totalidade e que acaso festexe, mádia leva, o acto de despedida do bacharelato. Ali, N.R. sorrí cun certo ar malévolo. Nos tempos nos que o pantalón vaqueiro impuña a sua presenza en toda a parte, N.R., independentemente da climatoloxia, exibia metódica gravata e traxe azul con pantalón de raia, talvez como compria a un futuro integrante do corpo diplomático, que esa, aos quince anos, era xa a sua opción profisional. Partillamos un verán, por sorte poucos dias, de augas medicinais n'O Carballiño, onde me conducira unha hepatite, de xorne pasaxeiro, para a que as ditas augas fican especialmente aconselladas. Inda teño o recordo do seu peiteado, mistura requintada e imperfeita dos de Elvis e Vázquez Portomeñe, da sua verba, que hoxe definiria como a dun abominábel aprendiz de Gracián e o alporizamento que lle rillaba o ánimo cando a sua avoa, consecuente e respeitosa coa herdanza cultural que recibira, gorentaba unhas sopas de cabalo cansado, sempre o viño e o pan, esencialmente, no cerne da práctica gastronómica do povo. Desde hai trinta anos non volvin a ve-lo. Só souben del que vivia en Mexico, D.F.

Teño nas miñas mans un número do órgao informativo do Centro Gallego (sic) de México. Figura ali un artigo, que N.R. asina, no que, en liñas de forma deplorábel e funesto contido, lembra ao pé dunha vintena de galegos, na sua opinión, notábeis. Francisco Franco, *35 anos de paz e de progreso*, é o mellor tratado. Esquece, sen embargo, mencionar aos galegos que, para aldraxe da colectividade, se enriqueceron co tráfico de brancas e co bordel canalla. N.R. di coñecer galegos mexicanos con grandes doses de influéncia política, financeira, cultural ou eclesiástica. Haberá algún que sexa industrial do amor. N.R. debia inventaria-los.

Non sei se realizar un acto cultural e recortar aquela fotografia, da que acima falaba, pola liña que delimita a figura de N.R., valeirando-a, definitivamente, de contidos comprometedores.♦

■ Lendoiro fai pública a proposta cultural para calar a Vázquez

A Deputación da Coruña, que preside Augusto César Lendoiro, fixo públicas mediante a contratación de páxinas dun xornal as suas diferéncias co concello da Coruña á hora de arranxar un convénio en matéria de cultura. A Deputación sinalaba nestas páxinas que é o governo municipal da Coruña, presidido por Francisco Vázquez, o que se nega a asinar un convénio de colaboración que Lendoiro oferece como máis que xeneroso. Desde o concello, víñanse formulando críticas contra a Deputación pola falta de consenso entre as duas institucións pero o comunicado publicado di que Vázquez ainda non deu nengunha resposta sobre o convénio desde o 1 de Marzo.

A Deputación fala da necesidade de "diálogo, sensatez e eficácia para planificar as actividades culturais co Concello". Propon a criación dunha comisión mixta que xestione e programe trimestralmente as actividades culturais. O concello ten a titularidade dos museus, dos teatros, Pazo de Congresos e Coliseum e das salas de exposicións e a Deputación tena sobre o conservatório, o centro cultural Pazo de Mariñán e a Biblioteca Provincial. O convénio oferecido inclue a cesión destes edifícios mutuamente e a Deputación comprométese a abonar os cartos que se deriven da diferéncia de edifícios que teñen as duas institucións. O cruce de acusacións entre Lendoiro e Vázquez enmárcase dentro do enfrentamento que ven de vello dos dous políticos. ♦

O cruce de acusacións entre Augusto C. Lendoiro e Francisco Vázquez ven de vello.

■ *Lua*, nova revista dos galegos en Cataluña

A Fundación *Lua*, formada por galegos que viven en Cataluña, ven de publicar o Nº 0 da revista do mesmo nome, que pretende abranxer as áreas de cultura e pensamento. Asimesmo, quer servir de ponte entre a Galiza e Cataluña, poñéndose ao servizo da comunidade que ali vive, recoñecendo o espírito do *Galeuzka* e o achegamento a outros povos con semellanzas culturais.

Neste número, a revista *Lua* abre cunha entrevista ao escritor Manuel Rivas, contén un artigo sobre os estúdios galegos na Universidade de Barcelona por Basílio Losada, un apartado de tradicións do país, unha lembranza ao poeta Lois Pereiro e unha reportaxe sobre as rádios galegas en Cataluña. A publicación está dirixida por António Diaz Fernández e ten un compromiso con todo aquel que queira escreber sobre o que acontece nos dous paises. ♦

■ Xornadas de informática en Ourense

A Casa de Xuventude de Ourense e o Clube Informático Xove organizan unhas xornadas desde o 11 ao 14 de Setembro cun programa de actividades relacionadas coa informática. O primeiro dia visitarase a Faculdade de Informática, o Xoves, o Parque Tecnolóxico e se complementa a visita cunha proxección e un obradoiro sobre *hardware*. O Venres, prográmase unha viaxe por *Internet*, proxección e tertúlia sobre telecomunicacións. O último dia, Sábado, ten lugar un torneo de xogos en rede, proxección do vídeo *A Máscara* e entrega de prémios. ♦

■ *Xenreira*, de xira por Barcelona

Desde o Martes 10, o grupo da Estrada *Xenreira* visitaron Cataluña para dar alí unha série de tres concertos. A formación, unha das que máis directos leva feito neste último verán na Galiza, tocou o dia 10 en Barcelona, o Sábado 14 farao en Vilafranca del Penedés e o Domingo 15, voltan a Barcelona. Dous grupos cataláns acompañarán aos *Xenreira* no cenário: *Inadaptats* e *Dut*. ♦

■ Morreu o cantautor de Carballo Xosé Manuel Eirís

Xosé Manuel Eirís foi soterrado o dia 10 de Setembro en Artes, a parróquia de Carballo onde nasceu. O cantautor morreu o dia anterior aos trinta e sete anos a causa dunha enfermidade. Foi integrante de grupos como *Na Lua* e tamén traballou como técnico cultural da Xunta e no concello de Carballo, onde vivia. Ademáis foi profesor de música en diferentes coléxios e mantiña afeizóns pola música tradicional e a investigación etnográfica. Foi elexido na Rádio Galega mellor voz do país no ano 1989. ♦

■ Logotipo único para as nove capitais culturais do 2000

Apresentouse en Helsinki o logotipo que compartirán as nove cidades que serán capitais culturais no ano 2000: a capital finesa, Santiago, Avignon, Bergen, Reykjavik, Bruxelas, Bolónia, Cracóvia e Praga. Cada unha destas cidades adaptará o logotipo á sua própria identidade. Xerardo Estévez, alcalde compostelán, afirmou que haberia que "galeguizar" o símbolo, que aparecerá en diferentes contextos. O símbolo é unha estrela saida do mar e o seu deseñador sinalou que seria conveniente que foran artistas locais, preferibelmente escritores, os que lle outorgaran personalidade própia ao símbolo. ♦

■ Médio Ambiente de Portugal propón un único Xurés-Gerés

A ministra de Méio Ambiente de Portugal, Elisa Ferreira, aproveitou a toma de posesión do novo director do parque de Peneda-Gerés para lanzar a proposta de unir esta área co Xurés galego. A ministra sinalou que hai un proxecto de fronteira verde entre o Estado español e Portugal que incluiria a criación dun parque único. Ferreira ven de pedirlle á Unesco que declare como património da humanidade a calzada romana que cruza o parque de Peneda-Gerés. A Xunta de Galiza tamén ten planos para a serra do Xurés, que abranxe os concellos de Muiños, Lóbios e Entrimo, entre os que destaca o de ampliar a sua superfície coa serra do Leboreiro. ♦

■ III Congreso de Historia da Antropoloxia e Antropoloxia Aplicada

Entre o Xoves 14 e o Sábado 16 de Novembro, desenvolverase no Museu de Pontevedra e no Instituto Torrente Ballester o *III Congreso de História da Antropoloxia e Antropoloxia Aplicada*. Este congreso está organizado polo Instituto de Estudios Galegos *Padre Sarmiento* e o Instituto de Antropoloxia de Barcelona coa colaboración económica de diferentes institucións e entidades. O congreso estructúrase en catro mesas: História de Antropoloxia, Património Etnográfico e Museus, Antropoloxia Cultural de Galiza e Norte de Portugal e Antropoloxia Aplicada: saude/educación.

Segundo a organización, xa se remitiron máis de oitenta comunicacións de especialistas de diferentes partes do Estado e Portugal. A conferéncia inaugural correrá a cargo de Carmelo Lisón Tolosana, catedrático da Universidade Complutense. Outros convidados son os profesores de Barcelona, Mª Jesús Buxón e Angel Aguirre, o sevillano Salvador Rodríguez Becerra e o galego Marcial Gondar. Durante todo o mes de Setembro está aberto o prazo de matrícula na secretaria do Instituto *Padre Sarmiento*, na rua do Franco nº 2, en Santiago de Compostela. ♦

■ Festival de Teatro no Carballiño

O Festival de Teatro Galego está acadando un novo exito nesta nova edición na semana do 7 ao 13 de Setembro. Os encargados de abrir o festival con várias función foron os integrantes do grupo de Valéncia *L´om*, que puxeron en cena a obra *Imprebis*. Baseada na improvisación, o público propón palabras ou expresións que deben das idea aos actores e actrices para representar pequenas pezas. Outra das compañias que pasaron polo Carballiño foron Producción Teatrais do Sur coa obra *Sempre Ubú*, estreada na semana Teatral de Cangas e baseada na obra de Alfred Jarry, *Ubú encadenado*. A obra *Tic-Tac* , argumentada no libro de Suso de Toro, tamén foi representada no Festival de Teatro Galego. ♦

■ Despois do Teatro, cinema en Cangas

O Domingo 8 rematou a decimoterceira edición da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, cun xantar de confraternización que puido celebrar o éxito de público nas diferentes funcións. A asociación cultural *Xiria*, organizadora da Mostra, entregou ao director de teatro Xulio Lago o prémio ao labor teatral e aos Circuitos Culturais da Xunta o adicado áo "deslabor". Lago é actualmente director da compañia *Teatro do Atlántico*, despois de pasar por *Esperpento* e *Teatro de Marigaila*. A razón pola que se concedeu a mención negativa aos Circuitos da Xunta é porque comezaron por ser unha plataforma para levar o teatro ás vilas converténdose nun "surtido de verbenas no que cabe de todo".

Xiria continuou coas suas actividades culturais organizando a Semana de Cinema en Cangas, coa proxección de películas como *Leaving Las Vegas*, *Fargo*, *Belle de jour*, *Poderosa Afrodita*, *Dia de festa* e *O carteiro e Pablo Neruda*. ♦

Leituras

Escolma reintegrada

Título: Silêncio ergueito.
Autor: António Gil Hernández.
Editorial: Edicións do Castro. A Corunha, 1996, 315 pags.

O volume recolhe, fundamentalmente, uma série de seminais trabalhos publicados, ou ignorados, pela imprensa galega desde finais do decênio de 1970 até começos do atual. Leva um esclarecedor prefácio (de 1992) com uma cita liminar d'O *silêncio ajoelhado* de Carvalho Calero.

Estamos, pois, diante dun esplêndido *silêncio ergueito* com dignidade, um demolidor *J'accuse* lançado com contundente força argumentativa e fundo amor á Galiza e á sua língua, em mortal perigo de fagocitação pela "Nación española", cujos Notáveis **delegam** nos colaboradores Notabilinhos galegos o sujo trabalho de aplicar as suas altas diretrizes com o objetivo final de que tudo fique, naturalmente, "atado y bien atado".

Exageração? Com a certeira dissecção que o carateriza, o professor Gil Hernández vai pacientemente desvelando, capa a capa, a "cebola" do discurso possibilista oficial, e também o supostamente oposicional "de esquerdas" (leia-se da "Xunta", Deputações, Concelhos, instituições docentes ou "normantes", meios informativos, RL, FR, XAM, MF, Dres. García...), desmontando este verdadeiro "tinglado de la antigua farsa" que atenaza com *double bind* o nosso coitado "impaís", autonomia tolerada a menores pelo *nihil obstat Matriti*.

São textos cientes e prescientes todos eles que, longe de perder a mais mínima atualidade, continuam implacáveis a acusar a Realidade Galega dos dita(mina)dores/as, imperadores do traje novo da fábula, que não sabem quais argumentos hão de utilizar/mudar para que não se lhes veja o cu da monumental estultícia linguística e do astronómico cinismo hipócrita. Assim, a pretensa justificação da tese oficialista "galego=língua independente (do português)" queria alicerçar outrora numa sacralizada "consciência do falante", tese imediatamente desconstruída (já en 1980) por Gil Hernández: "Não é lógico equiparar a consciência do *falante alfabetizado na própria língua* e a consciência do *falante alfabetizado noutra*".

Por outras palavras: a consciência de comunidade falante não acostuma ser consciência de comunidade nem, menos ainda, comunidade linguística. Não há consciência de falante mas de cidadão falante inserto num Estado (espanhol). Os isolacionistas estavam "propondo a consciência do falante não culto como critério de independência linguística", estavam "pretensamente a mascarar o facto de, no território da Galiza (espanhola), *inexistirem falantes cultos*", pois "o conjunto de falantes galegos pode *sentir* que não fala português como o castelhano de Castela tem consciência de que não fala andaluz (e vice-versa)".

Mas os gurus do independentismo linguístico em seguida se safaram daquela desafortunada "tesinha", que fazia água, para se agarrar desesperadamente ao novidoso engendro de "língua por elaboração", que algum génio foi "atopar" no abençoado alemão *Ausbausprache*.

Andando o tempo, claro, calaram, como calaram também os que, com teses/tesinhas/tesouras semelhantes, pretenderam no seu dia talhar o "moldávio" do romeno, baseando-se em que aquele se escrevia com grafia cirílica e este latina. Naturalmente, hoje em dia as circunstâncias políticas são outras, e a escrita oficial voltou a ser a histórico-etimológica romena (voltará algum dia a nossa escrita oficial a ser a histórico-etimológica portuguesa?).

> Gil Hernández não tem medo de dizer a verdade e está disposto a pagá-la, novo Prometeu, a alto preço

O mau é que isto não é apenas brincadeira de pessoas comodamente instaladas no poder, e pagas pelo contribuinte, nem ainda

conta de libros

Baldío, unha experiéncia de novos poetas

Sete novos autores da comarca do Louriña participan na experiéncia poética **Baldío**, que se apresentou a princípios do verán nun recital e que se pode recuperar no libro publicado por Edicións do Louro. Os escritores, nacidos entre 1968 e 1979, son Felín Romero, Diego Xiráldez, Saúl, Manuel Domínguez, Alfonso G. Pato, Ana Teixeira e Moisés Alvárez e teñen como elemento común o lugar onde desenvolven as suas vidas. Estilos moi diferentes nun libro ilustrado por Xosé Paz Antón, músico de *Na Lua*, e cun prólogo da profesora Marga Romero. ♦

Os españois e os euskalduns

O catedrático de Filosofia da Universidade do Pais Basco, Joxe Azurmendi, apresenta un ensaio que, baixo o título **Los españoles y los euskaldunes**, oferece unha reflexión sobre a orixe da sociedade e da cultura basca. O traballo conta xa con vinte anos pero na sua primeira edición estaba escrito en euskera; agora a editorial Hiru Argitaletxea publícao en castellano coa traducción de Edorta Agirre. O autor non pretende con este libro dar unha investigación exaustiva senon xogar cos falso perxuizos cara os bascos e facelo con humor. ♦

Comparatismo literário por Rodríguez Fer

Edicios do Castro apresenta un ensaio de Claúdio Rodríguez Fer de nome **Acometida Atlántica (por un comparatismo integral)**. Este ensaio está orientado "cara un pluralismo interdisciplinar e integral coa dobre fin de abrir máis a literatura universal a Galiza e, simultaneamente, introducir máis a esta no conxunto da universal". O libro divídese en duas partes: na primeira, analiza no mesmo contexto temporal literaturas diferentes como a castellana e a galega; na segunda, o autor analiza os referentes extraliterários que condicionaron a escrita. ♦



Sonetos de Xosé Luís Otero Cebral

Os sons da alba é unha entrega poética de Xosé Luis Otero Cebral que apresenta Editorial Noroeste. O autor non é novo no xénero xa que ten na rua outro título como *Poemas sen tempo* e un libro de investigación chamado *O carro en Galicia*. Este recente poemário xira ao redor do indivíduo, na sua dimensión social e intimista. ♦

NARRATIVA

A nosa mellor literatura



NARRADORES DE CINE

Nove contos galegos sobre o cine

Fran Alonso, Ramón Caride Ogando, Xosé Cid Cabido, Chesi, Francisco X. Fernández Naval, Camilo Franco, José Antonio García Rodríguez, Xerardo Méndez e Xavier Queipo son os autores deste volume que acolle nove relatos sobre o cine. Autores que admiten ter recibido unha certa educación sentimental do cine, de cando máis ca espectáculo era refuxio.

XERAIS

NA MESMA COLECCIÓN



LOBOS NAS ILLAS

Marilar Aleixandre



A CASA DE ADARA

Alfredo Conde

CAMPUS

Nova Colección



Os diminutivos en galego

Xose Ramón Freixeiro Mato

Natura das animalhas

Bestiario medieval da lírica rofana galego-portuguesa

Carlos Paulo Martínez Pereiro

EDICIÓNS A NOSA TERRA

Leituras

fraude de sem-vergonhas comensais, mas grave *Diktat* de dramáticas consequências para os que não estão dispostos a acatar o ignominioso Decreto 173/1982 (18 Brumário de Filgueira?) de espanholização do galego: como os professores expedientados, sancionados, vitimados, vetados, silenciados, marginalizados, represaliados e sanhudamente perseguidos (entre eles o próprio Gil Hernández) por ousarem utilizar "*una versión del idioma gallego*, que al parecer no goza de reconocimiento oficial: (vide pág. 115), escandaloso atropelo dos direitos humanos como nos melhores tempos do fascismo (sem se falar na bonita arma da não-subvenção, aplicada mesquinha e vingativamente ás publicações de ortografia dissidente).

Lembra-nos o autor, com Lebrixa, que "siempre la lengua fue compañera del imperio", o que não entendem, desde as suas parcelas de poder, os nacionalistas. O grave é que todos os partidos atuantes na Galiza "no fundo consentem com um mesmo projeto nacional, para a Espanha, e regional, para "Galicia".

Afinal "o que se pretende é a política dos factos consumados". No demagógico nome do populismo (e lembremos que um partido popular é um *Volkspartei*, como era o nazi) quer-se fazer do "galego" mais um produto garantido com etiqueta de origem, porque *Spain is different* e variegada, gastronómica e autonomicamente. Por isso aconselha: "não façam um castrapo, façam muitos... uma língua para cada bisbarra..." Ou é que os nossos normalizantes não são "demócratas de toda la vida"?

Todo o qual, é claro, complica-lhe a vida aos funcionarinhos/caciquinhos, que podiam viver tão ricamente instalados no fácil poder, sem ter que levar o trabalho de andar á caça de bruxas "lusistas", que deram na teima bem amoladora de revelar a verdade: "os reintegracionistas... não temos que defender privilégios, mas a pura verdade das cousas que estão aí, á disposição de todos os que queiram analisá-las".

Gil Hernández, mesmo com humor e ironia, não tem medo de dizer a verdade, porque sabe que a verdade libera(-nos), e está disposto a pagá-la, novo Prometeu, a alto preço. E por isso vive, e viverá, entre nós e em nós; como o melhor de Castela, da Castela das liberdades, da democracia dos "comuneros" e do "concejo abierto", vive hoje encarnado no melhor do corpo social no vizinho país, ao que muito nos uniria se, como sonhava Castelão, pudéssemos achar o modo de conviver sem dominar.

Para rematar, felicitemos desde aqui a Editora do Castro pelo seu acerto em ter publicado na escrita, por fim!, reintegrada desta nobre língua, nossa e universal. Os tempos são chegados?♦

CARLOS DURÃO

Pete Seeger

A coeréncia dun trobador

Co gallo da saída ao mercado dun álbum de Pete Seeger (Pete), editado polo selo *Resistência*; no que debulla unha série de pezas representativas da sua carreira, é unha boa ocasión para falarmos desta figura clásica no folclore norteamericano. O folk dos Estados Unidos é unha mestura de diversos folclores europeus levados á América polos emigrantes,

ÓSCAR LOSADA

Seeger mantense, con 77 anos, ao pé do canón e continúa dando concertos e apoiando actos reivindicativos. Cómpre lembrarmos a sua presenza no festival de homaxe a Raimon, onde participou xunto ao seu neto Tao Rodríguez Seeger. Pete nasceu no seo dunha família acomodada en Nova Iorque e descobreu o folk por médio de Woody Guthrie, unha figura xa lexendária, quen fa de vila en vila cantando as suas estrofas e vivindo ao dia da sua arte musical. Despois de teren participado en máis de oitenta gravacións, Seeger tiña abandonado os estudos de gravación desde o ano 1987, onde participou nun dobre disco que contiña pezas do movimento sindicalista estadounidense. Precisamente, as loitas sindicais foron o xerme do que se chamaria "canción protesta". Tras do crack do 1929, os traballadores tiñan grandes dificuldades para atopar empregos dignos e, dese xeito, formáronse os campos de traballo reflectidos no mundo do cinema polo filme "As uvas da ira" de John Ford, baseada na obra de Steinbeck.

Pete Seeger encetou cantando e pintando acuarelas polas vilas en troco de comida e morada. Ao coñecer a Guthrie embarcáronse nunha xeira polas pequenas cidades que bordeaban a rota do ferrocarril, que era a mesma que empregaban os vagamundos aos que, ás veces, esperaban os grupos de recepción criados polas autoridades para lles dar malleiras por colarse ás agachadas nos trens. Nesa época o neoiorquino aprendeu a tocar o banxo e uniuse a outros músicos para participaren nos mitins dunha campaña de folgas organizada polo sindicato dos leiteiros. Alan Lomax contratouno como axudante da sua colección que recollia as cantigas populares. Neses anos, as pezas tradicionais prestaron as suas melodias para os letristas vencellados ao movimento sindical, que tiña o seu ponto de referéncia no sindicato IWW (traballadores industriais do mundo) que na década dos 40 perdeu todo o seu empuxe ao quedarse con pouco máis de mil afiliados.

Folk e protesta social

En 1941, Seeger formou *The Almanac Singer*, un grupo que unia o folk coa protesta social. Con Lomax, ao que abandonara para percorrer o país coa sua música, e Sis Cunningham montaron a biblioteca de Música popular Almanac, unha recolleita das músicas dos traballadores. Ao estouparen a II Guerra Mundial, os *Almanac* espalláronse e Pete foi chamado a filas e reclutado para o Pacífico, onde recopilou cancións de soldados a eito. Xunto a Guthrie, no 46, fundou a empresa *People's Sing INc*, que se fixo cargo da biblioteca de música popular. Dous anos máis tarde formou con Lee Hays o grupo *The Weavers*. Este cuarteto exitoso fichou polo selo *Decca* e conseguíu vender máis de catro millóns de discos. No mesmo ano, Seeger cantou a prol do terceiro partido nas eleicións presidenciais, mais o candidato Wallace foi derrotado. Cos 50 chegaron os anos mouros do maccarthismo e os *Weavers* entraron nas listas de reprobación. Pete Seeger negouse a falar diante do Comité de Actividades Antiamericanas acolléndose á primeira emenda da constitución. Por todo iso, sofreu reclusión carceraria e pasou dezasete anos sen poder aparecer en televisión nen rádio por mor da mensaxe progresista da que estaban imbuidas as suas pezas.

A loita polos febles e a reivindicación sempre foron o cerne da sua andaina. Nos anos 60 rexurdiu o folk con forza e viu como un tema seu ("If I had a Hammer") era un grande éxito nas voces de *Peter, Paul e Mary*. En 1963 emprendeu unha xira mundial na que tivo unha excelente acollida. Durante esta década continuou tocando no circuito universitário e tocando a prol de movimentos pacifistas, sindicalistas e de defensa dos direitos humanos.

No 67 finou Woody Guthrie despois dunha longa convalecéncia e Pete sempre lembra que no hospital cantaba con él e co seu fillo Arlo o tema "Hobo's Lullaby". Arlo converteuse nun asiduo colaborador do neiorquino e teñen editados alguns discos de actuacións en directo cunha escolma das pezas emblemáticas da carreira de Pete. Esa foi unha actividade, a dos concertos ao vivo, recollidos en vinilo, que lle gorentou moito, xa que na sua discografia atópanse bastantes traballos rexistados en directo.

O final da década trouxo a guerra de Vietnam e Pete Seeger inspirouse nela para facer o tema "Tío HO", inspirado nun dito de Benjamin Franklin: "Ama aos teus inimigos, eles descubren os teus defectos".

A música de Pete Seeger nunca foi especialmente complicada. A sua sinxeleza instrumental era carta de presentación xunto a esas letras puxantes e rebeldes que foron retratando o devir dos Estados Unidos nas últimas décadas.

Nesta obra que vén de se editar, o artista traballa con dous coros e acada unha boa engranaxe con eles, nunha obra que resume parte do seu inxente traballo a prol do folclore estadounidense e dos direitos dos oprimidos. Seeger ten publicados discos para nenos, libros educativos e documentais. Do seu método "como tocar o banxo de cinco cordas" ainda se venden actualmente uns catro mil exemplares anuais.

Pete Seeger, un avó que se mantén na loita por todo aquelo no que cre.♦

EN QUIOSQUES E LIBRARIAS

a nosa literatura fai historia

o fascículo Nº9 e libro correspondente xa á venda

a nosa mellor literatura

PRESENTA EN 50 VOLUMES AS OBRAS E AUTORES MÁIS SIGNIFICATIVOS DA LITERATURA GALEGA EN EDICIÓNS COIDADAS E RESPECTUOSAS COS TEXTOS ORIXINAIS. TRÁTASE DA DIVULGACIÓN DAS MELLORES PÁXINAS LITERARIAS ESCRITAS NO NOSO IDIOMA ÁS QUE GALICIA DEBE PARTE FUNDAMENTAL DA SÚA CONCIENCIA COMO POBO.

UN PROXECTO DA
ASOCIACIÓN SOCIO-PEDAGÓXICA GALEGA
AUSPICIADO POLA
COMISIÓN DAS COMUNIDADES EUROPEAS
E A NOSA TERRA.

a GRUPA EN 50 FASCÍCULOS ILUSTRADOS E COLECCIONABEIS AS INTERPRETACIÓNS QUE ACREDITADOS ESPECIALISTAS REALIZAN DAS OBRAS LITERARIAS QUE CONFORMAN A NOSA LITERATURA. ESTA OBRA, NO SEU CONXUNTO, POLO RIGOR DA SÚA ELABORACIÓN E POLA ACTUALIZACIÓN DOS SEUS CONTIDOS, CONVERTERASE DESDE AGORA NUN FITO REFERENCIAL DENTRO DOS ESTUDIOS LITERARIOS.

relación de colaboradores da historia da literatura

Xosé Mª Álvarez Cáccamo, Manuela Álvarez Lozano, Manuel Amor Couto, Manuel Barreiro, Carmen Blanco García, Domingos Blanco Pérez, Xosé Lois Bouzas Millán, Xavier Camba Sanmartin, Begoña Campos Souto, Mar Campos Souto, Carlos Casares Mouriño, Gonzalo Constenla Bergueiro, Xosé Manuel Eiré, Carmen Fernández-Pérez Sanjulián, Lorenzo Fernández Prieto, Manuel María Fernández Teixeiro, Manuel Ferreiro Fernández, Manuel Forcadela, Xosé Ramón Freixeiro Mato, Mª Carmen García Negro, Pilar García Negro, Xoan Carlos Garrido Couceiro, Camilo Gómez Torres, Emilio Ínsua López, Anselmo López Carreira, Teresa López Fernández, Manuel Lourenzo, Manuel Lourenzo González, Xosé Manuel Maceira Fernández, Katlheen N. March, Carlos Paulo Martínez Pereiro, Miguel Malo Fondo, Xosé Manuel Millán Otero, Mª Xesús Nogueira Pereira, Luis Obelleiro Piñón, Francisco Pillado Mayor, Manuel Rei Romeu, Francisco Rodríguez Sánchez, Xosé Carlos Ruiz Silva, Anxos Sanmartín Rei, Goretti Sanmartín Rei, Sonia Soto Boullosa, Laura Tato Fontaíña, Manuel Vilar

- Cincuenta fascículos de 32 páxinas encuadernábeis en 5 tomos de 320 páxinas. 230 x 315 mm., papel ecolóxico impreso a toda cor, índice onomástico, 2.500 ilustracións.
- Cincuenta volumes de 250 páxinas. 135 x 215 mm.

☐ Desexo subscribirme desde o Nº ..... inclusive

☐ Desexo subscribirme á colección completa.

Desexo subscribirme á colección historia da literatura galega editada pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega

Nome ..... **Apelidos** .....
Enderezo ..... **Teléfono** .....
Código Postal ..... **Provincia** .....
Poboación .....
Prezo da subscrición para o Estado Español 2.250 pta (2 fascículos + 2 libros cada mes) cun 20% de desconto sobre o prezo de venda.

PAGAMENTO DOMICILIADO
Banco/Caixa de Aforros .....
Conta ou libreta ☐☐☐☐ ☐☐☐☐ ☐☐ ☐☐☐☐☐☐☐☐☐☐
Titular ..... **Poboación** ..... **Provincia** .....
Nº Sucursal .....

Sírvanse tomar nota, e atender até novo aviso, con cargo á miña conta, os recibos que ao meu nome lle sexan presentados por Promocións Culturais Galegas (A Nosa Terra).

Sinatura

Data

Remitir unha vez cuberto a A NOSA TERRA. Apartado de Correos 1371 - 36200 VIGO. Máis información no teléfono (986) 43 38 30.

Retrato feminista de Galiza por Karen Knorr

A fotógrafa chega desde Londres para participar na Fotobienal-96

XAN CIBEIRA

De pai norteamericano con orixe polaca e de nai alemana con ascendéncia noruega-española, Karen Knorr naceu en Alemánia. Criouse en Porto Rico, vive en Londres e ten pasaporte norteamericano. Agora volta a Galiza para participar por terceira vez na Fotobienal de Vigo. Rosalia, Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán resucitarán para Karen nas ruas da cidade.

NÚRIA LÓPEZ-MAR MATO

Non lle gusta conceder entrevistas pero fixo unha excepción. Extravagante, narcisista pero encantadora, Karen Knorr falounos con naturalidade da sua vida, dos seus proxectos e da sua obra. Rebelde, persoal, feminista e autodidacta, herdou o mellor da sua xeración. Aproveitou a situación económica privilexiada dos seus pais para viaxar e coñecer distintas culturas.

Esta fotógrafa europea está investigando sobre Vigo. Será un traballo máis literário ca xornalístico sobre a história de Galiza. "Estou estudando un pouco sobre a historia galega e a literatura galega e ver se podo facer un proxecto unha miga feminista (...) Neste momento estou lendo a Rosalia de Castro para ver se hai un discurso que poida apropiar". O resultado final será unha combinación de imaxe e texto cun ton irónico e crítico. Características que aparecen nas miñas anteriores séries como *Country Life*, *Belgravia*, *Gentleman e Connoisseurs*. Con estas duas últimas participou nas Fotobienais do 90 e 92 respectivamente.

Karen Knorr intenta que cada xeia sexa diferente para poder afondar nos temas. Este desexo de chegar ao fondo desencantouna do proxecto xornalístico non ten tempo porque nel tense que traballar rapidamente. "Ás veces o xornalista non ten tempo e publica as informacións sen tratar os temas con profundidade". Góstalle cambiar e foxe das repeticións. "Prefiro os momentos de cámbio porque quizais son aqueles nos que a xente ten máis mérito e máis capacidade de facer o que quero".

Karen Knorr vivirá esta VII Fotobienal con máis intensidade. Mentres que nos dous anos anteriores enviara traballos xa publicados, nesta edición realizará unha reportaxe que aparecerá na sección *Vigovisións*, pretendo ofrecer unha visión feminina da realidade galega. Tres mulleres estarán presentes na série: Rosalía de Castro, Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán e tres modelos serán as encaregadas de representalas dentro do entorno vigués.

Un dos directores da mostra, Xosé Luís Suárez Canal, coñeceu a Karen Knorr nunha galeria por Europa. Ali propúxolle participar na exposición do ano 90, na que expuso unhas fotografías da serie *Gentleman*. Para ela a Fotobienal consiste "nun espácio de diálogo de fotógrafos de distintas nacións que presentaron os seus traballos, discutiron formal e informalmente e ofereceron solucións a diferentes problemas".

Supremacia da imaxe

Se no documentalismo primitivo se facia unha crítica através da imaxe, nas fotografías de Karen Knorr critícase o primeiro mundo através da ironía textual e visual. Nas suas séries hai unha constante: o emprego do texto referido á fotografia. "A imaxe non é un esperanto —afirma enérxica— é moi ambigua, se un quer dicer algo, necesita o suporte da língua".

Na exposición de Novembro haberá tres elementos típicos na súa obra: simbiose de imaxe e texto, posta en escea e distinción. Quizais con este traballo queira completar un proxecto histórico iniciado cuns estudios sobre o feminismo inglés e francés.

"Para min o feminismo é ter os poderes económicos e sociais iguais ao dos homes". Esta teoria está ben aplicada no seu fogar. Cando ela está fóra por mor do seu traballo, o seu marido coida do fillo. "Os homes ás veces teñen que quedarse na casa e non hai nada malo niso. Aos homes hai que educalos. Teñen que cambiar". Confía na igualdade entre homes e mulleres pero admite que nos inícios da sua carreira tivo que ser tres ou catro veces mellor aos homes que triunfaron.

Emprendedora, enérxica, optimista e de forte carácter, empezou na fotografía como *hobby* e hai dez anos que comezou a ser recoñecida. Desde entón a fotografia é a sua vida. Séntese "máis realizada no laborátorio que na cociña" e asegura que nunca deixaria a fotografía pola família. ♦

CABALEIROS

KAREN KNORR

Estas fotografias foron realizadas en diferentes clubes de cabaleiros en St. James, Londres en 1981-83. O clube úsase como lugar simbólico no que a história do home (a história) fala a través de obxectos, pinturas e unha orde do espácio determinada polo neoclasicismo do século XVIII. Os cabaleiros quedan conxelados nunha paródia da Ilustración. Están ergueitos, Homes de Razón xurando lealdade a "leis non escritas", á propriedade e aos seus antergos mortos. Representacións do poder, repiten un repertório de xestos e rituais como para reactivar a sua história pasada. As fotografias e os textos paródian os discursos de racionalidade nos que os "Cabaleiros" de hoxe basan as suas identidades.

Estas fotografias tentan poñer en dúbida algunhas das "ideas recibidas" do sistema de clases británico, centrando o seu foco nos modais das clases altas. Están en desacordo cos supostos predominantes que rodean a noción de "realismo" e o "documento social". A verdade non se atopará na imaxe ou no texto. É unha cuestión das posicións do suxeito construidas a través do uso dun estilo realista nas fotografías presentadas coma unha série. O traballo refírese ao retrato formal, un xénero qûe historicamente mantivo e glorificou ás clases altas. "Cabaleiros" desbota as nocións tradicionais do retrato como "reflexos da alma e o carácter" e, pola contra, destaca a clase e a masculinidade. ♦

Dublin. A casa dos whiskies vellos
MARTIN CODAX,11 VIGO - TELÉFONO 22 07 50

OPINIÓN

LEMBRANZA DE RICARDO E. MOLINARI

AS CINCO CANTIGAS DE AMIGO E OS DESEÑOS LISBOETAS DE GARCÍA LORCA

RICARDO PALMAS

Cando Luís Seoane organizaba a exposición "Libros y autores gallegos", que se fixo en 1948 no Salón Kraft de Bós Aires, foi o poeta Ricardo E. Molinari quen lle emprestou ao Centro Galego as edicións que fixera Ernesto Monaci dos Cancioneiros da Vaticana e de Colucci-Brancuti.

Xesús Alonso Montero recórdao no prólogo da sua edición dos "Oito Poemas en Lingua Galega" de Jorge Eduardo Bosco, no que tamén se refire á visita de Molinari a Portugal en 1933 e á posíbel influencia que puideron ter as suas "Cinco canciones antiguas de amigo" naquela obra, no caso de teren saído do prelo antes do mes de Agosto de 1939.

Eses cinco poemas de Molinari foron dados a lume en Xaneiro dese ano e, polo menos, puideron alentar a Bosco para escreber oito meses depois os seus como oferta de amor. Talvez non sabia que tamén era esa a orixe da "plaquette" de Molinari, dedicada a unha muller —Elia Martins— polo dagora envolvida para min no misterio.

Molinari con esas suas cantigas aparece —polo sentimento que lle deron vida— xunto a Carles Ribas, namorado de Pepita Vila, Jorge Eduardo Bosco, que o estaba de Pepita Sabor, e Federico García Lorca, apaixonado por un rapaz galego de quen, cecais, nunca saberemos con certeza o seu nome.

Mas, o poeta arxentino alén de se singularizar nese grupo por non ter renunciado á sua lingua materna, diferénciase tamén porque foi beber na fonte dos cancioneiros por amor dunha portuguesa, una rapariga —no sentido que esta palabra ten no Brasil—, que coñecera na sua primeira viaxe a Lisboa. Non se trata, por tanto, de mais un caso de galaicofilía de orixe amorosa.

Apesar de que nas suas cantigas ao xeito antigo ecoan Don Dinís, Juião Bolseiro, Nuno Fernández Torneol, Paio Gómez Charino, Pero Meogo, Martín Codax, Airas Nunes... catro delas son barcarolas, que levan direitiño a Joham Zorro, o xogral do mar de Lisboa, do mar da Estremadura.

Esa voz vedraia dalle ao leitor que coñeza os mellores ácios das parreiras galaico-portuguesas unha chave para saber da paixón lisboeta do poeta, alén de que uns versos de quen "gañou Sevilla sendo de mouros" danlle outra: "mar nen terra, nen prazer, nen pesar/ nen ben, nen mal, non mi-a poden quitar".

Mas, para dicir a verdade, cheguei a saber desa estoria de amor ao procurar coñecer a que contan os deseños que deixara Federico García Lorca nun outro libro de Ricardo E. Molinari —*El Tabernáculo*—, que foi publicado en Bós Aires en 1934 nun obradoiro —*Colombo*— no que tamén se imprimiron libros galegos.

Coido que foron Xosé Landeira Yrago e Xosé Luís Franco Grande os primeiros que —en 1974 e na revista "Grial"— chamaron á atención sobre o idioma dos títulos dalguns deses deseños lorquianos —"Rua das Gáveas" (dous) e "Rua da Morte"— no libro do poeta arxentino, alén de outro —"Amor Novo"— no "Seamen Rhymes" do mexicano Salvador Novo, dado tamén a lume na mesma cidade e ano.

Garcia Lorca visto por Seoane.

Todos os deseños, agás "Rua da Morte", teñen figuras de mariñeiros, símbolo amoroso no imaxinario hetero ou homosexual, que tamén aparecen na obra de Jean Cocteau, Gösta Adrian Nilsson ou Alfred Courmes, ainda que os de Lorca son, por comparación, mais infantís e cuase totalmente despidos de erotismo.

Yrago e Franco Grande asumiron que os nomes desas ruas podian ter a sua orixe na toponimia carioca ou nas conversas de Lorca con Alfonso Reyes, a quen viu por duas veces na antiga capital brasileira, cando ia e viña de Bós Aires.

A "Rua das Gáveas" suxeria, verdadeiramente, Lisboa e o seu Bairro Alto, mas esta hipótese, até que Ian Gibson publicou a sua monumental biografia de Lorca, non tiña mais base que a coincidencia de nomes, pois no Rio de Janeiro só había unha rua Visconde da Gávea. O problema estaba en que o granadino nunca estivera na capital portuguesa.

O escritor irlandés di nese seu traballo que teria sido Ricardo E. Molinari quen lle falou a Lorca en Bós Aires desa rua lisboeta —que vai da antiga Ilha dos Galegos, hoxe Largo do Camões, até a Travessa da Queimada—. Faloulle tamén dun "badalado lupanar" que habia alí.

Na verdade, na rua das Gáveas, existiron dous bordeis de sona, segundo recolle a crónica da boemia e a má vida lisboeta da Belle Époque até os Anos Loucos, e ainda ignoro se foi nun deles, ou na Alfama, onde Molinari coñeceu a esa moza que alimentou, xunto coa literatura portuguesa, a sua lusofilia.

Foi o poeta e bibliófilo arxentino Héctor Dante Cincotta, amigo de Molinari e un dos maiores especialistas na sua obra, quen me descobriu a existencia desa muller ao procurar a estoria que contan os deseños lisboetas do Lorca. Estoria que pode ter variadas fontes, ainda que as pesquisas suxiren, polo dagora, un feito real, cecais recollido na literatura de cordel.

Na biblioteca de Molinari —que ten Cincotta— non parece haber nengunha desas folliñas ventureiras, mas isto pouco significa, pois non está nela o volume cos cancioneiros editados por Monacci. Cousa que soubo o seu actual dono ao lle perguntar eu por ese volume que lle pedira Luís Seoane.

O pasamento de Ricardo E. Molinari o pasado 31 de Xullo en Bós Aires —onde nascera o mesmo ano que Eduardo Blanco-Amor e Federico García Lorca— leváronme a facer estas notas, apesar de non estar rematada a pesquisa— como homenaxe galaico-portuguesa a quen foi, polo dagora, o testemuño poético mais austral dos nosos vellos cancioneiros. ♦

RICARDO PALMAS é xornalista e escritor.

> "O pasamento de Ricardo E. Molinari o pasado 31 de Xullo levóume a facer estas notas como homenaxe galaico-portuguesa a quen foi o testemuño poético máis austral dos nosos vellos cancioneriros"

Deseño das Cantigas de Santa Maria.

I

Ai, meu amigo, que barcas d-el rei
sobem pelo rio.
—Pelo rio Tejo descem largas
coroas de pinho.
—Ai, meu amigo, diz-me se as barcas
dormen neste rio.
As barcas d-el rei andam pelo frio.
como homem sem amigo.

RICARDO E. MOLINARI
Trad. portuguesa R.P.

O GAITEIRO SOLITARIO

MANUEL RIVAS

A historia da pequena Nell

A declaración universal dos Dereitos Humanos ten alomenos unha falta. Non figura o dereito de inventar. Álvaro Cunqueiro reclamaba para a imaxinación humana o dereito de inventar. Inventar Bretaña ou inventar un vento ou unha taberna debaixo do mar. Ben pensado, todo é un invento. A mesma natureza é reinventada mediante as palabras, os nomes das cousas, por iso o Padre Sarmiento falaba con aquelado acerto do "fermoso romance da toponimia galega".

Na tradición heberea dise que Deus inventou ao home para escoitarlle contar contos e desde logo o mellor xogo da humanidade é este camiño de Quitaepón, este castelo no aire, este eterno troco entre a realidade e a ficción, no que nunca sabemos moi ben que é o que é. Dunha vida intensa dicimos que semella unha película ou unha novela pero tamén dunha boa película ou novela dicimos, como loubanza, que semellan anacos de vida. E está claro que hai personaxes de ficción, como o don Quixote ou Hamlet, que son moito máis reais, conveciños da nosa historia, que moitas celebridades que aparecen nas enciclopedias.

Son moitos os habitantes deste mundo da invención que acadan a condición da realidade humana, pero para min quizais o caso máis conmovedor é o da pequena Nell.

En abril de 1840 Charles Dickens comezou a publicar unha novela por entregas, a capítulo por semana. Era xa un autor de éxito e o primeiro número de O *reloxo de maese Humphrey*, así se chamaba nun principio, tivo unha tirada de 70.000 exemplares. Pero logo o público foi perdendo interese. Dickens non atinaba coa historia, perdíanse os fíos e botábase de menos a forza emotiva de obras anteriores. Ata que apareceu a pequena Nell. Dickens deixou a un lado os persoaxes iniciais froito dunha creación máis cerebral, e concentrouse na invención daquela criatura que se lle apareceu como un anxo. Unha nena tenra, doce e intelixente que tiña que loitar contra a adversidade e a miseria.

A emoción con que Dickens deu vida a Nell chegou de tal maneira aos lectores que se esgotaban en horas as edicións do que finalmente se titularía *A tenda de antiguedades*. Dickens escribía febrilmente e, avanzada a historia, os lectores albiscaron un final infeliz, tráxico. O propio Dickens contou que non o podía impedir, que cando escribía a dura vida de Nell as mans se lle enchían de sangue. E entón comezaron a chegar miles de cartas pedindo que Dickens non deixara morrer á nena. Pero o final, o destino, estaba escrito. A pequena Nell, aquela invención, tivo que morrer.

Tempo despois, durante unha viaxe pola Inglaterra *profunda*, Charles Dickens baixou da dilixencia nunha pequen aldea, aproveitando o cambio de cabalos. Na praza había unha tumba. O escritor preguntou a quen pertencía a sepultura e un paisano informouno: "Aquí está enterrada a pequena Nell". ♦

CAMIÑO VELLO, CONGOSTRA NOVA

FRANCISCO A. VIDAL

Dor e resignación

A faciana festeira é a que prevalece en todas as romarías, porque no fondo, a maioría dos romeiros acoden a elas para celebrar algún acontecemento grato, para descansar do traballo, para divertirse, para dar gracias ao ceo por algún favor recibido ou, simplemente, coa fonda esperanza de conseguilo.

Os romeiros acoden aos santuarios cargando cos atributos da delicia e da felicidade, comida, bebida e, sobre todo, co ánimo predisposto para a festa, con moitas ganas de pasalo ben, pero, iso si, sempre, sexa cal sexa o santuario a que van, respaldados por unha profunda razón que xustifica o festexo, con algún motivo que, por humano, trascende ao puramente terreo, algo que, por nacer nos mesmos corazóns eleva os seus sentimentos aos máis altos cumes da gloria.

(Cando os americanos inventaron os "pic-nics", esqueceron a principal característica que debe presidir unha comida campestre, ter unha figura sobranceira, un Santo Patrón arredor de quen celebrar o que sexa, para xustificar o desenfreo e para que a enchenta, a bebedela, o bailongo e todo o que con eles veña, non se converta nun simple acto pagán).

En Galicia non hai un só Santo que non faga algún favor, que non caciquee dalgún xeito, a cambio de velas e esmolas, os favores que só Deus pode facer. E por eses favores é que se fan valer, uns máis que outros, e son merecedores das multitudinarias homenaxes que se lles fan; aínda que ás veces, tamén eles, sen palabras, digan aquilo de "chegamos tarde", "había outro cunha cuña máis importante" ou simplemente "esta vez non che tocaba a ti".

Hai ocasións nas que, asistindo a romarías ou procesións tan sobranceiras como pode ser a do Divino Nazareno da Pobra do Deán, concello do Caramiñal, avogoso dos imposibles, a un encólleselle a alma e sente humedecer os ollos vendo, como no medio desa multitude de caras sorrintes, aparecen, de vez en cando, rostros de dor e resignación, caras que levan na pel a cor da cera e nos xestos os sucos da irremediable amargura que deixa a traxedia da enfermidade.

¿Como debemos definir o sentimento que, no medio da festa, nos deixan estes rostros de traxedia? ¿Como defendernos desa lotería que toca sen ser xogada, cando un menos a desexa? ¿Como responder á ciencia médica cando asegura sen escrúpulos que non pode facer nada? Aquí é onde se xustifica a fe cega nos caciques divinos, nesas "cuñinas de bo pao" que nos ofrecen unha derradeira esperanza e avivan a crenza mantida por unha tradición que, moitas veces, se remonta a tempos moi anteriores ao cristianismo.

—Ao médico hai que ir a facerlle caso, pero o Santo é quen guía a man do cirurxián.

¿Foi a fe ou unha xustificación para liberar a un grupo de malfeitores o que levou a Don Xoán de Liñares, aló polo século XV a portar na procesión do Nazareno o cadaleito e a mortalla que lle tiñan preparados pensando que a súa enfermidade era irremediable? ¿Ou o milagre foi o que gozaron os bandidos que fan camiño da forca e el liberou en pago ao favor de portalle o cadaleito diante del?

Posiblemente xa había unha procesión desde moito antes de que acontecesen os feitos que protagonizou Don Xoán de Liñares, un festexo con advocación a ese Xesús moribundo, pero aínda coa cabeza erguida, coa faciana triste da dor pero tamén coa expresión da vida nela, da resignación; ese Cristo que sabe que o agarda a morte, pero tamén que, de momento, vaina vencendo.

Os penitentes da Pobra, cos seus hábitos de cor púrpura e os cadaleitos portados por amigos e familiares, polo xeral, van sempre sorrindo, ou como moito, con serenidade e esperanza, porque, ata esa, tamén eles van vencendo á temida morte; o que non quita que, entre tanta alegría aparezan estes rostros que parecen mirar á cámara que os retrata, reprobándolle que lles roube esa intimidade de sufrimento que por nada queren compartir co mundo, aínda que se vexan na obriga de amosalo. ♦

Ana Romani

'Os meios teñen unha débeda coa nosa cultura'

Que libros recomenda ler?

Para esta época do ano, na que moita xente ainda disfruta de vacacións, o clásico *En busca do tempo perdido* Marcel Proust. Tamén invito a ler a poesia de Edith Judderman e Silvia Platt e a e última obra de Lois Pereiro *De amor e enfermidade*. E por suposto, manterse atentos e atentas á poesia que se está facendo na Galiza.

Que libros está a ler?

Unha novela de Maria Teresa di Lascia, *A audiencia, o silencio*. É unha autora moi relevante dentro da literatura italiana. Foi deputada polo Partido Radical e morreu moi nova. Unha das cousas interesantes que fixo foi esta obra. Tamén estou coa *Antoloxia política* de Elizabeth Bishop e volvendo a ler os últimos poemas publicados de Antón Rodríguez López.

Como valora o tratamento que se lle está a dar a cultura galega nos meios de comunicación?

Os meios de comunicación galegos teñen unha débeda pendente coa nosa cultura. A cultura galega segue ocupando un segundo lugar e ten unha preséncia anecdótica. Non se lle presta a atención necesária a non ser en dous ou tres meios moi contados. O problema é que se segue unha mímese dos meios de fóra. A perspectiva na que se traballa non é a própria e considéraise o de fóra como máis importante. Asi, no tratamento da información cultural ás novas que non son galegas dáselles unha maior cobertura que a outras de aqui, de igual ou maior importáncia. É necesário recuperar a perspectiva própria e saber desde onde se mira ao mundo e para quen se escrebe.

Nestes anos ten aumentado a publicación de poesia escrita por mulleres.

A nível poético o fenómeno que máis chama a aténción é o grau de participación que está a ter a muller nos últimos anos. Neste sentido editoriais como *Espiral Maior* e *Edicións Positivas* están facendo unha aposta moi importante. Están publicando un número moi importante de obras poéticas escritas por mulleres. É evidente que este fenómeno precisa dunha análise profunda que está por facerse. Xa sabemos o que se publica, pero o obrigado agora é ler a esas mulleres e saber sobre o que escreben. Ainda están por verse os resultados de todos estes cámbios. ♦

• PÁXINAS COORDENADAS POR IAGO LUCA •

O Trinque

Santo André de Teixido

O dito popular infórmanos de que *Vai de morto quen non foi de vivo*. O dia principal xa pasou pero se quer gañar as indulxéncias, e sobretodo disfroitar dunha paisaxe de lenda e acercarse ao cantil máis alto da Europa continental, ten todos os sábados e domingos do mes de Setembro. Teña conta de non pisar aos bechos péqueniños, que son as almas que teñen que ir de mortos por non cumprir a tempo.♦

Carteleira

C.X.LÓPEZ-PAZOS

☞ **UNS DIAS NO CAMPO.** Unha comédia francesa, divertida, con Carmen Maura como protagonista. Sóbralle machismo pero vese con agrado.

☞ **PON UN HOME NA TUA VIDA.** Un home e unha muller teñen un extraño acidente. Ao despertar as "almas" e os corpos aparecen intercambiados. Un tema con moitos precedentes, entre eles *Unha loira moi dubidosa*, que sempre dá xogo, ainda que neste caso a película, española, esteña realizada cunha resesa factura anos sesenta.

☞ **AUGUST.** O actor Anthony Hopkins (famoso desde *O siléncio dos cordeiros*) dirixe esta versión de *O Tio Vánia* de Anton Chehov, ambientada en Gales do que é natural o director e tamén protagonista. Con defectos visíbeis, constitue ainda asi unha obra aceitábel dentro do ermo cinematográfico do verán.

☞ **MISIÓN IMPOSÍBEL.** Versión cinematográfica da vella série televisiva. A nostalxa axiña se dilue coas cenas aburridas que quedan por baixo de calqueira filme da série Bond. Cruise: guapo cando sorri; como actor fáltalle moito ainda.♦

Allariz

■ **LEITURAS**

FEIRA DO LIBRO GALEGO

A Asociación de Viciños de San Vitóiro, aldea do concello de Allariz, organiza unha *Pequena Feira do Libro Galego* do 13 ao 15 de Setembro.

Def con dos tamén participa no Festivaldeorras do BARCO que se celebra o 12, 13 e 14 deste mes

O Barco

■ **MÚSICA**

II FESTIVALDEORRAS

Os dias 12, 13 e 14, un dia máis que o ano pasado, será a II edición do Festivaldeorras organizado por **Sil Rock** segue a promocionar o rock independente do estado. O programa inclue: o Xoves 12 a partir das 9 da noite, **Def Con Dos** e **Reincidentes**. Venres 13, **Los Feliz, Pleasure Fuckers, Lagartija Nick** e **Burnning**. E Sábado 14, **Psilicon Flesh, Anphetamine Discharge, Doctor Explosión** e **Heredeiros da Crus**. A entrada para un dia vai a 1.500 pta., e o abono para os tres 3.000 pta. Os organizadores teñen previsto un lugar para acampar de balde. Maior información no (908) 08 46 36.

Cangas

■ **EXPOSICIÓNS**

IGLESIAS PASTORIZA

Obra do pintor local recentemente finado Iglesias Pastoriza, desde o 2 de Setembro na Casa da Cultura

Os desastres da guerra de Goya pódense ver no CARBALLIÑO

O Carballiño

■ **EXPOSICIÓNS**

DESASTRES DA GUERRA

A reprodución dos gravados de Francisco Goya, sobre a guerra con Francia, fican expostos no centro multiusos até o 22 de Setembro.

Cee

■ **EXPOSICIÓNS**

EDUCACION E PATRIMONIO

O Instituto herdeiro da Fundación Blanco de Lema, acolle até o 22 de Setembro unha mostra artellada pola Consellaria de cultura e o Museu de Belas Artes da Coruña, onde xuntan os restos do material didáctico empregado no coléxio. Algunhas pezas incluso pertencen a 1886, data da inauguración do centro legado polo indiano Fernando Blanco. Instrumentos musicais, mapas da península, métodos de escritura, 2.000 cunchas de mar e 1.000 espécies vexetais, son alguns engados xunto aos oito retratos de Federico Madrazo, hoxendia a colección particular máis completa.

A Coruña

■ **CINEMA**

O MATACHIN

Un curto dirixido este ano en Galiza por Jorge Coira que conta unha história de nacotráfico. A música é de *Heredeiros da Crus*, *Rebelde Rojito* e *Korosi Dansas*. Os intérpretes Luís Zahera, Luís Tosar, Xoan Cejudo e Carolina Vázquez. Dura quince minutos e pódese ver de balde na sá do CGAI (Durán Loriga 10), o Venres 19 ás 8,30.

GREGORY LA CAVA

O Centro Galego de Artes da Imaxe, vai pasar no que queda de mes a primeira parte do ciclo adicado á obra do director estadounidense nado en 1982 Gregory La Cava, organizado conxuntamente polo Festival de Cinema de San Sebastián e a Filmoteca Española. La Cava deixou unha estensa filmografia con incursións no drama e na comédia, que o CGAI oferece até finais de mes por vez primeira en versión orixinal con subtitulos en galego. Entre outros podemos ollar: Grandes novas (o dia 12), A melodia da vida (o 13 e o 14), American bluff (o 17), O burlador de Floréncia (o 18), Mundos privados (19 e 21), O servício das damas (24 e 25), Damas de teatro (26 e 27) e A rapaza da Quinta Avenida (o 28). Os pases custan 200 pta., 100 pta. con Carné Xove, e son de Martes a Venres ás 20,15 h., Sábados ás 18,30 h.

■ **EXPOSICIÓNS**

RAQUEL BLANCO E OUTROS

Xunto con **Tatiana Medal, Jano Muñoz** e **Teresa Puig**, mostra da pintura galega que ven coa obra deste cuarteto de artistas novos. A partir do 12 de Setembro na Biblioteca Municipal.

A Estrada

■ **EXPOSICIÓNS**

FEIRA DO MOBLE DE GALICIA

A Fundación de Exposicións e Congresos, mantén aberta até o 17 de Setembro a décima Feira do moble de Galicia.

Ferrol

■ **EXPOSICIÓNS**

MORQUECHO

O pintor Xosé Morquecho expón obra inspirada nas praias e en lugares de Santiago. J.M. García-Iglesias considera que estes cadros destacan "sobre todo, ao enfrontarse a dimensións importantes: a partir de aí resolve os espácios con forza e valentia. A luz é trepidante. Hai alegria e vitalidade nestes cadros repletos de soedades. Tan só adiviñamos a destreza dun artista enfrontándose a unha temática calquer". Na galeria Sargadelos de Ferrol, até o 27 de Setembro, de Luns a Sábado de 11 a 2 e de 5 a 10. Domingos de 12,30 a 2,30.

GONZALEZ COLLADO

Este veterano da pintura galega expón na sua cidade natal, na sá do Hospital da Caridade.



Mámoas, petroglifos e pedrafitas ocupan as mostras do *pub* Tabla de Flandes en LUGO e da Casa das Artes en VIGO

Lugo

■ **EXPOSICIÓNS**

NATUREZA VIVA

As mámoas, os petroglifos, as pedrafitas, ocupan a mostra organizada polo *pub* Tabla de Flandes que artellou a **Asociación Llug**. Expoñense estudos arqueolóxicos dos precedentes célticos da Galiza a través das fotografías de **Isidoro Pombar** e **Xosé Manuel Valin**, apoiadas pola iniciativa da Asociación Llug adicada aos estudos históricos. Esta asociación tomou o seu nome da verba celta Llug, antecedente do nome da cidade de Lugo.

XURXO ALONSO

Expón pinturas na sá da Biblioteca Municipal.

■ **MÚSICA**

OBRADOIROS DE MUSICA TRADICIONAL

Até o 30 de Outubro no Centro de Artesania e Deseño de Lugo. Conta con máis de 70 instrumentos tradicionais expostos vidos da Occitánia, amais de concertos e cursiños.

Meaño

■ **MÚSICA**

DESNUKABUFALOS E OUTROS

Os **Desnukabufalos** xunto **O Caimán do Rio Tea** e **Anssar**. Un suxerente cartaz para eliminar ansiedades na noite do Venres 13, ás 11 na Capela das Angústias en Meaño.

Moraña

■ **ROMARIA**

OS MILAGRES DE AMIL

O Sábado 14 ten lugar a concorrida Romaria da Nosa Señora dos Milagres de Amil na vila pontevedresa de Moraña.

A Pontenova

■ **TEATRO**

NOITE DE REIS

O Sábado 14 de setembro na sá do concello lugués da Pontenova, os do **Teatro do Noroeste** interpretarán esta comédia infantil.

Ourense

■ **EXPOSICIÓNS**

RODAS DE AFIAR

Até o 29 de Setembro no Museu Municipal de Ourense, pódese visitar esta mostra recopilada por **Floréncio de Arborio** a conta de viaxar durante vários anos polas vilas da provincia na procura de trebellos deste vello ofício. A mostra é moi completa e inclue vários modelos de roda que van desde a que se levaba ao ombreiro até as montadas en roda de bicicleta.

A MARISA MARIMON REMATA AS VACACIONS

A mostra **Colectiva 96** da sá Marisa Marimón abre doutravolta até o 21 de Setembro. A *Colectiva* 96 pon ao alcance do público obra de grandes artistas galegos actuais, noveis ou recoñecidos, cun grande abano de formatos e estilos. Están representados **Ignácio Basallo, Salvador Cidrás**, Alberto Datas, Alfonso Albacete, Mª Xosé Díaz, Almudena Fernández Fariña, Ramiro Fernández Saus, Montserrat Gómez-Osuna, Vicente Prego, Ignacio Burgos e Manuel Saiz.

A exposición colectiva da sala Marimón de OURENSE inclue obra de Mª Xosé Diaz.

FERRO COUSELO

O Museu Arqueolóxico abriu unha mostra biográfica sobre o escritor Xesus Ferro Couselo (1906-1975), Letras Galegas 1996.

Ponteareas

■ **EXPOSICIÓNS**

NOVOS SOPORTES PARA O OLEO

Cunha escolma de híbridos entre o óleo e o retábulo, **Nuria Guardiola** apresenta os seus *Novos soportes para o óleo*. Unha colección orixinal que combina o óleo sobre os máis váriados materisis e que tenta integrar o releve do soporte na perspectiva do cadro. Estas caixas-cadros pódense visitar no Castelo de Vilasobroso, do 6 ao 28 de Setembro, en horário de 10 a 1 e de 4 a 7. todos os dias, agás Luns que pecha.

Pontevedra

■ **CINEMA**

MIRAGRE EN MILANO

O Cine clube Pontevedra pasa este filme rodado en 1950 por De Sica dentro das sesións adicadas á posguerra italiana. Mércores 18 ás 20,15 e ás 22,15 h. na sá de Caja Madrid

■ **EXPOSICIÓNS**

ARTE GALEGA DO XVI AO XVIII

O Edifício Sarmiento do Museu de Pontevedra garda unha colección de arte galega que abranxe do século XVI ao XVIII. Táboas anónimas, óleos de Gregório Ferro Requeixo, António de Puga ou Isidoro López, xunto con esculturas de Xosé Ferreiro e Francisco António Rodeiro, forman parte da oferta. O mesmo edifício acolle unha nova sá adicada ao **azulexo**.

■ **TEATRO**

XORNADAS DE TEATRO AFEIZOADO

O Teatro Principal acolle

até o dia 17 con pases, os dias laborábeis, ás 10,30 da noite, as quintas xornadas de teatro afeizoado de Pontevedra. O que queda do programa *Llema eterna* co **Grupo Arume** para o Xoves 12; e *Dos ejemplares en extinción* do **Teatro Madrigal**, o Venres 13. Xa na semana seguinte, o Luns 16 pódese ver *O único punto positivo* co **Grupo de Teatro Entrañas**; e *Pares e nines* por **Teatro Xenio** o Martes 17, derradeiro dia das xornadas. A entrada para todas as representacións é de balde.

Redondela

■ EXPOSICIÓNS

CHAPELA
DE ONTE A HOXE

O Círculo Cultural de Chapela expón do 9 ao 14 de Setembro, unha escolma de fotografias que retratan a evolución da parróquia ao longo do século.

Santiago

■ EXPOSICIÓNS

UN BAIRRO
CON FUTURO

O Centro Social Municipal de Vite acolle até finais de Setembro a mostra *Vite, un bairro con voz* onde a **Coordenadora do Báirro de Vite** expón unha escolma da actividade do movimento social. A mesma Coordenadora está a realizar a quinta Olimpiada Deportiva e Cultural que tamén durará até finais de mes cunha variada lista de competicións deportivas.

CAMILO OTERO

O artista galego afincado en Paris abre a programación desta tempada do Auditório de Galiza cunha mostra da sua obra ao pairo desde a Faculdade de Económicas até o próprio auditório. Até finais de Outubro.

PUXANDO O AR

Abanicos adornados por un amplo conxunto de pintores galegos contemporáneos, na galeria Arte Noroeste. Até o 30 de Setembro.

MENDIETA,
LAMAZARES, E
A COLECCION ARCO

O Centro Galego de Arte Contemporánea mantén abertas catro mostras. A adicada á obra da pintora cubana finada na década dos 80, Ana Mendieta, que abre até o 13 de Outubro. *Gracias do lugar* de Antón Lamazares, unha montaxe asentada na pintura que pecha na primeira semana de Setembro; e a segunda entrega do depósito da colección da Fundación ARCO. A sá abre de Martes a Sábado de 11 a 20 h., Domingos e festivos de 11 a 14 h.

■ FESTA

CONCURSO
DE CARRILANAS

O Venres 13 entre a praza de Conxo e Torrente ten lugar o primeiro concurso de carrilanas que organiza a Asociación Viciñal Aurelio Aguirre.

■ MÚSICA

NUEVO MESTER DE
JUGLARIA

O Venres 13 na praza do Toral dentro do ciclo *Raices musicais europeas*.

■ TEATRO

COMO EN IRLANDA

O vindeiro 21 de Setembro o **Centro Dramático Galego** apresenta no Teatro Principal unha nova peza **Como en Irlanda**, sacada de **"Nocturno de medo e morte"** de Antón Vilar Ponte e **"Xinetes para o mar"** do irlandés John Millinton Synge. O título débese a un poema de Alfredo Brañas. Tras a estrea permanecerá 9 dias en Santiago, e despois viaxará a Narón e Ferrol.

Convocatórias

CONCURSO DE IDEAS PARA
A UNIVERSIDADE POPULAR

A Universidade popular convoca un concurso de ideas e proxectos para a sua programación de inverno. Os interesados teñen que apresentar unha memória detallada das iniciativas propostas no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (abre de 9 a 1), antes de que pasen 30 dias da aparición desta convocatória no Boletin Oficial da Província. A fallo farase público antes de aninovo.

CINEECO 96
DA SERRA DA ESTRELA

O **Festival Internacional de Cinema e Vídeo de Ambiente da Serra da Estrela**, vai decorrer en Seia do 26 de Outubro ao 2 de Novembro. O CineEco'96 ten alen de seccións competitivas abertas a profisionais e amateurs, espazos de exposición para as producións dos afeizoados. Atenden no teléfono (07-35138) 25 625.

CERTAME TRAPERO PARDO
DE CONTOS

O concello de Lugo convoca o segundo certame dirixido a nenos e nenas de 8 a 18 anos de calquer coléxio da província de Lugo, que participarán dentro de tres categórias, de 8 a 11, de 12 a 14 e de 15 e 18 anos. Os textos poden ir escritos a man, pero sempre por triplicado, sen remite e acompañados dunha plica cos dados persoais. Admiten textos até o 26 de Outubro de 1996, na Área de Xuventude e Educación do Concello de Lugo: Quiroga Ballesteros, s/n. 27001 Lugo. Os prémios, tres por categoria, van das 10.000 ás 50.000 pta., amais dos lotes de libros. Maior información na Área de Xuventude: (982) 29 72 15.

FINISTERRAE.
O MAR NA HISTORIA

Os Cursos Complementários do Outono da Universidade de Vigo, comprenden o adicado aos vencellos entre o mar e a história do país que terá lugar en Cangas do 23 ao 26 de Outubro, baixo a coordenación de **Anselmo López Carreira** e coa presenza de historiadores de vários países. O primeiro encontro *O Mar e a história* vai reunir na Casa da Cultura as charlas de **Anxo Acuña Piñeiro** ("Arqueoloxia do Morrazo: primeiros povoadores"), **Francisco Alves** ("Unha embarcación do século XV") e **Xosé Armas Castro** ("Vivenda e construcións profisionais mariñeiras da Idade Média: o exemplo de Pontevedra"). Tamén estarán presentes **Staffan Mörling** ("Embarcacións tradicionais do Morrazo"), **Dionisio Pereira** ("Actividades marítimas na Galiza contemporánea"), o próprio coordenador ("A perda do mar na história de Galiza") e **Fernando Alonso Romero** (A navegación atlántica na antigüidade"). A xornada de clausura conta con **Elisa Ferreira Priegue** ("O comércio marítimo medieval"), **Xoán Carmona** ("Cen anos de indústria conserveira") e **Xosé Filgueira Valverde** (Poetas medievais do mar de Vigo"). Un amplo programa que tamén abranxe os relatórios das comunicacións apresentadas sobre arqueoloxia, antropoloxia e história. Para matricularse (7.000 pta. ou a metade caso de ser estudante, parado, xubilado ou persoal da universidade) hai que pagar antes do 1 de Outubro e cubrir unha ficha no reitorado da universidade, Secretaria dos cursos complementários: Oporto 1. Pódese peder máis información no Campus de Ourense, (988) 25 11 11; na Faculdade de Belas Artes de Pontevedra, (986) 80 18 00; ou en Vigo no Reitorado, (986) 81 36 26.

PRÉMIOS INJUVE DE TEATRO,
NOVELA E RELATOS

O Ministério de Asuntos Sociais convoca tres prémios que andan entre 1.000.000 e 250.000 pta., para orixinais de novelas, teatro ou relatos escritos en calquer das línguas oficiais do estado. As entregas son até o 15 de Outubro para o I Prémio de Novela Joven, o Concurso de Textos Teatrais Marqués de Bradomin ou o I Prémio de relatos Conde Lucanor: Instituto de la Juventud. José Ortega y Gasset, 71. 28006 Madrid.

CERTAME NACIONAL MODESTO
R. FIGUEIRIDO

O **Patronato do Pedrón de Ouro** convoca o XXIII Certame Nacional Galego de Narracións Breves, cun primeiro prémio de 100.000 pta., e un segundo de 40.000 pta. A convocatória está aberta a autores de calquer nacionalidade que apresenten unha ou máis obras en galego que non teñan concorrido noutro certame, e que respeten un mínimo de 5 follas A4 e un máximo de 30 mecanografadas a dobre espazo e por unha cara. Ainda que o xurado poderá reconsiderar os límites de estensión se o desenvolvimento da obra o precisase. Os envios han facerse baixo plica e lema, por cuadruplicado, e antes do **15 de Novembro** ao: Premio Modesto R. Figueirido. Fundación do Patronato do Pedrón de Ouro. Apartado de Correos 1046. 15780 Santiago. A fundación resérvase o direito da publicación da primeira edición das obras premiadas, na que os concursantes han renunciar aos seus dereitos autor.

O HUMOR, O AMOR DA PAZ

A asociación **Preséncia Cigana** con sede en Madrid, está a receber debuxos, caricaturas e todo tipo de viñetas que ridiculicen o racismo para a exposición *O humor, o amor da paz*. Aceptan traballos en DIN A4, até o 30 de Setembro, na Presencia Gitana. Valderrodrigo 76/78, E. 28039 Madrid. Fax (91) 373 44 62

CERTAMES XUVENTUDE'96

A Consellaria de Família Muller e Xuventude mantén aberto o prazo de inscrición para algun dos certames *Xuventude*'96. Dentro destes certames ainda quedan por celebrar os adicados a **deseño de moda** (até o 1 de Outubro), **coros polifónicos** (até o 8 de Outubro), e **artes plásticas** (até o 14 de Outubro). As persoas interesadas han ter menos de 30 anos e residir na Galiza. Para calquer detalle sobre os certames pódese chamar as delegacións provinciais da consellaria, as oficinas de información xuvenil ou ao *Teléfono Xove* (902-15 25 35). Os enderezos das delegacións: na Coruña, Durán Loriga, 9-1º; en Lugo, Ronda de Fingoi, s/n; en Ourense, Avenida da Habana, 81-baixo; e en Pontevedra na rua Benito Corbal, 47-2º.♦

Nuevo Mester de Juglaria tocarán o Venres 13 na praza do Toral de SANTIAGO

Vigo

■ BALLET

JULIO BOCCA

O prestixioso **Ballet Argentino** de Julio Bocca, actua os dias 17 e 18 de Setembro ás 20,30 h., no Centro Caixavigo. Lidia Segni leva a dirección, e a música vai da conta da orquestra de tango de Atilio Sampone.

■ CINEMA

MANNEKEN PIS

O pase do Cine clube Lumière, o Mércores 18 ás 20,30 h nos Salesianos (entanto arranxan o habitual Cidade de Vigo). O belga Frank Van Passel dirixiu en 1994 esta comédia, que é a sua primeira longametraxe. Entrada 400 pta.

CINEMA DE ESTREA II

O Centro Caixavigo ten preparado o ciclo *Cinema de estrea* que oferece filmes en versión orixinal sub-titulada en castelán, do 16 ao 26 de Setembro, en pases de 20,30 e 23 h. O programa anúncia as fitas *In the bleak midwinter* de Kenneth Branagh (GB 1995) para o 16, *Georgia* de Ulu Grosbard (USA 1994) o 17, *A Caixa* (Portugal-Franza 1994) do nomeado director portugués Manuel de Oliveira, o Xoves 19; *Underground* de Emir Kusturica (Hungria 1995) o 23, *L'Uomo delle stelle* de Guiseppe Tornatore (Itália 1995) o 24; e de remate o Xoves 26 a *Lisboa Story* (Alemaña 1995) de Win Wenders.

■ EXPOSICIÓNS

PILAR TEMES

Esta pintora e escultora aluna de Carlos Maside e Carlos Sobrino, expón xunto con **Rosa Castro, Begoña Groba, Ramón Rodríguez, Juan de Ybarra** e **Manuel Carrera**, na mostra colectiva que abre até o 17 de Setembro na Sala de Arte Caixavigo. Visitas de Luns a Sábado de 18,30 a 21,30 h. Domingos e feirados pecha.

Begoña Groba é unha das integrantes da exposición colectiva da sala Caixavigo

ANTONIO ABAD

Expón pinturas até o 21 de Setembro na sá Sargadelos de Vigo.

NON ME IMPORTA NADA

A galeria Ad-hoc acolle unha mostra colectiva de artistas bascos.

AS VOCES DO PASADO

A Casa das Artes expón o resultado de quince anos de prospección arqueolóxica e investigación sobre petroglifos nos xacementos celtas galegos, que realiza o **Departamento de Arqueoloxia do Museu Municipal de Castrelos**. A mostra ven ser unha segunda parte da aberta o ano pasado na mesma sá *O home no seu tempo*, na que os gravados galegos acompañaban os de outras fisterras europeas, nun estudo sobre as distintas siluetas humanas gardadas na pedra. Agora xuntanse na Casa das Artes máis dun cento de fotos das nosas espirais, labirintos e outras lerias legadas polos antigos que tamén se poden observar nalguns calcos a tamaño natural. A exposición decorre en tres apartados: o primeiro estuda a orixe dos gravados; o segundo fai un achegamento aos centros de maior concentración de petroglifos do mundo; finalmente, a terceira parte trata de sacar consideracións etnográficas. Abre de Luns a Venres de 11 a 14 e de 17 a

O Ballet Arxentino de Julio Bocca actua os dia 17 e 18 en VIGO

Anúncios de balde

■ **Gostaríame que me puidesen gravar dous filmes que emiten na canle *Cineclassics* do 9 ao 22 de Setembro** dun dos meus directores favoritos, Tod Browning. A datas son *London after midnight* (1927) do 9 ao 15 de Setembro, e *The thirteen chair* (1929) do 16 ao 22. Podédesme chamar ao teléfono (986) 55 12 68, a partires das 4 do serán até as 22 horas.

■ **Curso de idioma ruso, 5 níveis a partir do 1 de Outubro. Aberta a matrícula. Cursos de xadrez para nenos a partir dos oito anos e tamén para adultos**. Máis información de 5 a 8 do serán, de Luns a Venres, no teléfono 22 44 57, en Marqués de Valadares, 14-1º oficina 5. Vigo.

■ **Oferécese furgoneta *Fiat Talento*, PMA 2.350 kg, con condutor para transportes vários**. Chamar ao (986) 86 26 42 e perguntar por Abel.

■ **Preciosos cachorriños de can buscan donos**. Entan-vos a esperar no Centro de Protección de Animais de Compostela. (polígono do Tambre).

■ ***Milhomes* Grupo Gai da Corunha está a vossa disposiçom para qualquer informaçom ou sugestom** no apartado dos correios 24, A Corunha 15080. Solicitai-nos o número de agosto na nossa ***Ghaiseta*** que vem de sair do prelo e nom dubides de por-te en contacto com nós, serás bem-vido.

■ **Venden-se canciños cocker**. Marróns ou negros/Machos ou femias. Teléfono (981) 67 23 58.

■ **Véndese ordenador 386 DX**. (982) 22 60 35. Preguntar por Luís.

■ **Véndese gaita de buxo, nova, con funda. Feita por Seivane**. 85.000 pta. Teléfono (909) 82 94 77. Manuel.

■ **Regálase un gatiño moi cariñoso**, listo e xoguetón. Chamar ao (986) 20 18 25 ou 20 16 65.

■ **O Movimento Defesa da Língua (MDL) envia o seu boletim *Língua Nacional* Nº 2**, a quem o desejar. Inclui material para se autofinanciar. Livros, camisolas, bandeiras, autocolantes, etc. Encomendas no Apartado 570 de Ferrol. Envio gratuíto.

■ **Estou buscando información sobre as e os okupas**. Simboloxia (se a teñen), que é que as/os move a "okupar", como escollen os seus obxectivos, se están unidas/os por algunha tendéncia ideolóxica, se ocupan os edifícios para viviren neles ou con outras finalidades, etc. O meu enderezo: Carlos Manuel Callón Torres. Castiñeiras-Areeiros, 134. 15966 Santa Uxia de Ribeira.

■ **Camisetas do *Plantabosques'97* á venda. Por cada camiseta plantamos tres árbores (teixo, acivro e sobreira) nos bosques galegos**. Prezo 1.000 pta. Solicitádeas a Xevale, Apartado 35 Chantada. Pago por talón, contrareembolso ou xiro postal.

■ **Oferta de discos e casettes**. Prezos interesantes. Señor Baños (986) 41 34 96.

■ **Grupo de novas músicas, con experiéncia, precisa baixista e percusionista**. Teléfono (986) 28 03 16.

■ **Oferécese director de bandas de música popular**. Teléfono (986) 41 34 96. Sr. Baños. Vigo.

■ **Çopyright** (leia-se "sopirrait") é uma publicação electrónica não-comercial de **pensamento, crítica e criação em galego-português**. O seu endereço na Internet é: **http://www.udc.es/dep/lx/cac/sopirrait**. Nascida em 17 de Maio de 1996 e originada na Corunha, **Çopyright** já leva dez números. Visita **Çopyright** e colabora.

■ **Gralha Nº 12. Especial Bóveda**. 60 anos da guerra. Notícias. Envio gratuíto. Apartado dos Correios 678. 32080

■ **Mercedes 300 Turbo Diesel impecábel**. Con todas as extras. 90.000 Km. reais. Aforre 3.000.000. Prezo de ocasión por ausentarse só 4.000.000 pta. Máis informes: (986) 37 06 53.

■ **Se acreditas no Reintegracionismo e moras en Ponte-Vedra ou arredores**, pom-te en contacto coa **Assembleia Reintegracionista Ene Agá**, através de carta no Apartado dos Correios 266 de Ponte-Vedra, ou por telefone nos números (986) 84 47 29 (Henrique) ou (986) 85 94 58 (Ramom). Qualquer colaboraçom é Bem-vinda!

■ A **Asembleia reitengracionista Ene Agá** de Ponte-Vedra pom à venda camisolas grises ilustradas com 28 personages históricas da Galiza ao preço de 1.000 pta. unidade. Pedimentos nos telefones (986) 84 47 29 (Henrique) ou (986) 85 94 58 (Ramom).

■ **Alúgase piso amoblado, moi céntrico, na Guarda**. Tamén se vende finca de 1470 metros cadrados na entrada da Guarda. Teléfono (986) 61 15 60.

■ **O colectivo antimilitarista *Corneta Objecta (ANOC)*** vai editar um cuadernilho (formato compact disk) com contos, poesias, debuxos e qualquer traballo que faga referéncia ao antimilitrismo. Quen desexede colaborar pode enviar as obras, máximo um fólio, a: Corneta Objecta (ANOC) Apart. 1.024, 27.080 Lugo. Até o 4 de Outubro.

■ **Compro selos** para franqueo con ou sen goma, usados e tarxetas telefónicas. Apart. 32.004 28048 Madrid.♦

Encrucillada

XOAN COSTA



Horizontais:

1. Sitio que pode ocupar algo ou alguén **5**. Ir para fóra **6**. Contracción **8**. Natural de Rusia **9**. Un máis un **11**. Dá voltas ao redor de algo **12**. Agarrar ou aguantar de algo **14**. Pronome persoal de primeira persoa **15**. Entregou a alguén **17**. Expresión para facer andar as cabalarías **18**. Arteria que leva o sangue desde o lado esquerdo do corazón **19**. Forma abreviada de tanto. **21**. Nese lugar **22**. Demostrativo que expresa proximidade a respecto de quen fala **24**. Pezas do esquelete **26**. Coñezo **28**. Ao revés, adverbio de afirmación. **29**. Que non cre en Deus **30**. Xera, funda **32**. Ao revés, símbolo do sodio **33**. Abelorios **34**. Faldras

Verticais:

1. O que xa pasou **2**. Corrente natural de auga que desemboca noutra, nun lago ou no mar **3**. Voz de mando **4**. Persegue sen descanso **5**. Punto cardinal oposto ao Norte **7**. Distintos **8**. Mostrou alegría **9**. Sentimento de pena, compaixon. **10**. Ao revés, cabeza de gando. **11**. Movemento feito coa cara ou mans parea expresar algo **12**. Moi finos ou delgados **13**. Envés, reverso **16**. Parecía **18**. Toma nota **20**. Peza saínte que teñen algúns obxectos e serve para collelos **22**. No plural, espacio de terra próximo á casa e usado para mallar os cereais **23**. Irmá do pai ou da nai **25**. Parte da cabeza que está entre os ollos e as orellas **27**. Produce eco **31**. Ao revés, igrexa episcopal. **33**. Expresa con palabras.

Caldo de letras

B	S	A	V	I	T	I	S	O	P	V	S
V	O	A	I	H	A	B	G	D	A	N	F
S	R	F	O	Ñ	L	T	O	F	R	A	A
L	N	S	I	O	V	C	F	X	G	R	R
E	S	P	I	R	A	L	M	A	I	O	R
V	I	M	O	S	R	V	M	U	N	V	E
M	U	O	T	N	E	V	O	I	A	L	T
C	R	R	G	A	L	A	X	I	A	A	A
B	O	B	C	M	L	F	G	A	P	S	S
S	O	T	E	L	O	B	L	A	N	C	O
F	A	E	X	T	S	I	A	R	E	X	N
K	B	Y	V	I	A	L	A	C	T	E	A

Catorce nomes de editoriais galegas.

SOLUCIONS A ENCRUCILLADA

Horizontais
1. PRAZA 5. SAIR 6. CO 8. RUSO 9. DOUS 11. XIRA 12. SOSTER 14. EU 15. DEU 17. ARRE 18. AORTA 19. TAN 21. AI 22. ESTE 24. OSOS 26. SEI 28. IS 29. ATEO 30. CREA 32. AN 33. DOAS 34. SAIAS

Verticais
1. PASADO 2. RIO 3. AR 4. ACOSA 5. SUR 7. OUTROS 8. RIU 9. DO 10. SER 11. XESTO 12. SUTIS 13. REVES 16. ERA 18. ANOTA 20. ASA 22. EIRAS 23. TIA 25. SENS 27. ECOA 31. ES 33. DI

SOLUCIONS AO CALDO DE LETRAS



O nacimento da banda deseñada é anterior á aparición do *Yellow Kid*. Bedeteca de LISBOA

21 h. Sábados de 17 a 21 h. e Domingos de 11 a 14 h.

ALFONSO ABELENDA

Obra do humorista gráfico e pintor coruñés encadrado na nova figuración, Alfonso Abelenda, do 4 ao 17 de Setembro na Nova Sala Caixavigo.

FRANCIS PICABIA

Chega ao Centro cultural Caixavigo a mostra titulada *O soño español*, coa obra do artista dadá francés Francis Picabia (1878-1953). De Luns a Venres de 18,30 a 21,30 h., Sábados de 12 a 14,30 e de 18,30 a 21,30 h., e Domingos de 12 a 14,30 h.

GRAVADOS DOS 90 DE LAXEIRO

A Casa das Artes mantén aberta a mostra dos gravados realizados nesta década polo nomeado pintor. No mesmo local pódese visitar a exposición permanente da Colección Laxeiro do Concello de Vigo, unha vizosa escolma de máis de 40 cadros que percorren diferentes épocas do autor. Abre até o 30 de Setembro, de Luns a Venres de 11 a 14 e de 17 a 21 h. Sábados á tarde e Domingos á mañá.

MUSEU QUIÑONES DE LEON

A Casa das Artes acolle até o 29 de Setembro, as últimas obras adquiridas polo Museu Municipal de Vigo desde 1990. Horário: de Luns a Venres de 11 a 14 e de 17 a 21 h. Sábados á tarde e Domingos á mañá.

Porto

■ **TEATRO**

REPRESENTACIONS NO SÃO JOÃO

O Teatro Nacional de São João do Porto apresentou a sua programación até final de ano. Unha producción própria do **Grande Teatro do Mundo** de Calderón de la Barca ocupa os primeiros pases, do 19 ao 27 de Setembro e do 12 ao 27 de Outubro, baixo a dirección de Nuno Carinhas e cenografia de Nuno Lacerda. O texto de Gil Vicente **A Tragicomédia de D. Duardos** dirixido por Ricardo Pais e con cenografia de António Lagarto, ten a sua reposición do 6 ao 17 de Novembro excusada polo éxito acadado a finais da anterior tempada. Logo virá, do 6 ao 15 de Decembro, **Duas semanas co presidente** de Mary Morris, nunha adaptación de António Feio con música de Paulo Currado. António Feio tamén dirixe e traduce a obra de Neil Simon **Perdidos en Yonkers**, en Decembro do 20 ao 27, unha montaxe promovida no Projecto Intercidades do Ministério de Cultura xa estreada en Lisboa.

Lisboa

■ **EXPOSICIÓNS**

A BD NORTEAMERICANA ANTES DO *YELLOW KID*

Unha mostra comisariada por Carlos Pinheiro, que ven demostrar que xa habia cómics antes de Outubro 1896. O ano da aparición do *Yellow Kid* en EEUU tomado como nacimento da BD, da que se celebra este ano o centenário. A Bedeteca de Lisboa expón numerosos exemplares de revistas norteamericas, nomeadamente de *Puck* e *Judge*, con debuxos moi feitiños e ben conservados que datan de 1890. A Bedeteca fica instalada no Palácio do Contador en Olivais Sul. Teléfono (07-3511) 853 79 41.

■ **MÚSICA**

TINA TURNER

No Estádio d'Os Belenenses o vindeiro Domingo 22 de Setembro. Información no (07-3511) 397 94 22.

MULLERES NO JAZZ

A Projazz Fundation promove este concerto duplo no que concorren dous nomes importantes do jazz actual. **Diane Kral** e **Jane Ira Bloom**, cantante e saxofonista. A primeira cun album recente moi loubado pola crítica e a segunda coñecida en Portugal pola sua brillante actuación no Guimarães Jazz en 1994. Será o vindeiro 19 de Outubro no auditório do Centro cultural de Belem.♦

Impreso en papel reciclado de 60 gr./m² Greencare 50

A NOSA TERRA

DIRECTOR: Alfonso Eiré López EMPRESA XORNALISTICA EDITORA: Promocións Culturais Galegas S.A. PRESIDENTE: Cesáreo Sánchez Iglesias
Príncipe, 22, planta baixa (36202) Vigo. Telf.: Administración, Subscricións e Publicidade (986) 43 38 30*. Redacción (986) 43 38 86 - 22 24 05. Fax (986) 22 31 01.

• 12 DE SETEMBRO • 1996 • Nº 743 • ANO XIX •

0 0743 8 400021 303104

En Chantada o governo do PP non puido impedir o cámbio do nome das ruas

A homenaxe aos demócratas represaliados chega ás vilas

PAULA BERGANTIÑOS

Paseando pola rua do *Generalísimo* un veciño cavila no acto de homaxe ao mártir. É a rua do *Generalísimo*, pero tamén podia ser a da *División Azul*, a do *General Mola* ou a de *Primo de Rivera*. Sesenta anos despois do levantamento militar o Partido Popular négase a cambiar os nomes das ruas que fan honor á ditadura namentras formacións nacionalistas e asociacións de veciños esixen a retirada destas placas e traballan na recuperación da história dos mártires do 36. En Chantada o despiste do governo municipal cobrouse catro nomes

A falla de asisténcia a un pleno de dous concellais do PP, permitiu que proposperan cinco mocións apresentadas pola formación nacionalista *Chantada Nova*. Na última esixiase que o governo municipal retirase a placa de *Álférez Provisional* dunha das ruas do concello e que fose sustituida por *Praza de Alexandre Bóveda*. Aproveitando a minoria dos populares, *Chantada Nova* incluiu na sua moción catro ruas máis. Asi as ruas de *Alférez Provisional*, a do *General Franco*, a do *Alférez Baanante* e a de *José Antônio Primo de Rivera* coñeceránse a partir de agora como rua *Alexandre Bóveda, Avenida de Lugo, Lamas das Quendas* e *Mariano Cedrón*, repectivamente.

Con anterioridade a formación nacionalista apresentara en tres ocasións iniciativas no concello esixindo o cambio de denominación das placas que lembraban aos protagonistas do levantamento militar do 36. Daquela as mocións nen sequer contaran co apoio dos concellais do PSOE.

Praza de *Galiza Mártir* en Porriño

Durante tres horas conservou unha praza de Porriño o nome de *Praza de Galiza Mártir*. Nun acto simbólico convocado polo BNG tapouse cun rótulo a placa que insica que o lugar segue a levar o nome de *Praza do Generalísimo*.. A iniciativa da formación nacionalista chegaba logo de que o governo municipal do PP non aceitara mudar a actual denominación.

Rua de Mondariz que mantén o nome do Ditador. Poñerlle á rua Capitán Eloy de Ourense o nome de Castelao, custoulle aos promotores multas de máis de 500.000 pesetas no ano 1979. Hoxe segue campando a mesma placa.

A só dez quilómetro, en Ponteareas, tampouco prosperaron as iniciativas do BNG que tiñan como obxecto modificar a nomenclatura das ruas. Na vila pontevedresa tamén segue existindo unha praza que lembra a Franco. O que até o de agora non puido evitar o governo municipal foi que os veciños se refiran á *Praza do Generalísimo* como a *Praza do Cabezón*

Fene lembra ao párroco republicano

O párroco do Val do Xestoso, Andrés Ares Diaz, fusilado en Fene no 1936 é o único caso coñecido en Galiza no que as forzas franquistas fusilaran a un crego. Coincidindo co 60 cabodano da sua morte, a iniciativa dunha comisión de veciños encabezada polo párroco de Barallobre Elias Seoane, o crego será homenaaxeado o vindeiro 3 de Outubro. No programa de actos está previsto a celebración dun funeral na igrexa de Barallobre e a descuberta dunha lápida no cemitério parroquial.

Andrés Ares, de 45 anos, morreu en Barallobre o 3 do outono de 1936, ás 11 da noite consecuéncia, segundo consta no Rexistro Civil de Fene, das "feridas que recibiu por arma de fogo, ao pretender fugarse cando pola forza da orde era conducido a practicar unha dilixéncia". Posteriormente o Xulgado de Pontedeume abreu un sumário para esclarecer as causas que rodearon a sua morte. Segundo as conclusións do sumário a Audiéncia Provincial da Coruña considera demostrada a perpetración dun delito.

Noutra vila galega, Maceda, unha exposición sobre a vida de Benigno Álvarez e unhas xornadas de debate serán os actos centrais dunha homenaxe popular que se celebrará na primavera do vindeiro ano co gallo do 60 cabodano do seu pasamento. Con estes actos o BNG de Maceda tentará, a través dunha comisión veciñal, materializar unha inicativa parida polo governo municipal antes da moción de censura. Até o de agora os veciños ainda se manteñan a espera de que o Partido Popular cumpra o acordo dun pleno municipal no que se decidirá adicarlle unha rua a Benigno Álvarez.

Este 60 aniversário do golpe franquista está servindo, por primeira vez desde os anos imediatos á morte de Franco, para que xurdan iniciativas populares de homenaxe ás vítimas da sublevación. A teima da dereita, en ocasións apoiada polo PSOE, foi sempre que non se debia "remexer no pasado". A devandita argumentación serviu para que moitas cidades galegas conserven unha manchea de símbolos da Ditadura: nomes de ruas, placas do *Ano da Vitória*, ou gravuras en pedra co *nome dos caidos*.♦

Os ollos do demo

XELIS DE TORO

Mr. Blair, o líder dos laboristas británicos, sufriu unha das transformacións máis radicais na historia política mundial. Isto que podía ser o titular de reclamo dunha programación de feira, ao lado da vaca de sete cabezas, a muller barbuda, e o forzudo Dimas: pode ser tamén o titular dun comentarista dedicado a seguir as noticias dos medios británicos. Mr. Blair pasou de ser caracterizado como Bambi a ser caracterizado como o demo.

Se ben é certo que os conservadores británicos semellan moitas veces sair das catacumbas dos tempos prehistóricos, saudosos de tempos, glorias, morales, imperios, perdidos na noites dos tempos; non é mentira que os seus asesores publicitarios coñecen e saben utilizar ao seu favor os modernos medios de comunicación, e son quen de orquestrar campanas dun grande impacto.

A campaña comenzou co rostro de Blair, ao que se lles arrinca a tira dos ollos e no seu lugar aparecen os ollos do demo (O lema: *Novo laborismo, novo perigo*); a segunda imaxe é a imaxe dunha carteira e dentro vense os ollos do demo (*Novo laborismo, novos impostos*).

A campaña foi criticada desde medios independentes aducindo que da entrada a un tipo de campaña suxa de ataque ao adversario no que se evade o debate político. ¡Pero quen esta falando do debate político! O partido conservador leva dezasete anos no poder e vai utilizar todo o que faga falta para pasar outros dezasete anos e pico. E xa dixeron que precisamente por ser tan polémica a campaña é altamente productiva, precisamente por convertirse en noticia.

O partido laborista segue levando unha distancia nas enquisas que leva trazas de bater todos os records; sen embargo a pesar da enorme popularidade acadada pola campaña de rexuvenecemento en ideas, lideres, etc. O novo laborismo non semella atoparse a gusto na televisión, nas fotografías, fáltalle frivolidade.

Volvendo ao dos ollos, seria quizais un bo consello a Mr. Blair que puxese gafas aínda que sexan unhas miserables Rayban.♦

VOLVER AO REGO

Manuel Fraga é un presidente motorizado que vai deixando os *volvos* polas cunetas. Na sua visita a Madrid ia de maratón *sprintando* pola Castellana abaixo en dirección contrária e atronando coas bocinas dos cinco coches que ian de escolta. Como en *Benvido Mister Marshall*, pero ao revés, correndo de ministério en ministério, esmolando unha vaquiña a toda presa para rexouba duns ministros que ven nel a patética estampa dun padriño acabado. De risa, se non for porque é o presidente do noso país.♦

OFERTA EN VÓS

IDA E VOLTA				SÓ IDA	
Buenos Aires	119.000 ptas.	Quito	128.000 ptas.	Buenos Aires	82.000 ptas.
São Paulo/Rio	106.000 ptas.	Milano	63.000 ptas.	São Paulo / Rio	69.000 ptas.
S. José	128.000 ptas.	Amsterdam	63.000 ptas.	Amsterdam	41.000 ptas.
Toronto	89.600 ptas.	Bogotá	118.000 ptas.	Paris	17.900 ptas.
New York	98.000 ptas.	Asunción	135.000 ptas.	Geneva	39.500 ptas.
London	45.500 ptas.	Trieste	78.000 ptas.	Frankfurt	39.500 ptas.
Santiago de Chile	127.000 ptas.	Florença	78.000 ptas.	Bruxelas	48.000 ptas.
Paris	33.900 ptas.	Roma	78.000 ptas.	Dusseldorf	35.000 ptas.
Lima	122.500 ptas.			Hamburg	36.700 ptas.

Servizo personalizado con transporte ao aeroporto e asisténcia embarque sen cargo

MINHO EXPRESSO
VIAGENS
SAIDA DO PORTO

TELF. (07 - 35151) 82 48 93 - FAX 23 798 — VALENÇA DO MINHO

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA VIGO